Como ya había mencionado, entre los primeros trabajadores que llegaron a Vigo para incorporarse al Cable Alemán estaba Franz Joseph Steinbrüggen. Casado con Hela Klinhart, su hijo Francisco Steinbrüggen Klinhart siguió los pasos de su padre y trabajó en las oficinas de esta empresa como operario de telecomunicaciones hasta 1939. Al estallar la guerra, fue llamado a filas, partió para Alemania y con aquel viaje comenzó su periplo por los campos de batalla (desde formar parte del Africa Korps hasta acabar en un campo de prisioneros alemanes en Estados Unidos). Al término de la Guerra Mundial, regresó a Vigo y trabajó para los astilleros Barreras y Künne y, finalmente, fundó la única tienda que reparaba radios, en la calle Joaquín Yáñez. Los vigueses conocían su tienda como Paco Radio, como también conocían y conocemos la escultura del obrero de metal que su sobrino Willy Steinbrüggen inauguró en 1978 o 1979 en la Praza da Industria, una metáfora de la industria a la que alude el nombre de la plaza en la que se encuentra y una metáfora también de la condición industriosa y emprendedora de la colonia alemana de Vigo a la que pertenece su autor.

Entre los agentes comerciales que aparecen en el *Anuario de Vigo* en los años de la Segunda Guerra Mundial y los inmediatamente posteriores nos encontramos con Nanning Arfsten, que en plena guerra (hacia 1942) abrió y dirigió la delegación de la Siemens en Vigo (distribuyendo motores eléctricos para barcos y para empresas conserveras), y Otto Louis Schünemann, que trabajó como jefe de ventas de esta empresa alemana y al que su pasado masón¹² le impidió ingresar en el Partido Nazi y le llevó a ser procesado por el régimen de Franco en 1944 (Lamela 2008). Su causa quedó archivada tanto por su amistad con Karl A. Vorkauf, que dijo que era su amigo y que había sido admitido en la organización que este dirigía, el Frente del Trabajo, como porque la victoria en la Guerra Mundial de las naciones democráticas y comunistas impedía que el régimen de Franco pudiera represaliar a los masones que fueran ciudadanos extranjeros. El régimen del general español debería conformarse entonces con represaliar a los masones españoles.

No podemos olvidarnos de uno de los miembros más activos desde el punto de vista económico de la colonia alemana, Otto Gerdtzen. Almacenista amigo de Karl Brendinger, un viajante de la empresa de Karl A. Vorkauf del que ya he

¹² Entre 1930 y 1933 perteneció a la logia masónica «Vicus nº 8».

hablado, desde 1910 aparece en Vigo como armador de buques de pesca, propietario de negocios de accesorios y recambios para automóviles, vendedor de maquinaria y motores e industrial del ramo de hierros y metales y del de lubricantes. Además de todo esto, importaba de Alemania seda para la confección de cedazos y, lo que no es una cuestión menor, era propietario de una mina de wólfram en Silleda, cuya producción aumentó un 50 % en los años de la Guerra Mundial. En 1944, compró una factoría de salazón en Rande (Redondela) que incluía un muelle. Después de la Guerra Mundial, desde 1948 se dedicó a producir conservas de sardinas en aquellas instalaciones, primero sin dejar la salazón, y desde 1952 se centró en las conservas, actividad que cesó tres años después.

Sin considerarlos parte de la colonia alemana de Vigo, pero sí como parte de los alemanes que coyunturalmente se establecieron alrededor de Vigo, podríamos tener en cuenta a las dotaciones de los buques germanos que pasaron alguna parte del tiempo de la Guerra Mundial en las aguas de nuestra ría o en residencias próximas a ella, como Adam Kwuka, el capitán del mercante Bessel, fondeado en Vigo durante la guerra y que abasteció a sumergibles alemanes que entraron en nuestra ría entre 1940 y 1941. Si tuviéramos que hacer caso de los informes secretos que el Consulado de Gran Bretaña en Vigo y la embajada británica de Lisboa hacían llegar al Ministerio de Asuntos Exteriores inglés, habría unos 800 hombres alrededor de Vigo en 1941 que formaban parte de tripulaciones de submarinos germanos, descansando en barcos mercantes de este país o en residencias asomadas a la ría de Vigo a la espera de relevar a otros compañeros suyos en la dotación de algún submarino. Esta es la cifra que se baraja en varios documentos, uno de ellos clasificado como «secret & confidential», fechado el 26 de mayo de 1941 (el documento se encuentra en los National Archives, en Kew Gardens, Londres) y en el que se recogen los informes de un agente llamado Coutinho y que la embajada británica de Lisboa hizo llegar entonces al Ministerio de Asuntos Exteriores inglés; pero, como se dice en *Marea roja, marea negra* (Salgado 2008), la cifra de 800 marinos alemanes descansando en el entorno de la ría de Vigo de la que habla la inteligencia británica se refiere seguramente a los marinos mercantes y no a miembros de la dotación de los U-Boote, dotación que, por ejemplo, en el caso del modelo al que pertenecía el U-760 ascendía a unos 50 hombres. Aquel submarino pasó buena parte de la Guerra Mundial amarrado en el puerto de Vigo desde que, en septiembre de 1943, después de ser atacado por un hidroavión

aliado, fuera rescatado a pocas millas de las islas Cíes por una pareja de pesqueros de Bouzas y lo remolcaran hasta este puerto.

Menos información tenemos de otros miembros del Partido Nazi como Félix Kutchera¹³, Alfred Shulz, adjunto al consulado alemán, Karl o Eduard Arnold¹⁴ y Robert Baalk¹⁵. Estos y otros nombres dan fe de la importancia de Vigo y su puerto, tanto durante la guerra en el espionaje como a su término, en la operación ODESSA, para poner a salvo en Hispanoamérica a jerarcas nazis. Finalmente, debemos anotar el número importante de técnicos alemanes que trabajaron para firmas como Álvarez (como el grabador de cerámica Richard Bürger) o Erka¹⁶ o ingenieros que llegaron a Vigo para ponerse al servicio tanto de empresas de su país como viguesas. Por ejemplo, los armadores germanos que compraban barcos en astilleros de Vigo como Hijos de J. Barreras, Vulcano o Santodomingo enviaban a esta ciudad ingenieros para inspeccionar la marcha de la fabricación de los barcos, ingenieros como Adolf Meyer o Wilhelm Vendt, que aparecen en el registro de entrada de extranjeros en el puerto de Vigo en los años de la Guerra Mundial.

Después de los años de la Guerra Mundial, la demanda de ingenieros alemanes para las empresas de Vigo siguió presente durante mucho tiempo y acabó ampliando el número de familias alemanas y, sobre todo, de familias mixtas (con matrimonios formados por alemanes y jóvenes viguesas) en mi ciudad. Al final, los negocios de los alemanes acabaron siendo los negocios de muchas familias viguesas y los intereses de unos y de otros se sumaron para escribir juntos una página de la historia empresarial de Vigo, aunque aquella colonia nunca volvió a ser tan influyente en el desarrollo económico de la ciudad como en los años de entreguerras y de la Segunda Guerra Mundial, tal y como evidenció el cierre de su colegio en 1976 con solo un 2 % de alumnos alemanes.

¹³ Traductor que trabajaba como secretario en la empresa de Karl A. Vorkauf.

¹⁴ Aparece con estos dos nombres, Karl y Eduard, y sería responsable de la red de mensajería secreta entre nuestro puerto y los puertos sudamericanos.

¹⁵ Ayudaba en la evacuación de nazis desde el puerto de Vigo hacia América.

¹⁶ Estaba en la calle Pino, era propiedad de Ernesto Keschull y elaboraba limpiametales, betunes y tintes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ABAD GALLEGO, Xoán Carlos (2008): *Cen personaxes en torno a unha guerra*, Vigo, Instituto de Estudios Vigüeses.
- CABANELAS, José Ramón (2013): *Vía-Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigüeses.
- GIRÁLDEZ LOMBA, Antonio (2014): *Vigo y su colonia alemana durante la Segunda Guerra Mundial*, Vigo, Instituto de Estudios Vigüeses. Véase en este libro con más detalle la bibliografía y las fuentes en las que se basa la mayor parte del texto.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio / Javier RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (eds.) (2012): *War Zone. La Segunda Guerra Mundial en el noroeste de la Península Ibérica*, Madrid, Eneida.
- LAMELA GARCÍA, Luís (2008): *A represión da masonería vigüesa*, Vigo, A Nosa Terra. (Colección O fardel da memoria).
- SALGADO RODRÍGUEZ, Juan Carlos (2008): *Marea roja, marea negra. Guerra en el mar. (Una crónica de la II Guerra Mundial en el norte de España)*, Valladolid, Galland Books S.L.N.E.
- VÁZQUEZ DE PARGA IGLESIAS, M^a de los Ángeles (2005): *Entre dos guerras. Mis Memorias*, Mos, Obradoiro Gráfico. [Editado por su hijo y cónsul de Alemania en Vigo Rodolfo Hinrichs].

FUENTES

- Archivo-Biblioteca de la Cámara de Comercio, Industria y Navegación de Vigo: correspondencia comercial sobre artículos alemanes vendidos en Vigo.
- Archivo Municipal de Vigo: colecciones de los periódicos *Faro de Vigo* y *El Pueblo Gallego* entre 1936 y 1945 y el año 1976.
- Archivo del Ministerio de Asuntos Exteriores de España, en Madrid: expedientes sobre bloqueo de bienes extranjeros en España entre 1945 y 1953 (Cable Alemán, empresas como Vorquímica S. L., Colegio Alemán, etc.).
- Archivo Político del Ministerio de Asuntos Exteriores de Alemania, en Berlín: documentos sobre el Colegio Alemán de Vigo y sobre la residencia de empleados del Cable Alemán.
- National Archives, en Kew Gardens, Londres: informes sobre Meino von Eitzen, correspondencia entre el Consulado de Gran Bretaña en Vigo y la Embajada de Gran Bretaña en Madrid y otros citados en el texto.

OS «MARISCOS» DE RUSIA. ALGUNHAS NOTAS SOBRE GALICIA E A DIVISIÓN AZUL

Xosé M. Núñez Seixas

Universidade de Santiago de Compostela /
Consello da Cultura Galega

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.003](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.003)

A *División Española de Voluntarios* xurdiu a finais de xuño de 1941. Foi unha iniciativa do partido único (*Falange Española Tradicionalista y de las JONS*, FET), axiña apadriñada polo réxime franquista no seu conxunto, como un corpo de combatentes voluntarios recrutado para participar a carón do III Reich e os seus aliados na invasión da URSS. Até os primeiros días de xullo centos de voluntarios alistáronse na que sería alcumada División Azul (DA). A unidade compúxose nun comezo por algo máis de 17 000 soldados de infantaría, sen equipamento pesado. Engadíronse a eles dezasete aviadores, que conformarían a Escuadrilla Azul. Nun comezo, FET encargárase de fornecer os efectivos de tropa, e o exército aportaría os oficiais e dous terzos dos suboficiais e persoal especialista, ademais da tropa alí onde non abundasen os voluntarios civís.

A División Azul constituiría un caso peculiar dentro das unidades estranxeiras que combateron a carón do III Reich. Non era un exército regular dun país belixerante contra da URSS, caso de Finlandia, Hungría, Romanía, Italia ou Eslovaquia, pois España mantivo a súa non belixerancia. Tampouco era unha unidade de voluntarios fascistas adscrita ás *Waffen SS*, coma os flamengos, noruegueses ou holandeses. Os españois desfrutaban dun status específico: eran a 250ª División de infantaría da *Wehrmacht*, e vestían o seu uniforme, cun distintivo propio na manga; emporiso, estaban suxeitos ao código de xustiza militar español. Primeiro comandante en xefe sería o xeneral Agustín Muñoz Grandes, un militar madrileño que servira en Marrocos, dirixira a Garda de Asalto durante a República e era ben visto polos falanxistas.

Entre marzo de 1942 e outubro de 1943 varias expedicións de relevo levaron a Rusia case trinta mil voluntarios adicionais. Todos eles foron despregados no sector setentrional da fronte, primeiro no sector do río Vólkhov e lago Ilmen (outubro de 1941-agosto de 1942), e máis tarde no flanco meridional do cerco de Leningrado (agosto de 1942-finais de 1943). Logo da retirada da División por parte de Franco, obrigado polas presións diplomáticas dos aliados, permaneceu aínda un continxente máis reducido (2300 homes) de combatentes en terras rusas, a chamada Legión Española de Voluntarios ou Legión Azul, repatriada pola súa vez en marzo de 1944. Dende maio dese ano, arredor de medio milleiro de españois loitaron até a caída de Berlín en diversas unidades da *Wehrmacht* e das *Waffen SS*.

A División Azul foi e é obxecto dunha ampla e moi desigual atención historiográfica e publicística. A maioría dos estudos ocupáronse de aspectos moi concretos da súa participación na guerra de exterminio desencadeada pola Wehrmacht na fronte do leste: dende descrições minuciosas dos seus feitos de armas até o papel xogado pola División na evolución das relacións diplomáticas entre a España de Franco e o III Reich, pasando por un monllo de monografías apoloxéticas, e algúns estudos provinciais e rexionais de desigual valor¹. Poucos foron, porén, os achegamentos históricos de natureza profesional, e guiados por un enfoque anovado e propio da nova Historia social e cultural da guerra, que sitúe no seu foco a experiencia dos combatentes, as súas motivacións e as súas percepcións. No caso de Galicia a atención historiográfica e mesmo publicística foi até o de agora aínda máis reducida².

Dende o verán de 1941 serviron na DA voluntarios de extracción católica e falanxista, boa parte deles excombatentes da Guerra Civil no bando franquista, xunto de suboficiais e oficiais profesionais do exército. Para os militares, con experiencia de combate xa adquirida durante o conflito de 1936-39, era tamén unha oportunidade para facer méritos na súa carreira militar. Os oficiais de meirande gradación sumábanlles os que xa obtiveran na guerra colonial de Marrocos. A maiores, centos de voluntarios de orixe social mediana e baixa, cuxas motivacións non eran sempre idealistas, alistáronse para a fronte rusa, nomeadamente dende marzo de 1942. A composición social e ideolóxica da División Azul e das súas unidades sucesoras non foi, porén, moi diferente da que presentaban as diversas lexións de voluntarios europeos, ben como os corpos dependentes das Waffen SS que se sumaron á «Cruzada europea contra do bolxevismo», segundo os termos da propaganda nazi. Os móbiles ideolóxicos dos voluntarios foron máis variados do que a propaganda suxería. Houbo abofé moitos falanxistas radicais e idealistas que soñaban cunha *nova Europa*; canda eles alistáronse cristiáns militantes de Acción Católica, algúns tradicionalistas e o que podemos chamar

¹ Sen sermos exhaustivos, cf. Kleinfeld / Tambs (1979) e Bowen (2000). Do punto de vista das operacións militares e a historia diplomática, cf. Moreno Juliá (2004). Con fontes rusas de certo valor, Kovalev (2014). Boa parte das consideracións xerais que seguen, de non se indicar fonte específica, proceden de Núñez Seixas (2016, 2017, 2022).

² Cf. para o caso de Vigo Abad Gallego (2005). As páxinas que adica á División Azul Rolland (2006) son tan inúteis coma o resto dun libro indigno da letra impresa. Algúns datos inconexos en Fernández Santander e Fernández Navarro de los Paños (2021).

«franquistas de guerra», voluntarios que compartían os valores básicos do bando vencedor en 1939, pero sen grandes matices: orde social, catolicismo, principio de xerarquía, corporativismo... O verniz unificador que sen dúbida mancomunaba todas as vontades era o anticomunismo e o odio á Unión Soviética, ollada coma un demoníaco imperio do mal.

Xunto dos principios e cosmovisións, tiñan influencia nos combatentes outros incentivos. Nalgúns casos, o deveso de tomar as armas polos valores que non se puideran defender na Guerra Civil, quer por seren demasiado novos, quer por residir no que fora zona republicana até case a fin da guerra, caso de moitos voluntarios do sueste español, mais tamén de Madrid, ou caso de moitos que foron mobilizados á forza polo Exército Popular da República, ou foran activos en labores de espionaxe, sufriran cativerio ou persecución por parte das milicias obreiras ou dos servizos de orde e información da República. Participar na invasión da URSS era unha maneira de sentírense partícipes da comunidade moral dos vencedores, acceder aos beneficios laborais reservados aos excombatentes e, mesmo, vingar contas pendentes, como as penalidades sufridas na retagarda republicana.

Houbo sen dúbida voluntarios movidos por incentivos selectivos, de orde material. As simpatías ideolóxicas, o anticomunismo e os intereses adoitaban estar intimamente entrefebrados. No primeiro continxente que partiu en xullo de 1941 tiñan unha meirande presenza os falanxistas e os católicos anticomunistas, pero tamén os franquistas de guerra e excombatentes. É, con todo, problemático establecer porcentaxes. A DA non era unha «lexión» de fanáticos; tampouco era unha unidade do exército español sen máis, nin moito menos unha unidade de castigo cuxos compoñentes eran obrigados a alistárense. Nin a totalidade foron voluntarios, nin os móbiles de natureza material ou práctica deixaron de influír nunha porcentaxe significativa de voluntarios, sobre todo a partir de mediados de 1942, cando saíron os primeiros reemprazos. Nesas fornadas foron máis sobexos os que se alistaron pola dobre paga (alemá e española), para limpar un expediente pouco decoroso a ollos das autoridades, para desfrutar do status de excombatentes, para acurtar o servizo militar, ou sinxelamente porque sufriran coaccións directas ou indirectas por parte dos seus oficiais mentres servían no exército.

A executoria bélica da División Azul foi máis ben modesta, pois a maioría do tempo mantivo unha guerra defensiva e de posicións. Primeiro, na fronte do río

Vólkhov, ao norte e sur da cidade de Novgorod e do lago Ilmen; máis tarde, nun flanco do sitio de Leningrado. A monotonía da guerra de trincheiras, salferida de golpes de man, intercambios artilleiros e incursións, só foi interrompida por algunhas fases en que unidades concretas da División pasaron á ofensiva: foi o caso das operacións do Vólkhov entre outubro e novembro de 1941, das accións para aniquilar a chamada bolsa do Vólkhov, entre maio e xuño de 1942, e varias operacións menores. As unidades españolas estiveron maiormente fixadas ao terreo para conter o inimigo. Porén, non sempre foi unha fronte tranquila: os combates de Krasni Bor en febreiro de 1943, na fronte de Leningrado, cobraron case a cuarta parte das baixas totais da DA en poucos días. Así e todo, o número de mortos españois, uns 5000, foi reducido en comparanza con outras unidades da Wehrmacht no leste: apenas un 10,7 por cen dos efectivos, fronte a unha media do 27 por cen para o conxunto do exército alemán do leste, o *Ostheer*, entre 1941 e 1945³.

VOLUNTARIOS GALEGOS PARA RUSIA: OS NOVOS «MARISCOS»

Galicia non presenta, en xeral, grandes peculiaridades a respecto do patrón medio español. As cotas de voluntarios correspondentes a Galicia como rexión militar (capitanía xeneral) foron cubertos con regularidade, e non foi preciso reenchelos cos procedentes doutras rexións, como foi o caso de Cataluña. Non foi dos territorios que contribuíron con máis entusiasmo á campaña de Rusia, mais tampouco constituíu unha zona problemática na que atopar persoas dispostas a arrebolaren as armas.

Pódense sinalar, porén, algunhas notas específicas. Dunha banda, en Galicia non foron tantos os simpatizantes do bando franquista, ou os militantes falanxistas —incluíndo os máis novos do Sindicato Español Universitario (SEU) e da Frente de Juventudes (FJ)— que devecían por participar na campaña de Rusia por non teren a oportunidade de facelo en 1936-39, coma si era o caso en Valencia, no sueste español ou Madrid. Os falanxistas galegos e os «franquistas de

³ Cf. para unha comparanza Núñez Seixas (2018a: 116-17). Certo era, porén, que os picos de maior mortalidade na DA se deron nos meses de outubro-décembro 1941 (ofensiva do Vólkhov) e febreiro de 1943 (batalla de Krasni Bor), cando as súas baixas foron equiparábeis á media xermana. Igualmente, a metade das baixas alemás concentráronse no derradeiro ano da guerra, cando os españois xa se retiraran.

guerra» que combateran no exército insurxente fixeran xa servizos dabondo no 1936-39, algo importante na comunidade moral dos vencedores, pero tamén útil para atopar colocación nos diversos chanzos da Administración do Estado, grazas ás cotas e vantaxes outorgadas aos excombatentes. Tampouco existía en Galicia un grupo específico que cobrou certo protagonismo noutras zonas de España: os fillos, irmáns ou parentes de prisioneiros ou vítimas da represión na retagarda republicana, que en boa proporción se sumaron á División Azul.

Deste xeito, no distrito universitario de Santiago de Compostela non se albiscan entre finais de xuño e comezos de xullo de 1941 os trazos da afervorada axitación do estudantado falanxista que si se rexistraban en Madrid ou Valencia, malia cadrar a recruta de voluntarios en período de vacacións (finais de xuño). Houbo abofé membros do SEU compostelán que partiron cara a Rusia. Mais non se alistaron dirixentes relevantes do mesmo, ou de FET, *camisas viejas* da Falanxe galaica e líderes do SEU compostelán coma o coruñés Diego Salas Pombo —23 anos na altura, un dos poucos líderes seuístas de alto rango que non se alistou na División, quizais por sufrir secuelas dunha tuberculose contraída na Guerra Civil—, o ferrolán e conselleiro nacional de FET Jesús Suevos, certamente máis maduro (33 anos), o compostelán José María Castroviejo (32 anos) ou o tamén dirixente do SEU José Luis Taboada (23 anos), por citarmos algúns exemplos. Todos eles fixeran a Guerra Civil e serviran nas fronteas de combate, ou en postos da retagarda; algúns xa frisaban os trinta, e quizabes sentían que xa cumpriran co seu deber. A prensa galaica de orientación falanxista, a diferenza doutras cabeceiras no resto do Estado, tívoo máis ben difícil para salientar exemplos de falanxistas notorios que deran o paso á fronte en xullo de 1941, e houbo que recorrer ao caso dalgúns antigos xogadores de fútbol, tanto do Celta de Vigo como doutras equipas, que tiñan certa celebridade⁴.

Así e todo, os falanxistas tentaron impoñer dende un comezo, coma noutras partes, o seu selo específico ao continxente divisionario e á súa simboloxía. Cunha especificidade: en lembranza do que fora a «Legión Gallega» de cinco anos denantes, formada a partir de voluntarios falanxistas para combater en Asturias e noutras fronteas, a prensa referíase agora aos novos «mariscos», coñecido alcume

⁴ Por exemplo, o antigo dianteiro celtista Doldán ou Armando Vidal, xogador da Cultural Deportiva de Riomao. Cf. *El Pueblo Gallego* [EPG], 11.7.1941.

dos voluntarios galegos do bando franquista na Guerra Civil⁵. Algúns xestos simbólicos terminaron de subliñar eses paralelismos e o vencello co propio panteón de glorias e caídos falanxistas locais. Horas denantes de saír cara a Alemaña, o grupo da *Vieja Guardia* de Falanxe na Coruña, que partiu no continxente divisionario, recibiu nun acto íntimo organizado por FET no salón de sesións da casa do concello herculino, unha bandeirola agasallada polo gobernador civil, en cuxo reverso unha inscrición lembraba un dos fundadores da Falanxe na cidade e asasinado no 1936 en Paracuellos del Jarama, o militar retirado Juan Canalejo Castells, co propósito de facelo ondear na Praza Vermella de Moscova⁶.



Fig. 1. Voluntarios ourensáns para Rusia nos xardíns de Méndez Núñez, A Coruña, 15 de xullo de 1941 (arquivo do autor)

Ás dúas menos cinco da mañá do 16 de xullo saía da estación da Coruña, con destino a Hendaia, un comboio con 36 vagóns e un continxente total de 1200 homes, ao mando do comandante Rivera, que transportaba a meirande parte dos voluntarios para Rusia da Galicia toda, como capitanía xeneral. Os xornais locais chamaron aos *produtores* encadrados nos sindicatos e á poboación coruñesa a concentrárense na estación para despedir aos divisionarios, que encheran as rúas e bares da cidade nas horas previas. Unha banda de gaiteiros do Rexemento Zamora puxo o toque enxebre na cerimonia de despedida, executando tamén varios

⁵ Cf. Claas (2016: 261-300).

⁶ EPG, 15.7.1941; «Entrega de un banderín a los camaradas de la Vieja Guardia, que marchan a Rusia», *El Ideal Gallego* [EIG], 15 e 16.7.1941; «Entrega de un banderín a los 'mariscos' de la División Azul», *La Voz de Galicia* [LVG], 15.7.1941.

pasodobres. E a prensa ollaba na saída dos voluntarios cara á afastada Rusia unha esencial continuidade co que fora a partida de soldados galaicos para as fronteiras da Guerra Civil anos denantes⁷. Os agasallos tiveron continuidade noutras estacións galegas. Catro horas despois o tren era recibido en Lugo polas autoridades locais, e os voluntarios desfrutaron dun almuerzo. E horas máis tarde a expedición volveu parar en Monforte para ser agasallada de novo, mentres Intendencia Militar lles distribuía agora un xantar⁸. O ambiente no tren até chegar a Hendaia era distendido e ledado, non exento dalgúns incidentes.

Coma noutras cidades de España, oficiáronse nas principais urbes galegas misas para pregar pola sorte dos voluntarios, varias delas na catedral de Santiago de Compostela. Os franciscanos tamén organizaron o domingo 14 de setembro de 1941, día da exaltación da Santa Cruz, un vía crucis pola cidade para pregar a Deus pola División Azul, coroado polo himno *Cristo vence*. E dende mediados de setembro varias nais de divisionarios vigueses organizaron unha misa todos os venres na igrexa do Sagrado Corazón da cidade⁹. A finais dese mes o gobernador civil da Coruña, o xeneral de Cabalería Emilio de Aspe Vaamonde, clausuraba a asemblea da Acción Católica no teatro Rosalía de Castro, presentaba os «peregrinos» divisionarios como cruzados contra dos «sen Deus» e prometía sufragar unha misa semanal na súa lembranza. Dende aquela tiveron lugar misas periódicas de xeito rotatorio en varias freguesías coruñesas¹⁰. Igualmente, xa dende mediados de agosto as diversas delegacións galegas da Sección Feminina de FET puxeron en marcha a campaña de confección e recolleita de prendas de abrigo para os voluntarios. Os voluntarios galaicos desexaban cartearse con

⁷ «Despedida a los voluntarios gallegos», EIG, 15.7.1941.

⁸ «La Cruzada contra el comunismo. El paso de los expedicionarios por Lugo», *El Progreso* [EP], 17.7.1941; «Lugo tributó un cariñoso saludo a los voluntarios gallegos de la División Azul», EIG, 17.7.1941; telegrama do vicecónsul Cloos, Monforte de Lemos, 16.7.1941 (Arquivo Político do Ministerio de Exteriores, Berlín [PAAA], Reg. Pol. Allg. [RPA], Akten Deutsche Botschaft Madrid [ADBMM], Caixa 766).

⁹ EIG, 5 e 11.9.1941; «Exaltación de la Santa Cruz», *El Correo Gallego* [ECG], 13.9.1941.

¹⁰ «Por el triunfo de la División Azul», LVG, 23.9.1941; EIG, 23.9.1941; EPG, 1.10.1941, informaba do comezo das misas, matutinas, na igrexa de San Xurxo, ben como de que unha doante anónima sufragara os oficios para dous meses. Na procesión da virxe do Rosario, a comezos do mes seguinte, tamén se incluíron salves pola División Azul na praza de María Pita con participación activa dos familiares dos voluntarios coruñeses e do xefe provincial do Movimiento, o falanxista Diego Salas Pombo (EPG, 5.10.1941). En Compostela oficiábanse igualmente misas mensuais pola vitoria da División Azul na igrexa de Santo Agostiño (*El Compostelano* [EC], 5.2.1942).

madrinas de guerra da súa terra, e remitían alcumes *enxebres* como *Noite lóbrega*, *O rato* ou *Lamparón*¹¹.

Seguiu a esas mostras de entusiasmo e de mobilización dos sectores afíns ao réxime franquista unha tensa agarda. As novas dos voluntarios tardaban en chegar, malia algunhas conexións establecidas por Radio Nacional de España; e nomeadamente faltaron entre a saída da División do campo de adestramento alemán de Grafenwöhr a comezos de agosto, a súa longa marcha a pé por Polonia oriental, pasando tamén por parte de Lituania e chegando até Vitebsk, en territorio ruso conquistado, e a súa arribada á fronte do Vólkhov no outubro de 1941. Durante a marcha a pé dos divisionarios pola Polonia oriental, Lituania e parte de Rusia xa ocupadas, varios testemuños acreditan que atoparon un afiadador ourensán gañándose a vida naquelas terras. Outros tamén sinalaban que algúns divisionarios coñeceran unha criada polonesa, Pepa, que falaba galego por traballar ao servizo da escritora Sofía Casanova¹².

No derradeiro trimestre do ano 1941, mentres da fronte rusa chegaban novas xenéricas sobre os combates no Vólkhov, e arribaban as primeiras listaxes de caídos en combate, as institucións provinciais e o aparello organizativo de FET puxeron en marcha, coma no resto de España, unha ambiciosa campaña para recadar doazóns para o aguinaldo de Nadal da División Azul, á vista de que os voluntarios non ían retornar tan axiña como se supuña nun comezo. Ás doazóns contribuíron, en primeiro lugar, as institucións e organizacións de FET, pero tamén comercios e empresas locais, e un certo número de particulares; á vista dos non excesivos resultados obtidos¹³, organizáronse sesións e concertos, coma o celebrado no Salón Teatro de Compostela o 22 de novembro de 1941. A xestora da Deputación de Lugo, ademais de contribuír con mil pesetas para a campaña, tamén acordou obsequiar aos voluntarios da provincia cunha gaita galega, igual que fixera a Deputación coruñesa meses denantes¹⁴.

¹¹ «Diario de la División Azul. Correo», EPG, 2.9.1941; «Madrinas de guerra», ECG, 3.9.1941.

¹² Borobó: «Anacos. La señora de Lutoslasky», *La Noche* [LN], 28.1.1958.

¹³ Suxerían así os insistentes apelos da prensa local á poboación para contribuír á campaña. Cf. por exemplo «¡Dad vuestro Aguinaldo para la División Azul!», EC, 13.11.1941.

¹⁴ «Sesión de la Comisión Gestora de la Diputación Provincial», EP, 1.11.1941; «Obsequio de la Diputación a la División Azul», LVG, 13.7.1941.

Ao longo de 1942 e 1943 sucederíanse as iniciativas na fronte doméstica a prol dos voluntarios e dos que comezaban a volver de Rusia, moitos deles feridos ou mutilados: concertos, recitais ou partidos de fútbol benéficos, coma o que xogaron na cidade herculina o Deportivo e mais o Coruña o 29 de xuño de 1942. Os retornados da fronte dende os primeiros meses de 1942 foron obxecto de recepcións públicas máis ou menos concorridas nas estacións ferroviarias, reportaxes eventuais na prensa e diversas atencións públicas¹⁵. Andando o tempo, e cun fluxo esporádico pero constante de voluntarios que regresaban da fronte, as recepcións fixéronse cada vez máis privadas e discretas. Cando chegaron á Coruña, a mediados de abril de 1943, tres licenciados da DA, os xornais limitáronse a sinalar que se lles dispensara un «caluroso recibimiento por militares y paisanos»¹⁶.

Ao longo dos anos 1942 e 1943 seguían a ter lugar con certa frecuencia misas en lembranza dos caídos en Rusia. O ritual presentaba trazos comúns: adoitaban estar presentes as autoridades locais e provinciais (gobernador civil, alcalde e concelleiros, xerarquías militares e de FET, presidentes da Deputación, representantes de corporacións e entidades civís, cidadáns notábeis a título particular, formacións da Frente de Juventudes ou excombatentes). Presidía a cerimonia un túmulo cuberto co pavillón español (só ou coa vermella e negra falanxista, ás veces o pendón carlista) e unha coroa de loureiro aos pés, que simbolizaba o corpo ausente. Acotío, as institucións locais financiaban os oficios relixiosos, e as xefaturas de FET publicaban panexíricos fúnebres¹⁷.

QUEN ERAN OS DIVISIONARIOS GALEGOS?

As orixes sociais dos voluntarios da División Azul foron variadas, e non presentaron a mesma composición en cada unha das provincias. O perfil social do voluntariado tendía a reflectir as peculiaridades da estrutura social de cada provincia; con todo, constituía unha corrección á alza daquela, con meirande predominio

¹⁵ Por exemplo, a recepción tributada no palacio de María Pita a varios regresados coruñeses da fronte o 22 de xuño de 1942. Cf. «Agasajo a los voluntarios de la División Azul», ECG, 23.6.1942.

¹⁶ «Regreso de voluntarios de la División Azul», LVG, 20.4.1943.

¹⁷ Cf. por exemplo o funeral polo alférez Rodicio Casar en Ourense e mais a nota do SEU local (*La Región*, 23 e 27.11.1941).

dos sectores medios e medio-baixos, sobre todo na primeira vaga do verán de 1941. Nela, e nos primeiros reemprazos, houbo unha alta porcentaxe de estudantes universitarios, nomeadamente de provincias como Valencia ou Madrid. Noutros territorios, coma Huelva ou Córdoba, foron máis abondosos os xornaleiros, os parados e traballadores manuais, ben como a clase media baixa (empregados e traballadores de pescozo branco). Nas quendas subseguintes, a procedencia social dos combatentes da DA adquiriu unha tonalidade máis popular. Houbo entre eles unha alta proporción de soldados de leva, e mesmo de lexionarios, que foron recrutados nos cuarteis, máis dunha vez con métodos coercitivos¹⁸. Porén, non deixou de haber voluntarios máis ou menos idealistas despois da primeira expedición, e mesmo entrado o ano 1943, cando os que partían sabían ben que non ían participar nun paseo militar. A Xefatura de Milicias de FET en Santiago de Compostela tiña en agosto de 1941 doce voluntarios anotados na reserva, para cubrir baixas ou relevos. E Luis Magadán Neira, falanxista e tenente provisional durante a Guerra Civil, solicitaba aínda en marzo de 1943 «tomar parte en la Gloriosa División Azul que tan heroicamente lucha en Rusia», polo que pregaba que «en la primera expedición que salga de España se obligue a enrolarme en ella»¹⁹.

Varios órganos de prensa referíanse aos voluntarios que partían cara a Rusia en 1941 e 1942 como os «heroicos falangistas gallegos», que levarían a cabo a arelada vinganza contra do comunismo soviético. Mais: eran todos, ou a maioría dos voluntarios deste primeiro continxente, militantes de FET? De o seren, que tipo de falanxistas eran? Tratábase sobre todo de «camisas viejas» ou «vieja guardia», é dicir, militantes anteriores ao estoupido da Guerra Civil española, aqueles aos que se presupuña un meirande pedigrí fascista e un maior entusiasmo xermanófilo?

En áreas nas que FE desfrutara de certa implantación xa denantes da Guerra Civil, como Ourense ou a cidade de Vigo e os seus arredores, houbo un número relevante de falanxistas de «camisa vieja» que se alistaron para a fronte rusa. Na primeira expedición da División Azul participaron 246 voluntarios da bisbarra viguesa, deles un 30 por cen casados, segundo informaba a Delegación comarcal

¹⁸ Cf. datos en Núñez Seixas (2016: 91-98), actualizados e ampliados en Núñez Seixas (2022: 60-64).

¹⁹ Telegrama do alférez comarcal de Milicias de Santiago de Compostela, 2.9.1941 (Archivo General Militar General, Ávila [AGMAV], C.5254), e carta de Luis Magadán Neira ao xefe provincial de FET de Lugo, A Fonsagrada, 10.3.1943 (AGMAV, C.5253). O pedimento de Magadán foille denegado pola súa idade (25 anos).

da DA na cidade olívica²⁰. Emporiso, a Rusia non foron a maioría dos camisas vellas da Falanxe galega, e nin sequera a maioría dos falanxistas. Un informe interno da FET ourensá de outubro de 1941 recollía que, dos 97 voluntarios de milicias recrutados na provincia con antecedentes ou simpatías políticas coñecidas, había apenas 35 (algo máis dun terzo) que eran falanxistas. Entre eles, os falanxistas de *camisa vieja* non constituían a maioría, senón que correspondían máis ben ao perfil de militante incorporado ao partido após o 18 de xullo de 1936. E dos vigueses que caeron en Rusia entre 1941 e 1943, dez eran membros do exército (soldados que facían o servizo militar no intre de enrolarse, suboficiais e oficiais) e seis eran excombatentes da Guerra Civil. Só tres eran *camisas viejas* de Falanxe²¹.

Cómpre lembrar ademais que o anticomunismo militante e a afervoadada xermanofilia que podía levar a moitos a vestir con pracer o uniforme da Wehrmacht non eran só cousa dos falanxistas. Amosábo así a correspondencia recibida pola embaixada alemá en Madrid dende o comezo da Guerra Mundial. O notábel local de Cee Marcelo Castro-Rial Canosa degoxaba no xuño de 1940 á «inmensa Alemania el lugar y egemonia [*sic*] que en el mundo le corresponde»²². O mesmo facían varios mutilados de guerra ferroláns en xullo de 1941. O cura párroco de San Cristovo de Regodeigón (Ribadavia) saudaba ao Hitler «con todo el entusiasmo del alma». E tres excombatentes franquistas de Mugaridos transmitían os seus parabéns ao chanceler alemán polos éxitos na campaña dos Balcáns no maio de 1941²³.

²⁰ «Nuestros reportajes. Los otros héroes de la División Azul», EPG, 28.1.1942.

²¹ Informe do xefe provincial de FET, Ourense, 16.10.1941 (Archivo General de la Administración, Alcalá de Henares, 21/20558); Abad Gallego (2005).

²² O seu irmán, o novo catedrático falanxista de Dereito Internacional Juan Manuel Castro-Rial Canosa, participaría como voluntario na DA, ben como en varias delegacións culturais de signo falanxista. Colaborou así na revista *La Joven Europa. Hojas de los combatientes de la juventud estudiantil europea*, publicada entre 1942 e 1943 en varios idiomas e expoñente do vago europeísmo nacionalsocialista, ben como no Congreso Europeu de Estudiantes e Combatentes celebrado en Dresden no abril de 1942. Despois da Guerra Mundial, Castro-Rial tivo unha ampla carreira diplomática e académica, até o seu falecemento no 2005.

²³ Cartas de Marcelo Castro-Rial, Cee, 22.6.1940 (PAAA, Reg. Pol. Allg. 558/2, caixa 767); de Esteban Fernández, Francisco Lomba e José Mateo, Mugaridos, 13.5.1941; Manuel Rodríguez, Regodeigón, 11.7.1940 (PAAA, RPA, ADBM, 555/1, Caixa 764).

Esas mostras de adhesión incrementáronse dende a invasión da URSS. O vicecónsul alemán en Monforte de Lemos, o enxeñeiro e empresario mineiro Friedrich-Wilhelm Cloos, informaba así a finais de xuño de 1941 que na vila se rexistraba agora un grande «entusiasmo» polo III Reich. El mesmo recibía chamadas telefónicas acotío de veciños que se solidarizaban coa Grande Alemaña; e mesmo os cregos católicos, que até o daquela non se lle achegaban —pois ademais de nazi era protestante—, saudábano agora en tons afervoados. O cónsul na Coruña, pola súa banda, informaba nesa altura que o escudo do consulado británico da cidade aparecera manchado e tinxido de pintura, e xunto del debuxáranse senllos escudos de Alemaña e Italia. Na casa do cónsul inglés varias pintadas anónimas incluían lemas como «Los ingleses son piratas»²⁴.

Relixiosos, excombatentes e sectores acomodados constituían o celme da xermanofilia galega, igual que no resto da España. Mais quen si eran especialmente abondosos en Galicia eran os excombatentes da Guerra Civil. Moitos foran recrutados á forza en 1936-39; pero non poucos compartían tamén os valores do bando vencedor, quer por profesalos antes, quer por inzarse deles durante a guerra. Dunha mostra, aínda moi provisional, de 145 voluntarios de Milicias de FET correspondentes de maneira maioritaria ás provincias da Coruña e Lugo no 1941, 67 (43,5%) eran falanxistas e 99 (case dous terzos do total) eran veteranos da Guerra Civil. Igualmente, dos 50 voluntarios alistados na xefatura comarcal de FET de Compostela (xullo 1941), sabemos que 28 eran excombatentes da Guerra Civil²⁵. Porén, entre eles non eran tan sobexos os estudantes falanxistas, como si o eran noutras cidades universitarias. A Xefatura de Milicias de FET en Lugo, pola súa banda, notificaba a mediados de xullo de 1941 que os efectivos da súa «centuria militar permanente» sufriran moitas baixas, debido ao alistamento de boa parte dos seus membros para Rusia²⁶.

²⁴ Informes do cónsul alemán na Coruña, 1.7.1941, e do vicecónsul Cloos, Monforte de Lemos, 24.6.1941 (PAAA, Caixa 796, Geheimakten, 6/9, Spanische Freiwillige in Russland «Blaue Division», Bd. 1, e PAAA, RPA, ADBM, Caixa 766).

²⁵ Relación de voluntarios pertencentes á arma de infantaría, carros, metraladoras e artillaría, Santiago de Compostela, 3.7.1941 (AGMAV, C.5254).

²⁶ «Voz de la Falange», EP, 20.7.1941.

Táboa 1: Profesións declaradas por 145 voluntarios á División Azul, Xefatura de Milicias de FET da Coruña, 1941

Profesión	Número	Porcentaxe (%)
Labregos, mariñeiros	19	13,1
Traballadores non cualificados, xornaleiros	26	17,9
Traballadores non manuais e cualificados	55	37,9
Artesáns, pequenos comerciantes	7	4,8
Empregados e funcionarios de rango inferior/medio	21	14,48
Estudantes	9	6,2
Profesionais liberais, propietarios agrarios, industriais, comerciantes	3	2,06
Outras / desempregados	5	3,44
TOTAL	145	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir de AGMAV C.5253 e C.5254

Moitos divisionarios galegos, de feito, eran sarxentos e alféreces provisionais, de orixes sociais labregas máis ou menos acomodadas, pero tamén xornaleiros, traballadores manuais cualificados, artesáns e empregados, e algúns elementos pertencentes á clase media vilega e urbana. Pódese aventurar que o prototipo máis achegado de voluntario galego da División Azul respondía ao perfil de *franquista de guerra*, ademais do soldado de leva recrutado en cuarteis da península toda ou Marrocos, e aos oficiais do exército²⁷. Exemplos diso podían ser o sarxento ourensán José Grande; o tamén sarxento natural de Cuntis Ángel Escariz Viñas, primeiro caído da DA da provincia pontevedresa; o voluntario chantadino Carlos Otero de Arce, quen, logo de participar na Guerra Civil como alférez e tenente provisional, se alistou na DA, e á súa volta faríase oficial de Estado Maior; o sarxento natural de Vilaxoán Ramón Montenegro Bouzas, requeté na Guerra Civil e secretario de Milicias de FET na Coruña no 1941; ou o cangués Agustín Jáuregui Abellás, voluntario na Guerra Civil, quen despois de Rusia deveu oficial do exército e faleceu en Ifni no 1958.

²⁷ Para o que segue, cf. as fichas persoais dos voluntarios de milicias para a División Azul, en AGMAV, C. 5253 e 5254.

Todos eles tiñan en común unha serie de trazos xerais. Eran de orixe rural ou vilega, de familias labregas medias ou relativamente abastadas, católicas e conservadoras. Fixeran a guerra cos insurxentes e compartían unha serie de valores básicos: anticomunismo, catolicismo, tradición, lealdade a Franco, certa impregnación de valores fascistas, milicia e virilidade, admiración pola Alemaña nazi... Non eran fascistas xenuínos nin fanáticos, mais a milicia era xa o seu fogar, e inseríanse nunha cultura de guerra herdada da Guerra Civil. Ademais, a forza do grupo levava a moitos deles a alistárense de xeito colectivo, e ás veces case inconsciente. O ourensán Roque Laso achábase nun cuartel de Segovia en xullo de 1941, e alí alistouse para Rusia, levado en parte do exemplo dos seus camaradas; compartía con eles, porén, certa simpatía polo réxime franquista²⁸.



Fig. 2. O soldado melidense José Cabado na cidade de Hof (depósito de retagarda da DA), mediados de 1943 (arquivo de D^a M^a Xesús Cabado, Santiago de Compostela)

²⁸ Entrevista a Roque Laso e Manuel Varela por Abelardo Vázquez Pita, 1990 (Arquivo de Radio Nacional de España, Ourense).

Habíaos que respondían de maneira nidia ao perfil de militante falanxista, en moitos casos presa dun certo desencanto perante a deriva católico-tradiconalista do réxime. Vían na participación na campaña de Rusia unha fuxida cara adiante, pero tamén unha aposta polo triunfo do Eixe na guerra, na esperanza de que iso tería como consecuencia que Falanxe cobraría todo o poder na España, e o franquismo se faría plenamente fascista, fronte aos intereses da xerarquía católica, o exército e os sectores monárquicos e conservadores tradicionais. Encaixaban nese modelo os falanxistas ourensáns de *camisa vieja* Alfonso Rodríguez Becerra e o tamén alférez provisional José Román Feijoo, o ferrolán Andrés Mirás López, os coruñeses Enrique Salgado Torres e Raúl Goicoa Meléndez, o natural de Cirio (Pol), aviador e falanxista en Madrid José Cortón Díaz, ou os composteláns Alfonso López de Santiago, Ángel Teijeira Rodríguez e Julio San Luis. Da mesma maneira que o empregado municipal de Compostela José M^a Lamas, quen enviaba no novembro de 1941 un saúdo dende a fronte rematado cun «¡Arriba España! Heil Hitler ¡Saludo a Franco! Viva Alemania»²⁹. Seguiu a haber falanxistas militantes nas quendas posteriores, aínda que en menor contía. Un dos fundadores da Falanxe en Valdeorras denantes de 1936, Ricardo Llordén, convertérase durante a Guerra Civil en alférez e tenente provisional, cunha mutilación nunha man; porén, no setembro de 1942 enrolouse na DA nun dos batallóns de relevo, canda dous irmáns, dos que un volveu mutilado de Rusia³⁰. En fin, nesa categoría entrarían tamén personaxes como o *irredutíbel* Pedro Portela Ovalle, novísimo falanxista vigués e sarxento provisional, quen combateu despois da retirada da DA até maio de 1945 nas fileiras da Wehrmacht³¹. Aínda no xaneiro dese ano, Portela definíase nunha carta ao órgano berlinés en castelán *Enlace*, voceiro dunha sorte de

²⁹ «Carta de un voluntario de la División Azul, a los santiagueses», ECG, 16.11.1941.

³⁰ Cf. a nota necrolóxica de Ricardo Llordén, morto na batalla de Krasni Bor, en «El teniente Ricardo Llordén ha caído en Rusia», LVG, 16.7.1943.

³¹ Pedro Portela Ovalle (1925-2007) foi ao seu retorno un activo membro de FET e da Hermandad Provincial da DA de Vigo-Pontevedra, ben como dirixente salientado da Hermandad de Sargentos Provisionales, da que chegou a ser presidente. Traballou como metalúrxico e despois foi funcionario sindical. No 1970 foi candidato a conselleiro local do Movemento (EPG, 14.11.1970). Na Transición seguiu vencellado activamente á Falange e á extrema dereita local, e aínda foi candidato ao Senado nas eleccións xerais de 2004. Cf. a informativa entrevista que lle realizou Parrilla Nieto (2002).

nazismo colaboracionista español, como «este joven luchador de esta nueva Europa» e asinaba «¡Heil Hitler! ¡Arriba España! ¡Viva Alemania!»³².

Registáronse abofé outros perfís sociopolíticos entre os divisionarios galegos que obedecían a circunstancias máis ambiguas, e cuxos móbiles para ir a Rusia non semellaban ser o idealismo falanxista, anticomunista ou católico. Por esa razón, os propios servizos de vixilancia de FET peneirábanos. Velaí o caso do mecánico vigués Manuel Quintás Figueroa, alistado en xullo de 1941. Malia ser excombatente franquista na Guerra Civil, dende FET era considerado «sujeto de cuidado y de muy firmes convicciones de izquierdas», non católico (ou cando menos non practicante) e pouco fiábel politicamente. Outro exemplo ofreceríao o tamén vigués Ángel Rodríguez Rancaño, sen oficio, considerado de tendencias esquerdistas, fillo dos propietarios dunha leitaría pero mal conceptualizado polos veciños, lacazán e «sinvergüenza». Alistaríase na División, segundo un informe, soamente polo desexo de «correr aventuras»³³. Quizabes o mesmo xénero de aventuras que afirmaba arelar o mozo natural de Castrelo de Val Emiliano Sobrino, quen logo de embarcarse como polisón a América con 17 anos, de retornar e vivir por un tempo en África, facer a guerra de España e enrolarse na División Azul, gañouse a vida na posguerra como toureiro co alcume de *Niño de Nocedo*³⁴.

As motivacións dos voluntarios non sempre obedecían á foto fixa que deles se facía no intre de enrolárense. As actitudes políticas ao alistárense voluntarios podían mudar ao longo da viaxe, do adestramento e, sobre todo, da experiencia de combate, mercé a factores como a camaradaxe e a socialización na cultura militar divisionaria. Non todos os que tiveran antecedentes familiares de esquerda manifestaron despois vontade de pasárense aos soviéticos, ou falla de entusiasmo. O ourensán Alfredo Rodríguez Pérez, de orixe social humilde e con familiares represaliados polo réxime franquista, alistouse polo que semellaba ser unha mestura de degoxo de aventura e incentivo económico. Nas súas cartas só falaba de veciños e coñecidos, borracheiras e cuestións privadas, coma a súa señardade dos chourizos da casa. Porén, dende o campamento de Grafenwöhr escribía á casa a

³² Carta de [Pedro] Portela a Martín de Arrizubieta, Stockerau, 10.1.1945 (Geheimes Staatsarchiv Preußischer Kulturbesitz, Berlín, I. Ha 318/586).

³³ AGMAV, C.5253.

³⁴ J. Fernández Ferreiro: «Emiliano Sobrino, el famoso torero de Verín, quiere hacerse paracaidista», LN, 9.12.1952.

finais de xullo de 1941 que devecía por chegar á fronte e «acabar con los rusos [...] ya estan boquiando [*sic*] la estocada se la bamos pegar yo y los de mi compañía». E concluía cun lema ben atípico nel até o daquela: «Arriba España. Viva Franco»³⁵.

GALEGOS E RUSOS

A narrativa verbo da *boa* DA que foi transmitida polo relato divisionario de posguerra insistiu no trato benigno e afábel de civís e prisioneiros. Os españois serían uns «bos ocupantes», uns mediterráneos trouleiros e paveros, de maneira semellante ao discurso estendido sobre o *bravo italiano*. A realidade é, porén, algo máis matizada. Os españois desenvolveron abofé prácticas de ocupación menos brutais do que os alemáns: non mataron de xeito sistemático nin executaron represalias colectivas, aínda que si houbo abusos individuais, roubos e furtos, e tamén violacións. Con todo, para os españois, igual que para os italianos e moitos soldados alemáns católicos, existía unha saída posíbel para os rusos, que non pasaba pola escravización colectiva ou o exterminio: a súa (re)conversión colectiva ao cristianismo e mais a volta á súa auténtica tradición. Un exdivisionario vigués resumía no 1955 esa percepción: «Nosotros repartimos con el campesino nuestra comida. Si volviéramos se nos abrirían los brazos del pueblo. Fuimos colonizadores, no conquistadores. ‘Isba’ por ‘isba’, casa por casa, a lo ancho de nuestras marchas supieron el comportamiento de los españoles»³⁶.

Unha análise das fontes coetáneas, e nomeadamente das cartas e diarios dos combatentes españois, deixa translucir unha percepción máis matizada do que despois se idealizou na memorialística e no relato divisionario de posguerra. Os voluntarios non compartían un adoutrinamento racial de natureza biolóxico-xenética, coma os seus camaradas alemáns. Porén, interpretaban tamén a vida e costumes dos pobos eslavos, e o que vían, cunhas lentes forxadas por un racismo cultural. De entrada, Rusia era para todos eles suxa, falta de hixiene e en

³⁵ Carta de Alfredo Rodríguez Pérez aos seus pais, Grafenwöhr, 25.7.1941 (Arquivo Xosé Fernández Naval, Santiago de Compostela). Unha recreación novelada, baseada nas cartas deste voluntario, en Fernández Naval (2012).

³⁶ Dos Santos, «La actualidad tiene un nombre. Excombatientes de la ‘División Azul’», EPG, 13.10.1955.

parte húmida, por *natureza*. Érao porque os seus habitantes eran suxos de forma conxénita e histórica. Non só eran vítimas do perverso comunismo, e por tanto unha figuración do que tería podido acontecer en España de non triunfar nela o bando insurxente no 1939. O fanatismo conxénito, o servilismo e o atraso do pobo ruso facían proclive a procrear e padecer un réxime coma o soviético³⁷. Como sinalaba o chantadino José Otero de Arce no 1942, a vida do labrego ruso non só era «verdaderamente miserable», as súas casoupas fedentas e insalubres e a súa alimentación primaria e insuficiente, senón que o seu estado moral era primario e apático: «A este baixo nivel de vida está todo, y lo peor es que parece que no sienten deseos de elevarlo. Suprimida la iniciativa individual la población parece sufrir un estupor colectivo: así aparecen indiferentes a todo lo que signifique progreso o simplemente novedad»³⁸.

O *Feindbild*, a imaxe do inimigo, que tiñan os españois en Rusia e o seu comportamento eran máis congruentes abofé coa súa propia tradición de paternalismo colonial que coa cosmovisión nazi. E nese senso, os galegos que participaron na DA non foron diferentes da grande maioría dos divisionarios. Podían profesar un certo racismo cultural cara aos rusos, mais non un racismo biolóxico; e non tiñan problema en desenvolver elos de amizade coas familias labregas, os nenos e, igualmente, romances coas mozas rusas. Na súa novela inédita *Recuerdos*, o divisionario coruñés Óscar Rey Brea narrou así unha historia de amor e ciumes entre dous voluntarios da División, Enrique e Gil, e unha civil rusa³⁹.



Fig. 3. O sarxento estradense Lino Nogueira (esquerda), unha civil rusa e outro divisionario, Pushkin, inverno 1943 (Arquivo de M^a Xesús Nogueira, Santiago de Compostela)

³⁷ Cf. Núñez Seixas (2016: 239-95; 2017).

³⁸ J. González Muñoz: «Los que regresan del otro lado. Un voluntario de la División Azul habla para El Correo Gallego», ECG, 30.8.1942.

³⁹ Arquivo particular de D. Carlos Rey (A Coruña).

As diferenzas na percepción do inimigo soviético, do pobo ruso, e nomeadamente das condicións de vida dos labregos que os divisionarios presenciaron nas fronte do Ilmen/Vólkhov e de Leningrado, tiñan moito a ver coa súa procedencia social e xeográfica previa. Os voluntarios de orixe labrega e rural, por exemplo, tiñan unha actitude máis positiva e benigna cara ao xulgado atraso dos labregos rusos (a súa falla de hixiene, o feito de compartir o espazo habitábel homes e animais, a arquitectura das súas cabanas, etc.) do que os voluntarios de orixe urbana e mesocrática. A título de hipótese, a meirande abundancia relativa de voluntarios de orixe rural entre os galegos podía explicar tamén que as súas actitudes diferisen ou fosen máis matizadas das que mantiñan os estudantes de clase media madrileños ou valencianos. No entanto, nas memorias publicadas após 1945 transmitiríase unha visión moito máis edulcorada do que fora o trato e a visión coetánea dos civís rusos. Tamén ocorre así no caso dos poucos divisionarios galaicos que escribiron e publicaron as súas memorias, coma o oficial de artillaría Antonio de Andrés⁴⁰.

COMBATENTES POLA NOVA EUROPA... OU POLA FE CATÓLICA?

No decurso de 1942 e na primeira metade de 1943 os xornais galegos inzaban de novas referentes á División Azul, o que abranguíña tanto as necrolóxicas e notificacións de mortes de voluntarios, como os diversos actos que tiñan lugar na retagarda galaica en apoio dos combatentes. Os tons falanxistas salientaron nun comezo. Velaí a proclama do antigo xornalista calvosotelista e agora fascitizado José Vidal Lombán no xaneiro de 1942, na que invocaba a «Revolución Nacional Sindicalista» e mais o «establecimiento de un orden político y social distinto», e ollaba nos «jóvenes universitarios, mitad monjes mitad soldados» que integraban a División Azul aos auténticos sucesores dos primixenios falanxistas⁴¹. Algúns testemuños de combatentes dende Rusia, como a carta enviada dende a fronte no xaneiro de 1942 por José Soto Rivera e outros falanxistas ourensáns, ou as

⁴⁰ De Andrés y Andrés (2004). Pódense sinalar tamén as breves memorias do intérprete Juan Ackermann, hispano-alemán que se criara na Coruña, en Ackermann Hanisch (1993).

⁴¹ J. Vidal Lombán: «Inasequibles al desaliento», EC, 3.1.1942.

entrevistas realizadas a soldados que retornaban de permiso ou convalescentes —coma o tenente de artillaría vigués Jesús Pastur— cismaban na retórica do verán de 1941. O seu obxectivo era galvanizar os azos na retagarda e desprezar as crecentes dúbidas perante a constatación dun feito evidente. A afouta resistencia soviética era maior do agardado e, contra do que case todos crían, no xullo de 1941 a expedición a Rusia non sería unha carreira contrarreloxo para desfilaren en Moscova coa camisa azul⁴².

Os tons de acoso falanxismo tenderon a devalar ao longo da segunda metade de 1942, igual que acontecía no resto de España, nomeadamente despois da destitución do xermanófilo ministro de Exteriores, Ramón Serrano Suñer, no setembro daquel ano. O 30 de decembro de 1942, na ofrenda ao Apóstolo por parte do gobernador Aspe Vaamonde, os «héros de la División Azul» eran invocados agora como defensores afoutos dos «valores religiosos, morales y sociales de la humanidad»⁴³. Un mes despois, a propaganda destinada ao recrutamento de voluntarios para os batallóns de relevo cismaba en que, grazas ao esforzo dos combatentes españois en Rusia, «la verdad católica triunfará sobre la negacion comunista», loitando xunto do «mejor ejército de Europa», malia insinuar sen o nomear que tamén caería na contenda o imperio británico, secular inimigo da España⁴⁴. O discurso incidía agora no anticomunismo e na defensa da fe católica como obxectivos principais da División Azul. O padre Félix García recuncaba así en febreiro de 1943, pouco despois da derrota alemá en Stalingrado, no argumento de que no leste estaba a xogarse a grande partida do destino entre civilización cristiá e barbarie asiática e comunista⁴⁵. E ao se cumprir o segundo aniversario da creación da División, *El Compostelano* lembraba que os voluntarios españois partiran para defenderen nas estepas rusas «la civilización cristiana y occidental frente al bárbaro y frío septentrionalismo asiático» e que alí seguían para cumprir un fin supremo: seren «avanzada de la catolicidad»⁴⁶.

⁴² EIG, 31.1.1942; F. Rey Alar: «Nuestros reportajes. La División Azul, prestigio y orgullo de España», EPG, 3.2.1942.

⁴³ «De la fiesta de traslación del Santo Apóstol», *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*, 2849 (30.1.1943).

⁴⁴ «Banderín de engancho» EC, 28.1.1943.

⁴⁵ P. Félix García: «El enemigo común», LVG, 11.2.1943.

⁴⁶ «Dos años después. España y la Cruzada antibolchevique», EC, 23.6.1943; «Nuestra misión universal», LVG, 27.3.1943.

Os falanxistas, emporiso, aínda teimaron por un tempo nos lemas de outrora, na idea da nova Europa e dunha España «máis xusta»⁴⁷. Amosábase así os discursos conmemorativos, en marzo de 1943, do oitavo cabodano da visita de José Antonio Primo de Rivera a Galicia, considerado despois o «acto fundacional» da Falanxe galega, en Vilagarcía de Arousa⁴⁸. Algúns xefes provinciais falanxistas tentaron enverdecer os loureiros retóricos de dous anos denantes. Diego Salas Pombo lembraba en maio e xuño de 1943 en senllas alocucións que a División Azul era avanzada de España e orgullo da Europa na loita contra do comunismo, mais que Falanxe se opuña ao «panteísmo estatal» e á absorción do individuo polo Estado. O que estaba en xogo na fronte rusa era a loita a morte entre «Occidente y Oriente. Roma y Moscú, catolicismo y bolchevismo»⁴⁹. E as colonias alemás de Vigo —a máis numerosa e organizada— e da Coruña, a través das delegacións locais da organización exterior do NSDAP, tamén protagonizaron actos de confraternización cos voluntarios da DA retornados da fronte, incidindo nos lemas falanxistas e europeístas de outrora⁵⁰.

No ano 1944, en consonancia coas consignas recibidas dende as instancias superiores e coma no resto de España, as novas sobre a División Azul case desapareceron dos xornais galegos. Eran tempos de acomodo da ditadura franquista no novo concerto dos Estados occidentais na Guerra Fría e cumpría agochar no posíbel na esfera pública o pasado de complicidades coa Alemaña nazi. Así e todo, nalgúns cidades o aparello de FET seguía a honrar a memoria dos seus mortos en Rusia, como categoría específica dentro dos caídos da Guerra Civil. Facíao así en febreiro de 1945 a Falanxe ferrolá en conmemoración do voluntario José Luis Fernández Ruibal, morto na batalla de Krasni Bor, que no 1952 deu nome ao novo Fogar de Guías das *Falanges Juveniles* de Franco na cidade departamen-

⁴⁷ J. Esteve Martí: «En la ruta de la nueva Europa», LVG, 31.3.1943.

⁴⁸ «Ha sido conmemorada en Villagarcía la fecha en que José Antonio habló por primera vez a las Falanges gallegas», LVG, 23.3.1943.

⁴⁹ «Discurso del Jefe Provincial del Movimiento, camarada Salas Pombo», LVG, 11.5.1943; «Recuerdo de la Falange coruñesa a la gloriosa División Azul en el II aniversario de su organización», LVG, 27.6.1943.

⁵⁰ Por exemplo o 17 de marzo de 1943 na Coruña, coa presenza do xefe do grupo local do NSDAP na Coruña, Alois Mailly, e o secretario provincial do SEU, Martínez Romero, condecorado voluntario da DA: cf. LVG, 18.3.1943. No Kiosco Alfonso tiveron lugar tamén proxeccións de filmes alemáns subtítulados para retornados da DA e os seus familiares, agasallo do Partido Nazi da Coruña, ás que tamén asistían outros falanxistas e xermanófilos locais, amais do propio Diego Salas Pombo (LVG, 21.9.1943).

tal⁵¹. Porén, só despois da chegada dos repatriados dos campos de prisioneiros da URSS algunhas homenaxes públicas adquiriron un meirande relevo⁵².

Outras conmemoracións eran de natureza privada, mais adoitaban ser atendidas polos falanxistas locais, coma os cabodanos da morte en Rusia do sarxento compostelán Ricardo Mejuto Pampín⁵³. E de cando en vez visitaban a tumba do apóstolo Santiago grupos de excombatentes da DA que, en cumprimento dunha promesa e en agradecemento por sobrevivir á fronte rusa, realizaban unha romaxe a pé a Compostela. A prensa facíase eco desas visitas, que comezaran no 1942 e terían lugar de xeito intermitente até entrados os cincuenta⁵⁴. Tamén houbo exdivisionarios que ofrendaron as súas condecoracións a imaxes relixiosas nas súas freguesías de referencia, como fixo Eduardo Pazos Suárez á escultura da Virxe das Dores na igrexa coruñesa de San Nicolás no xaneiro de 1944, en lembranza do combate contra dos «sin Dios»⁵⁵.

Proxectos houbo na cidade herculina para organizar unha exposición de obxectos e lembranzas da fronte rusa traídos polos divisionarios, nomeadamente de iconas ortodoxas. Porén, a iniciativa non frutificou, sepultada no manto de prudente silencio público que cubriu a memoria da DA entre 1945 e 1950, nun tempo en que a España de Franco agachaba no que podía as súas antigas simpatías polo Eixe e tentaba afacerse ao novo panorama xeopolítico internacional marcado polos primeiros pasos da Guerra Fría. Os excombatentes reintegráronse paseniñamente na sociedade civil, algúns desencantados, outros fachendosos. Desfrutaron para iso de oportunidades favorábeis, que cadaquén aproveitou de acordo cos seus coñecementos e coñecidos: cotas no acceso á Administración, puntos nas oposicións, prestixio social. Pero non tiveron unha salientábel actuación colectiva, fóra da súa presenza grupal en actos e cerimoniais oficiais a carón das representacións da Vieja Guardia de Falanxe, ou dos excombatentes da Guerra Civil, aos que en boa parte foron asimilados. Como curiosidade, asentouse na Coruña, no 1946, o ruso bran-

⁵¹ ECG, 10.2.1945 e 20.5.1952.

⁵² Cf. por exemplo «Homenaje a la División Azul en Vigo», EPG, 14.10.1958.

⁵³ EC, 31.5.1943; ECG, 16.3.1945.

⁵⁴ Cf. por exemplo ECG, 7.7.1942; «En peregrinación a Santiago de Compostela», EC, 15.6.1944; «Dos combatientes en la División Azul, en peregrinación», ECG, 2.7.1946; «Un excombatiente de la División Azul que cumple una promesa en la basílica del Apóstol», LN, 26.10.1949.

⁵⁵ «Ayer, en San Nicolás. Ofrenda de un voluntario de la División Azul a la Dolorosa», LVG, 21.1.1944.

co Alexander Bibikov, quen loitara na Guerra Civil española e fixera de intérprete na División Azul⁵⁶. Non foi o único ruso que se radicou en Galicia. Un dos varios nenos orfos que os soldados españois trouxeron de maneira encuberta canda eles na súa viaxe de regreso foi Borís Semeskin Nikolayevich, protexido por un tenente de artillaría, quen en xuño de 1944 foi bautizado en Compostela co nome de Jesús Ramón Lafuente, ao ser afillado a adoptado por un industrial compostelán⁵⁷.

O RETORNO DOS PRISIONEIRO: NON SÓ DIVISIONARIOS

Despois da retirada da División Azul, da derrota da Alemaña nazi e do comezo da Guerra Fría, poucas referencias ficaban na esfera pública á pasada División Azul. Mais había centos de familias que nada sabían dos que desapareceran en combate ou foran feitos prisioneiros polo Exército Vermello. A finais da década de 1940 comezaron a chegar novas, primeiro mediante prisioneiros de guerra alemáns, austríacos e italianos retornados aos seus fogares, e despois pola vía da Cruz Vermella, da existencia de cativos españois nos campos soviéticos, que levaban a cabo traballos forzados. As xestións dos familiares dos cativos perante as autoridades españolas, da Cruz Vermella e o desexo que seguiu á morte de Stalin en marzo de 1953 permitiron que a finais de marzo de 1954 un buque de pavillón grego, o *Semíramis*, embarcase en Odessa con destino a Barcelona, levando boa parte dos prisioneiros da División Azul⁵⁸.

Os retornados do *Semíramis* ascendían a 286 persoas. O colectivo abranguíña 248 excombatentes da División Azul (e unidades sucesoras), 31 internados civís, todos eles aviadores e mariños da frota republicana que foran retidos na URSS no 1939, ademais de tres traballadores civís capturados polos soviéticos na Alemaña e 4 «nenos de Rusia». Un total de 37 repatriados, o 12,93 por cen, eran galegos. Porén, entre eles incluíanse catorce internados republicanos, doce dos cales eran mariñeiros do Barbanza e do Salnés que fixeran parte, coma outros catorce galegos máis que non retornaron, da tripulación do cargueiro *Cabo San Agustín*,

⁵⁶ J. V. Sueiro: «Extranjeros en La Coruña. El ruso blanco Alejandro Bibicov Mardivinov vive en esta ciudad desde 1946», LN, 20.2.1952.

⁵⁷ «Mañana será bautizado un niño ruso», EC, 7.6.1944.

⁵⁸ Cf. para unha visión actualizada Segador (2019).

fondeado en augas soviéticas ao remate da Guerra Civil. A eles uníase un mariño republicano, o eumés Antonio Leira Carpenté, e un aviador, o ourensán José Romero Carreira. Se os divisionarios galegos (23) constituían o 9,27 por cen do conxunto dos combatentes retornados, os mariñeiros e aviadores leais á República retidos dende 1939 en territorio soviético ascendían a pouco menos da metade (o 45,16 por cen) dos internados republicanos todos⁵⁹.

Logo dunha recepción apoteósica en Barcelona a comezos de abril, os repatriados galegos dirixíronse en tren aos seus lugares de orixe. Nas plataformas das estacións non sempre os agardaron grandes cerimoniais e festexos, malia que concellos houbo onde os retornados foron obxecto de recepcións oficiais e homenaxes públicas. O consistorio de Vigo, grazas ás xestións da Hermandad da División Azul provincial, concedeu un ano despois a Medalla de Prata da cidade aos repatriados olívicos José Rodríguez Reigosa e Antonio Gullón Fernández (nado en Mondariz)⁶⁰.

Igual que ocorría noutras provincias da España, a instancias do ministro do Exército, o xeneral Muñoz Grandes, os gobernadores civís buscáronlles a todos os repatriados unha colocación quer como empregados públicos, quer mediando perante empresas privadas. Mantivéronse tamén informados sobre as súas actividades, xa que se temía que algúns deles estivesen contaxiados polo comunismo ou espiasen para os soviéticos. Os testemuños detallados de tres dos catro gobernadores galegos ilustráranos con clareza verbo das xestións para a reinserción laboral dos que volveran no *Semíramis*.

⁵⁹ Cf. a listaxe completa de repatriados, con indicación do seu lugar de orixe, en EPG, 30.3.1954. Os datos foron cruzados co *Repertorio biobibliográfico do exilio galego. Unha primeira achega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2001. Cf. tamén J. A. Otero Ricart: «Odisea en la estepa», *La Opinión*, 6.11.2011; Serrano (2011) e Iordache (2008).

⁶⁰ Cf. «Ayer llegó a nuestra ciudad Antonio Gullón Fernández, repatriado de Rusia», *El Pueblo Gallego*, 6.4.1954; informábase tamén da chegada do mariñeiro José Pérez Pérez, natural da Pobra do Caramiñal. Os sete repatriados de Pontevedra foron obsequiados, días máis tarde, cunha misa de acción de grazas. En Lugo, pola contra, os tres repatriados (Jesús Pérez Sánchez, Manuel Zas Abilleira e José Fernández Armesto) foron obxecto dunha recepción no concello (EP, 6.4.1954; EPG, 7.4.1954). Na Coruña dispenseuse tamén unha recepción pública aos repatriados da provincia, con presenza das autoridades locais (ECG, 8.4.1954). En Sober, a iniciativa de dous curas párrocos, organizouse unha calorosa benvida ao repatriado natural da freguesía de Millán José Fernández Pérez, quen arribara en tren a Monforte de Lemos (EP, 17.4.1954). O Concello de Riotorto organizou unha recepción oficial para o repatriado Antonio Iglesias Fernández (EP, 21.4.1954). Nos anos seguintes, a HDA de Vigo-Pontevedra intensificou a súa actividade conmemorativa, coa colaboración da xefatura provincial do Movemento e o Concello vigués: cf. «XIV aniversario de la entrada en fuego de la División Azul», EPG, 13.10.1955.

Así, o gobernador civil de Pontevedra informaba a finais de xuño que Ángel Castañeda Ochoa, natural de Catoira, antigo cenetista e mariñeiro do *Cabo San Agustín*, emprestaba agora os seus servizos como garda xurado da 2ª Rexión Piscícola en Catoira. O seu irmán José, que pertencera á socialista UGT e pasara pola mesma situación, achábase mal de saúde —contaba xa 52 anos— e non desexaba traballo ningún⁶¹. Pola súa banda, o exdivisionario guardés Constante Vicente Giráldez, díscolo e rosmón a dicir do gobernador, si aceptou o emprego de encargado do servizo de repoboación forestal na zona do Porriño. E o tamén antigo mariñeiro José Pérez Pérez, natural da Pobra de Caramiñal malia afincarse en Bouzas, estaba a piques de entrar nunha fábrica de máquinas de coser grazas á mediación do Goberno Civil.

Polas mesmas datas, o gobernador civil de Ourense facía saber que o antigo aviador José Romero Carreira atopara emprego como intérprete nunha axencia de viaxes en Madrid; pola súa banda, o exdivisionario Rudesindo Graña Carballo foi empregado na Deputación Provincial, mentres o igualmente exdivisionario José Canitrot Torres, natural de Beade, sería contratado como oficial subalterno do concello de Ribadavia. O gobernador civil de Lugo informaba pola súa vez que o mariñeiro mercante da Pobra de Brollón Pedro Armesto Saco, tamén afiliado á UGT, degoxaba unha recomendación para obter unha praza de patrón dun remolcador-axibe no porto da Coruña. O resto dos repatriados lugueses, todos eles exdivisionarios, desexaban traballar como porteiros, conserxes ou gardas civís, o que estaba a serlles facilitado polas autoridades provinciais⁶².

A MEMORIA DA DIVISIÓN AZUL EN GALICIA

A lembranza pública da División Azul durante o franquismo e a etapa democrática non tivo en Galicia un carimbo nin unha intensidade particulares⁶³. As Hermandades da División Azul (HDA) en Galicia, creadas coma no resto de España a partir dos grupos de excombatentes, viúvas, nais e familiares de caídos e cativos da DA, tiveron unha vida moi desigual. Así, a Hermandad de la División

⁶¹ EPG, 2.4.1954.

⁶² Informes do gobernador civil de Pontevedra, 30.6.1954; de Ourense, 1.7.1954; e de Lugo, 9.7.1954 (AGMAV, C.3770/1).

⁶³ Cf. sobre as Hermandades da División Azul no franquismo Núñez Seixas (2016: 371-86; 2018b).

Azul (HDA) de Ferrol, creada no 1955, mantivo unha actividade de baixo perfil, cando menos até finais da década. En troques, a HDA da Coruña, xurdida no agosto de 1954⁶⁴, chegou a publicar algúns números dun voceiro propio, *Ispanski jarashó*, a comezos dos anos sesenta. Malia a abondosa presenza de exdivisionarios no conxunto da provincia, a Hermandad coruñesa debeu o seu pulo, en boa parte, á complicidade das autoridades locais, tanto civís como militares, coma o gobernador civil e xefe provincial do movemento entre 1958 e 1966, o exdivisionario Evaristo Martín Freire, quen promovera en Alacante, provincia onde estivera destinado con anterioridade, a constitución da potente Hermandad daquela provincia⁶⁵. Tamén influía o feito de ser coruñés un dos oficiais máis notorios da División, Mariano Gómez-Zamalloa, e mais o comandante da garda civil e antigo responsábel dos servizos de información de retagarda da DA Ángel Ramos Patiño, quen no 1958 foi relevado da presidencia da Hermandad polo coronel de infantaría Ramón Blanco Linares, sucedido pola súa vez polo comandante de artillaría e deputado provincial Antonio de Andrés⁶⁶. Como a viguesa, a HDA herculina xogou un certo protagonismo inducido dende o poleiro, grazas ao sistema de representación corporativa posto en práctica polo réxime que privilexiaba as entidades constituídas e autorizadas. Chegou así a contar con algún concelleiro electo polo terzo de entidades no consistorio da capital provincial: Mariano Sáez Fernández-Ladreda, elixido no 1964⁶⁷.

Porén, malia ese pulo inicial, a Hermandad coruñesa non foi unha asociación particularmente activa en comparanza coas entidades homónimas de Asturias, Madrid, Santander ou do sueste español. A diferenza da viguesa, a HDA coruñesa case sempre dependeu da participación de oficiais do exército que serviran na fronte rusa, e non dos civís. Con todo, mantivo misas en conmemoración das efemérides da División, e no marzo de 1959 agasallou aos tripulantes de seis navíos de guerra alemáns que visitaron o porto da Coruña⁶⁸.

Existiron tres HDA provinciais máis que mantiveron algunha actividade visíbel en Galicia entre mediados da década de 1950 e os anos finais do franquismo.

⁶⁴ LN, 26.7.1956.

⁶⁵ «Alicante rindió homenaje al gobernador civil de La Coruña», LN, 14.7.1960; LVG, 14.7.1960.

⁶⁶ Cf. LVG, 13.8 e 19.8.1954.

⁶⁷ «Hablan los nuevos concejales coruñeses», LN, 18.1.1964.

⁶⁸ Cf. LVG, 8.3.1959.

A máis importante foi sen dúbida a correspondente a Vigo-Pontevedra —aínda que se fundou en Pontevedra, trasladou axiña a súa sede a Vigo—. Constituírase xa, ao mesmo tempo que as primeiras Hermandades da División Azul na España toda, no 1952, pouco despois dunha homenaxe ao gobernador militar de Pontevedra, o antigo coronel de artillaría na DA Jesús Badillo⁶⁹, baixo a advocación da Nosa Señora das Dores. Foi a HDA galaica que posibelmente máis afiliados tivo e que máis angueiras desenvolveu na esfera pública. Xa no abril de 1954 os seus principais dirixentes, o funcionario do Ministerio de Tránsito Jesús González Pérez e o incombustíbel Portela Ovalle, recibiron na estación a dous repatriados do *Semíramis*. No 1966 o seu presidente, González Pérez, foi electo concelleiro polo terzo de entidades. A HDA de Vigo-Pontevedra foi así mesmo a que tivo máis éxito na tramitación de pensións do Goberno da RFA para mutilados de guerra e parentes de divisionarios caídos en combate, despois da sinatura dun acordo hispano-alemán en 1962, ratificado polo Parlamento de Bonn tres anos despois. Deste xeito, no 1967 a Hermandad afirmaba ter partillado dous millóns de pesetas en pensións en toda a provincia, cun total de 135 expedientes de pensión concluídos; planeaba tamén distribuír entre os fillos e familiares de divisionarios diplomas e distincións⁷⁰.

Fóra de Vigo e A Coruña, a presenza organizada dos exdivisionarios era feble. No xuño de 1961, grazas en boa parte ás xestións do presidente da activa Hermandad olívica, xurdiu tamén unha HDA en Lugo baixo a presidencia do delegado provincial de Sindicatos, o falanxista Juan Antonio Elegido, co piadoso nome de *Hermandad del Santísimo Sacramento y de Nuestra Señora de los Ojos Grandes de familiares de caídos y ex-combatientes de la División Azul*. Unha das personalidades locais impulsoras foi o comandante de artillaría e exdivisionario lugués José Sánchez Rodríguez, finado no setembro de 1966 e persoa moi ben relacionada na cidade⁷¹. Nada máis fundarse, a Hermandad luguesa facía público o seu propósito de manter vivo o espírito de camaradaxe entre os exdivisionarios, que estimaba nuns 500 en toda a provincia, e ofrecía tamén a súa mediación para xestionar as pensións que o Goberno da RFA pagaba aos familiares dos caídos en

⁶⁹ «El homenaje de los excombatientes de la División Azul al general Badillo Pérez», EPG, 6.3.1952.

⁷⁰ «La Hermandad de la División Azul ha distribuido dos millones de pesetas en la provincia», EPG, 22.10.1967.

⁷¹ EP, 3.6.1961 e 6.9.1966.

combate e mutilados, ben como axudar os socios necesitados.⁷² Porén, o seu perfil foi baixo, e non se rexistraron apenas actividades públicas nos anos seguintes. No 1962 constituíuse así mesmo unha Hermandad na provincia de Ourense, que non deixou trazos visíbeis, baixo a presidencia do delegado provincial de excombatentes e oficial do exército Rafael Outumuro, quen participara como capitán na campaña de Rusia, aínda que se alistara en León⁷³.

Sobre a afiliación e representatividade das Hermandades divisionarias de Galicia só podemos ofrecer datos indirectos. É presumíbel que non captaron máis dunha cuarta parte, no mellor dos casos, do número de exdivisionarios galaicos que volveran con vida da fronte oriental, situándose así na media do conxunto das HDA existentes na España. No 1956 o presidente da HDA viguesa, o capitán de infantaría Ramón Fernández-Cid París, afirmaba que a Hermandad contaba cuns 200 socios, aínda que calculaba que moraban uns 500 veteranos da División en toda a provincia de Pontevedra. Nesa altura, o boletín da Hermandad Nacional da División Azul en Madrid distribuía algo máis de cen exemplares da súa tiraxe en Vigo, o que rebaixaba a contía dos exdivisionarios organizados⁷⁴. No 1961 un total de 300 veteranos da Galicia toda tiñan previsto concorrer ao encontro de exdivisionarios planeado para comezos de xuño no Val dos Caídos, que pouco despois se mudaría nunha romaxe colectiva a Zaragoza o 12 de outubro do mesmo ano. Deles, 150 virían de Vigo-Pontevedra e 50 de cada unha das restantes provincias⁷⁵.

Entre comezos dos anos sesenta e mediados da década seguinte, as HDA galegas mantiveron unha modesta presenza pública. Tratábase de conmemoracións de carácter relixioso en datas sinaladas: a partida da primeira expedición da División o 13 de xullo, a batalla de Krasni Bor cada 10 de febreiro e mais o bautismo de lume da División na fronte do Vólkhov o 12 de outubro. A HDA viguesa sufragaba misas mensuais, como xa se amentou, e coa colaboración das autoridades locais desenvolveu durante varios anos un amplo cerimonial conmemorativo nas datas simbólicas para os divisionarios, con ofrendas á Cruz dos Caídos de Vigo

⁷² «Exponga sus motivos», EP, 16.6.1961.

⁷³ EPG, 6.11.1962.

⁷⁴ Signo, «La actualidad tiene un nombre. División Azul», EPG, 12.10.1956; Núñez Seixas (2016: 377).

⁷⁵ «Los antiguos combatientes de la División Azul se concentrarán el 29 de junio en el Valle de los Caídos», EPG, 21.5.1961; «Hermandad Nacional de la División Azul», EP, 23.5.1961L.

cada 12 de outubro dende a súa inauguración no 1961, xantares de confraternidade entre os veteranos, misas e visitas aos familiares de caídos para entregarlles doazóns en metálico⁷⁶. Os seus posicionamentos políticos, coma os do resto de organizacións de excombatentes franquistas, aliñáronse nos anos sesenta e setenta cos sectores máis falanxistas do réxime, máis tarde cos inmovilistas do *búnker*, e en xeral coa señardade do franquismo na transición. No 1961 un exdivisionario coruñés fachendeaba, con castrapeo incluído, da traxectoria de fidelidade das Hermandades da DA ao longo da súa historia, e salientaba a continuidade entre os motivos que levaran aos voluntarios a tomar as armas no 1936, e mais as razóns dos que os sucederon no 1941: «tan héroes los del Wolchow como los del Ebro. Tan raíz la del *ameneiro*, como la del prado»⁷⁷.

A HDA herculina tamén adquiriu algunha visibilidade pública. Deste xeito, o 12 de outubro de 1960 uns trescentos exdivisionarios coruñeses, sempre segundo os datos publicados pola prensa, participaron nunha peregrinación á catedral de Santiago de Compostela, onde asistiron a unha misa solemne⁷⁸. Unha cita informal, pero importante para moitos exdivisionarios, adoitaban ser as visitas estivais do xeneral Muñoz Grandes a Meirás, para participar nos consellos de ministros, como ministro do Exército e despois como vicepresidente do Goberno. As súas troulas nocturnas, ben regadas con champán, na compañía de veteranos no Hotel Atlántico non foron infrecuentes.

A lembranza da División Azul na Galicia de posguerra, sen acadar xamais grande intensidade, tamén se expresou nalgúns detalles cotiáns e en manifestacións banais. Varias centurias xuvenís de FET levaron o nome da División Azul, e mesmo, cando menos por un tempo, unha equipa de fútbol de Lalín, a comezos da década de 1960. En Galicia houbo igualmente algunha presenza da División Azul no rueiro urbano. Iso cadrou coa certa ofensiva conmemorativa das Hermandades divisionarias, contando co concurso do aparello de FET, na década de 1960, co gallo de cumprírense o 20 e 25 aniversario da saída da División cara á fronte rusa. En varias cidades de España sucedéronse inauguracións de placas, algúns monumentos e sobre todo rúas e prazas co nome da División Azul, os seus

⁷⁶ «Los exdivisionarios celebraron ayer el XV aniversario de su entrada en fuego», EPG, 13.10.1956.

⁷⁷ Pantaleón de Escalante: «División Azul, razón de España», LVG, 12.10.1961.

⁷⁸ «Los excombatientes de la División Azul de la provincia entraron en peregrinación a la Catedral», LN, 12.10.1960.

caídos, ou personalidades locais que pasaran por aquela. A eses recoñecementos uníronse algúns nomeamentos de fillo adoptivo para a División toda por parte de varias localidades.

Aínda no ano 1986 das 19 cidades españolas con máis de 50 000 habitantes que tiñan presenza da DA nos seus rúeiros, tres (A Coruña, Vigo e Pontevedra) eran galegas. Coma noutros puntos da xeografía peninsular, esas rúas xurdiran en Galicia no decurso dos anos sesenta. En Pontevedra a rúa División Azul fora inaugurada en abril de 1963, despois das xestións levadas a cabo pola HDA provincial perante o alcalde Xosé Filgueira Valverde ano e medio denantes. A placa foi descuberta nun acto solemne patrocinado pola Deputación, ao que asistiron representantes das hermandades doutras provincias, ben como veteranos de Rusia e familiares⁷⁹. A mudanza de nome fíxose agardar até setembro de 1997, cando a rúa pasou a ser da Maestranza. En Vigo, a praza División Azul xurdira ao pé do Castro, no antigo campo de Granada e a pedimento da HDA provincial a finais de outubro de 1961, de maneira conseguinte á inauguración da Cruz dos Caídos⁸⁰. Só a comezos do século XXI foi rebautizada co nome actual de praza do Rei.

No 2003 ficaban aínda dez capitais de provincia nas que a División Azul tiña presenza no rúeiro urbano. Entre elas aínda salientaba A Coruña, cuxo Concello practicou baixo o longo mandato do socialista Francisco Vázquez unha política da memoria pragmática e acumulativa: deixar as rúas existentes e brasonar de antifrán-




Fig. 4. Descuberta da placa da rúa División Azul de Pontevedra, polo alcalde accidental, Peláez Casalderrey (*El Pueblo Gallego*, 6.4.1963)

⁷⁹ «Visitó al Presidente de la Diputación y al Alcalde de Pontevedra la Junta de Gobierno de la División Azul», EPG, 11.6.1961; «Los actos conmemorativos de la División Azul en Pontevedra», EPG, 9.4.1963.

⁸⁰ Cf. EPG, 31.10.1961.

quismo e mesmo de republicanismo paralelos. Xa no 1961 foi inaugurada na cidade herculina unha rúa co nome de División Azul; e foi a derradeira urbe galega en retirar o nome desa unidade do seu rueiro: só no abril de 2016 pasou a se denominar Antón Villar Ponte. Tamén foi rebaptizada como Costa da Unión, o seu nome tradicional, a rúa que fora adicada xa no 1942, á súa volta de Rusia, ao coronel coruñés da División Mariano Gómez-Zamalloa, quen despois sería gobernador da África Occidental española e tería certo protagonismo na Guerra de Ifni⁸¹. Porén, segue a existir a rúa adicada en outubro de 1966, cando se conmemorou o 25 aniversario da creación da DA, ao cabo de enxeñeiros Antonio Ponte Anido, substituíndo o antigo nome de rúa do Cemiterio. Tratábase dun condecorado —recibiu, de feito, a Cruz loureada de San Fernando, máxima distinción militar española, a título póstumo— *heroe* da DA natural da Ponte do Porco (Betanzos), por autoinmolarse na batalla de Krasni Bor baixo un carro de combate soviético para salvar os seus camaradas⁸². Ponte Anido, de feito, é unha das 23 referencias franquistas que aínda ficaban no rueiro coruñés a finais de 2019⁸³.

Seguirá a existir esa rúa Ponte Anido, que a poucos viandantes di algo hoxe, nos anos vindeiros? Ou terán prevalencia as inercias do pasado, ou o temor a causar incomodidade no ámbito castrense, onde se segue a considerar o cabo Ponte Anido un exemplo de heroísmo, por riba de calquera outra consideración? O certo é que outras rúas que lembran caídos locais na fronte rusa pasan hoxe en día case inadvertidas. Poucos lembran hoxe que a rúa Luis Blanco Iglesias existente na localidade de Luintra (Nogueira de Ramuín), inaugurada no 1962, lembra a un tenente de infantaría que caeu en Rusia no abril de 1942, e que deu nome á escola da aldea de Armariz durante lustros⁸⁴. É unha boa mostra de como a memoria da División Azul impregnou de maneira capilar, pero difusa, a sociedade galega da segunda metade do século xx. Un orballo que, porén, no 2022 xa é pouco perceptíbel.

⁸¹ <https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2316476/marea-rebautiza-gomez-zamalloa-nombre-conoce-pla-cancela>.

⁸² LN, 22.10.1966. O culto xa viña de anos denantes. A finais de maio de 1944, no cuartel do Rexemento de Zapadores nº 8 de Lugo, ao que pertencía Ponte Anido, levouse a cabo unha homenaxe militar ao defunto e descubriuse unha lápida na súa honra (EP, 1.6.1944).

⁸³ Cf. Monge (2020).

⁸⁴ Cf. <https://lembranzasdearmariz.blogspot.com/2017/03/normal-0-21-false-false-false-es-x-none.html>.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ABAD GALLEGO, Xoán C. (2005): «Vigueses en 'pie de guerra' contra Stalin. La aportación de Vigo y su comarca a la 'División Azul'», *Glaukopis, Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, 11, 9-61.
- ACKERMANN HANISCH, Juan (1993): *A las órdenes de vucencia. Autobiografía del intérprete de los generales Muñoz-Grandes y Esteban-Infantes*, Madrid, Barbarroja.
- ANDRÉS y ANDRÉS, Antonio de (2004): *Artillería en la División Azul (Krasny Bor)*, Madrid, Fundación Don Rodrigo.
- BOWEN, Wayne H. (2000), *Spaniards and Nazi Germany. Collaboration in the New Order*, Columbia, Missouri UP.
- CLAAS, Marco (2016), *Der Aufstieg der Falange Española: Faschistische Kultur und Gewalt im Nordwesten Spaniens, 1933-1937*, Göttingen, V&R.
- FERNÁNDEZ NAVAL, Xosé (2012): *A noite branca*, Vigo, Xerais.
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos / LORENZO FERNÁNDEZ NAVARRO DE LOS PAÑOS (2021): *El frente ruso y la División Azul, 24 de junio de 1941-10 de octubre de 1943*, A Coruña, Arenas.
- IORDACHE, Luiza (2008): *Republicanos españoles en el Gulag (1939-1956)*, Barcelona, ICPS.
- KLEINFELD, Gerald R. / LEWIS A. TAMBS (1979): *Hitler's Spanish Legion: The Blue Division in Russia*, Carbondale, III, Southern Illinois UP.
- KOVALEV, Borís (2014): *Dobrovol'ci na cyzoj vojne. Ocerki istorii golyboj divizii*, Veliki Novgorod, Novgorodskij gosydarstveii'j universitet.
- MONGE, Manuel (2020): *Os restos do franquismo en Galiza*, Ames, Laiovento.
- MORENO JULIÁ, Xavier (2004): *La División Azul: Sangre española en Rusia, 1941-1945*, Barcelona, Crítica.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2016): *Camarada invierno. Experiencia y memoria de la División Azul, 1941-1945*, Barcelona, Crítica.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2017): «Russia and the Russians in the Eyes of the Spanish Blue Division Soldiers, 1941-4», *Journal of Contemporary History*, 52:2, 352-74.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2018a): *El frente del Este. Historia y memoria de la guerra germano-soviética, 1941-1945*, Madrid, Alianza.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2018b): «Inconvenient Heroes? War Veterans from the Eastern Front in Franco's Spain (1942-1975)», en A. Alcalde / X. M. Núñez Seixas (eds.), *War Veterans and the World after 1945. Cold War Politics, Decolonization, Memory*, Londres, Routledge, 187-202.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2022): *The Spanish Blue Division on the Eastern Front, 1941-1945: War, Occupation, Memory*, Toronto, Univ. of Toronto Press.
- PARRILLA NIETO, Miguel (2002): «Pedro Portela Ovalle. Un combatiente europeo superviviente del asanto [sic] al tren de repatriados en Chambéry-Alta Saboya», *Boletín Informativo de la Hermandad Nacional de Sargentos Provisionales en los Tres Ejércitos y Guardia Civil*, 113, 7-16.
- ROLLAND, Eduardo (2006): *Galicia en guerra*, Vigo, Xerais.
- SEGADOR, Aharón (2019): «Memoria y experiencia de los prisioneros e guerra de la División Azul en la Unión Soviética (1941-1954)», Trabajo de Fin de Máster, USC.
- SERRANO, Secundino (2011): *Españoles en el Gulag: republicanos bajo el estalinismo*, Barcelona, Península.

EL WOLFRAMIO: DE CUANDO GALICIA ERA UN *NEAR WEST*

Joan Maria Thomàs

Universidad Rovira i Virgili

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.004](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.004)

Efectivamente, Galicia no fue un *Far* sino un *Near West* durante la mayor parte de la Segunda Guerra Mundial. Pero no lo fue por atraer a decenas de miles de emigrantes que cruzaban el centro de Estados Unidos o que llegaban a California por mar desde la costa atlántica o desde la remota China imperial por una *fiebre del oro*, sino por generar una inmensa riqueza a partir de la explotación de un mineral relativamente nuevo, casi tan negro como el carbón y con características especialmente útiles para usos militares: el wólfram, wolframio o tungsteno. Una riqueza que fue a parar a manos de los propietarios —reales o encubiertos— de los yacimientos, a sus intermediarios de comercio legal o ilegal y sus agentes, así como al Estado franquista vía desorbitados impuestos... pero de la que también se beneficiaron —en mucha menor medida— los que con su trabajo lo arrancaban de la roca, lo trituraban, lo separaban, lo lavaban, lo ensacaban, lo transportaban o lo cargaban en buques, trenes y camiones. Así como todos aquellos que de una manera u otra participaban o se beneficiaban del incremento del consumo de bienes de todo tipo que generó la producción y comercio del mineral en la región (Rolland 2006: 41)¹.

La del wolframio es una historia conocida en Galicia y en partes de León, Asturias, Extremadura, Salamanca o Córdoba, pero mucho menos en el conjunto del Estado español, si bien en los últimos años se han dado pasos notables en su conocimiento historiográfico y memorialístico, y se han producido excelentes trabajos en el orden del documental histórico (Cons 2017), redibujando un panorama dominado hasta entonces por la ficción, con mayor o menor base histórica. Digamos, por otra parte, que el wólfram es el único elemento químico descubierto por un español, Juan José de Elhuyar, en 1783; un científico que trabajaba en Bergara tras haber realizado estudios y conocido el mineral en Suecia (Pellón / Gago 1994: 60).

¹ En Fontao (Carbia / Vila de Cruces), una parroquia de poco más de un centenar de habitantes antes de la *fiebre*, el descomunal aumento de población producido por la explotación de la mina de wolframio conllevó la instalación de una clínica, treinta y tres bares, un café-teatro y un cuartel de la Guardia Civil, dedicado a la vigilancia del destacamento penal allí instalado y a la lucha tanto contra el mercado negro y el contrabando como contra los maquis.

I. WOLFRAMIO, SEGUNDA GUERRA MUNDIAL Y PENÍNSULA IBÉRICA

La *fiebre del oro* del wólfra se dio durante la Segunda Guerra Mundial (Thomàs 2010, 2011), aunque su explotación en Galicia —inicialmente ligada a la del estaño— proviene de finales del siglo XIX y principios del XX y comenzó más sistemáticamente durante la Guerra Civil. También tuvo un repunte posterior a 1945, durante los años de la Guerra de Corea, es decir, de 1950 a 1953 (Rodríguez Pérez 1985: 49-70). En concreto la *fiebre* se produjo a raíz de la descomunal escalada de precios que provocó el hecho de que a partir de 1941 los aliados entrasen a competir por el mineral en el mercado español con los alemanes. No porque lo necesitasen para su industria de guerra —que no lo necesitaban por contar con suficientes fuentes de aprovisionamiento en América y China, e incluso con sustitutivos— sino para reducir las cantidades que la Alemania nazi venía importando desde España. Fue una estrategia de guerra económica llamada *de compra preventiva*, en la que tanto Estados Unidos como Reino Unido gastaron ingentes sumas y crearon al efecto empresas específicas —la US Commercial Corporation y la UK Commercial Corporation— al ser bien conscientes del uso y rendimiento que estaba haciendo su enemigo del wólfra. Un rendimiento que ellos mesuraban en términos de pérdidas de vidas humanas propias, aquellas que el uso del mineral por las fuerzas armadas alemanas les estaba infligiendo y les podía infligir en el futuro, cuando grandes masas de soldados estadounidenses y británicos chocasen directamente, en concreto a raíz del desembarco de Normandía, que preveían en mayo de 1944 y después sucedió en junio.

La cuestión del wólfra nos permite constatar que la Segunda Guerra Mundial fue *también* una guerra por la obtención de recursos. De recursos estratégicos que necesitaban los dos contendientes más agresivos —la Alemania nazi y Japón— y entre los que se encontraba el wolframio. Un wólfra que no tuvo por supuesto la importancia del petróleo, el hierro, el caucho (goma natural) u otras materias primas —como el aluminio, el cromo, el manganeso, el níquel o el vanadio—, pero que la tuvo, y mucha, para los alemanes y los japoneses, que lo utilizaban para endurecer las puntas perforantes de sus granadas antitanque y para reforzar los blindajes de carros de combate y cubiertas de buques de guerra. El caso de Alemania fue el más dramático, dada su casi absoluta dependencia del

wolframio ibérico, es decir, portugués y español (Thomàs 2017: 65-90), mientras que, en el caso de Japón, disponía de yacimientos en su protectorado de Corea (Denton 2013: 362-395) y podía abastecerse. El problema de este último país no fue la falta de mineral, sino su transporte marítimo, con unos mares a partir de 1943 dominados por las fuerzas aeronavales estadounidenses, lo que también les impidió explotar masivamente los yacimientos de las Indias Orientales Holandesas conquistadas en 1942, no solo de wolframio, sino sobre todo de petróleo, caucho y aluminio, entre otros materiales. Al final, acabaron trasladando parte de sus industrias a su colonia coreana, lo que algo tuvo que ver, decenios más tarde, con el éxito de la industrialización de Corea del Sur. Así como de la de otra colonia japonesa de entonces, Formosa-Taiwán.

¿Pero, qué cualidades tiene el wólfam que lo hacían tan valioso y, sobre todo, por qué la *fiebre del oro* del wolframio en España y Portugal empezó en 1941 y no en el 1939 del inicio de la segunda contienda mundial?

Que el wolframio tenga el punto de fusión más elevado de todos los metales (con la excepción del carbono), así como el punto de ebullición más alto de todos los elementos químicos, le concede una importancia excepcional a la hora de fabricar productos tales como filamentos para lámparas incandescentes o para mezclarlo en la producción de aceros especiales, a los que proporciona una extraordinaria dureza. Esto era precisamente lo que se hacía con las puntas de las granadas antitanque o con los blindajes. Es más, se ha afirmado que fueron los alemanes los primeros en utilizar wolframio para endurecer las puntas de sus granadas y aumentar su capacidad de perforación de blindajes, y al parecer los primeros éxitos de Rommel en África fueron debidos al uso de este tipo de proyectiles (Li / Chung Yu 1956: 419)². Junto con este uso, lo emplearon también en su industria eléctrica, en la energética —en la fabricación de gasolinas sintéticas (Leitz 1996: 171), claves en el abastecimiento germano, llegó a representar el 33 % del total, y aceites sintéticos— así como componente de motores de aviación y de cohetes. Tal multiplicidad de usos y sus extraordinarias características, así como su utilización en menores cantidades que otros metales (como el cromo o el níquel) para aleaciones, le concedían especial importancia.

² Después, en 1944, los estadounidenses los usaron para destruir tanques alemanes en la Batalla de las Ardenas.

Era, pues, un mineral estratégico fundamental para Alemania, que antes de la guerra lo obtenía mayoritariamente de China (Chen 2015; Bingyan 2009; Zili 2007) —país aún hoy en día principal productor mundial. De las 14 200 toneladas importadas por el Reich en 1938, casi 9000 habían procedido de allí, otras 1295 de la India y tan solo una pequeña parte de Portugal y de España —658 y 119 toneladas respectivamente—. Contribuía a ello la menor concentración de metal tanto de la wolframita ibérica como de la scheelita —las dos mineralizaciones en las que el wólfam se presenta—, que las había hecho siempre menos atractivas. Pero este panorama había cambiado radicalmente a partir del año 1941 a raíz del ataque alemán a la Unión Soviética del 22 de junio. A partir de entonces Alemania ya no había podido traer por vía terrestre —utilizando el ferrocarril transiberiano— el tungsteno chino. Y, si bien seguiría obteniendo algunas pequeñas cantidades de allí gracias a la colaboración japonesa, este transporte se vio enormemente dificultado por el bloqueo naval aliado.

Por todo ello la importancia de la Península Ibérica a la hora del suministro se había multiplicado, al aumentar exponencialmente las compras germanas. Tengamos en cuenta que era en la península donde se concentraba el 95 por ciento de la producción europea de wolframita y una parte de los yacimientos se encontraban casi a ras de suelo, siendo costumbre antigua de campesinos portugueses, gallegos, asturianos, leoneses o extremeños recogerlo con azadas y venderlo como complemento de sus economías (Rodríguez 1985: 52). Pero ahora la explotación y búsqueda de nuevos yacimientos se disparó. En concreto, interesaba —y se comercializó, sobre todo— la wolframita, que tenía un 65 % de óxido de wolframio (WO_3).

Ahora bien, dentro de la Península Ibérica, el mineral siempre se extrajo en mayor cantidad de las minas de Portugal que de las de España (Li / Chung Yu 1956: 419). Fue, pues, en el país luso donde se dio la mayor producción de wólfam y donde los aliados obtuvieron también siempre más mineral que los alemanes durante la Segunda Guerra Mundial. De hecho, Alemania estuvo en buena parte ausente de este mercado (Carmona 2003: 263) hasta la derrota de Francia de junio de 1940, pero a partir de entonces y muy rápidamente (seis meses) consiguió implantarse y adquirir una posición destacada, tal y como puede verse en el cuadro 1. Y ello hasta el cierre definitivo del mismo de junio de 1944 (Avelas Nunes 2010: 393).

Cuadro 1. Exportaciones de concentrado (65 % WO₃) de wólfam portugués (toneladas)

	1940	%	1941	%	1942	%	1943	%	1944	%	1940-44	%
A Alemania	185,20	5,40	1814,30	34,70	2168,90	45,20	1342,30	20,00	701,40	26,10	6212,20	27,20
A R.U.	1782,90	51,80	2363,30	45,10	2589,40	53,90	5321,40	80,00	1986,90	73,90	14 043,90	61,50
A EE. UU.	768,40	22,30	847,70	16,20							1762,10	7,70
A otros países	706,38	20,50	209,31	4,00	43,24	0,90					823,84	3,60

Fuente: Avelas Nunes 2010: 392

Las cifras anteriores se refieren al comercio legal, pero tanto en el mercado portugués como en el español existió en paralelo un amplio contrabando, organizado por los dos bandos contendientes hacia sus respectivos países. Contrabando que contó con la colaboración, en el caso de Alemania, tanto de las autoridades portuguesas como de las españolas. En Portugal estaba su Gobierno interesado en compras de armamento pesado alemán y las operaciones se realizaron siempre en secreto (Avelas Nunes 2010: 418). Se realizó con sociedades nominalmente privadas pero en realidad de propiedad del Reich, como la Minero-Silvícola Lda. (con sede en Lisboa), la Sociedad Financiera e Industrial SOFINDUS (con sede en Madrid) y la Rohstoff-Waren-Kompensation Handelsgesellschaft ROWAK (con sede en Berlín) (Avelas Nunes 2010: 419-420), las dos últimas actuantes también en el comercio español.

Por otra parte, también entre Portugal y España existió un enorme contrabando, estimulado primero por los precios más altos que se pagaban en el país luso (Ruiz Morales 1946: 234; Telo 1991: 214-215; Leitz 1996: 171 4n) y después por la situación inversa en España. Igualmente, y de cara a la salida desde España del wolframio español y del portugués hacia Alemania, el contrabando estuvo tolerado, e incluso estimulado, por autoridades —y por algún ministro, como el de Industria y Comercio Demetrio Carceller. De hecho, durante la *Batalla del Wolframio* que se libró en España durante cuatro meses de 1944 se continuó vendiendo y permitiendo el transporte clandestino de wolframio a Alemania, si bien las cantidades exportadas fueron inferiores a las que se habrían hecho en circunstancias normales.

En cuanto a los resultados de las compras por ambos contendientes en España, digamos que, al contrario que en Portugal, aquí los alemanes fueron siempre —con la excepción del año 1943— capaces de adquirir más wolframio legalmente que los aliados, aunque siempre en cantidades inferiores a las que ambos obtenían en Portugal, como podemos ver en el cuadro 2:

Cuadro 2. Producción, Exportaciones a Alemania y a los aliados, compras y precios de wolframio español (1941-1944)

Año	Producción de wolframio (en Tn)	Exportaciones/compras alemanas (en Tn)	Exportaciones/compras Aliadas (en Tn)	Precio (ptas./Tn)
1941	503,60	318/800	20/72	Entre 25 790-65 000
1942	1475,50	794/805	438/771	Entre 125 000-160 000
1943	3618,70	834,3/1309	943/3.021	Entre 170 000-275 000
1944		843,6/1031	336/1088	180 000

Fuente: Leitz 1996: 176; Thomàs 2011: 124

La *fiebre del oro* del wólfam en España había comenzado cuando Gran Bretaña se dio cuenta del incremento de aprovisionamiento de wólfam español por parte de Alemania en 1941. Fue entonces cuando inició su competencia por las compras, logró que en 1942 se incorporase a su estrategia y en su ayuda Estados Unidos, creándose la United States Commercial Corporation, a imagen y semejanza de la corporación británica de compras, la United Kingdom Commercial Corporation. De esta manera el programa conjunto anglonorteamericano de compras preventivas en España de la segunda mitad de 1942 dedicaría considerables sumas (10 millones de dólares de un total de 54) a la adquisición de wolframio (Armfield 1947: 166). Y al año siguiente los aliados serían capaces de hacerse con una mayor cantidad de wolframio español que los alemanes. En ese 1943, el mineral en cuestión se había convertido, en términos de su valor, en el primer producto español exportado (Leitz 1996: 172), y alcanzó su máximo precio —285 000 pesetas por tonelada, a las que se añadían 100 000 más de impuesto a la exportación por parte del Estado español—. Sin embargo, la situación dio un giro espectacular en la primera mitad de 1944, cuando se produjo la que he denominado *Batalla del Wolframio* y acabó abruptamente la *fiebre del oro* española.

II. LA BATALLA DEL WOLFRAMIO

La *Batalla del Wolframio* fue la pugna provocada en enero de 1944 por la exigencia de los aliados —por iniciativa de Estados Unidos— a España de que dejase de vender wolframio a ninguno de los contendientes bajo la amenaza de corte del suministro de productos petrolíferos y a la que Franco se resistió hasta finales de abril de ese año. Fue durante este intervalo cuando se produjo el citado corte. Sus causas fueron tres. En primer lugar, el hecho de decidirse en la Conferencia de Teherán (28 de noviembre-1 de diciembre de 1943) por los tres líderes aliados —Roosevelt, Stalin y Churchill— la apertura de un nuevo frente en Europa a partir del que acabaría siendo el desembarco de Normandía del mes de junio siguiente. Se consideraba que el privar a Alemania de importaciones de wolframio con seis meses de antelación repercutiría directamente en su capacidad de uso de armamento producido con este mineral.

En segundo lugar, en Estados Unidos había producido indignación un telegrama de felicitación dirigido por España al nuevo presidente del Estado títere projaponés de Filipinas, José Paciano Laurel García, el mes de octubre de 1943, que había sido ampliamente difundido por la prensa y fue utilizado por la Administración Roosevelt políticamente contra el régimen franquista y en tanto que justificación del endurecimiento de la política hacia el mismo. Igualmente habían producido indignación las noticias de que la retirada de la División Azul del frente ruso y su repatriación había sido en parte escamoteada por los franquistas constituyendo una nueva, y más reducida, Legión Azul, que continuaría luchando dentro de la Wehrmacht (Thomàs 2010: 100-116).

La tercera causa fue el conocimiento de que España había concedido facilidades —un crédito en pesetas— al Reich para que pudiese seguir comprando masivamente wolframio español cuando se había quedado sin ellas en el último trimestre de 1943 (García Pérez 1994: 446). Ello implicaba que en el momento en que los aliados habían superado en compras a los alemanes en España, pagando en divisas, los españoles, conscientes de la falta de estas en manos de los nazis, les habían concedido un crédito en pesetas para continuar en el mercado. Un crédito, por otra parte, que Alemania se había comprometido a reembolsar en especie —en armas y tecnología, sobre todo— y del que España se descontaría cantidades de la deuda contraída con el Reich en la Guerra Civil, aunque nada

de esto último lo sabían ni Estados Unidos ni el Reino Unido. El conocimiento de la concesión de crédito fue decisivo en el apoyo de los británicos a la iniciativa estadounidense de plantear un ultimátum a España. Unos británicos que se mostraban reticentes a la adopción del cambio de política hacia Franco debido a su dependencia de otros productos españoles como piritas o cítricos.

La exigencia del fin de las exportaciones de wolframio a los dos contendientes se había presentado igualmente por los aliados a Portugal, y contó, como ocurrió con Franco, con el rechazo del dictador Salazar. Sin embargo, la reacción estadounidense y británica frente a la negativa fue muy diferente a la española. Hay que tener en cuenta que desde el mes de agosto de 1943 el país estaba permitiendo el uso por parte del Reino Unido de bases militares en las islas Azores (unas bases que en 1944 podrían usar también los estadounidenses). Esta colaboración facilitó el que no se aplicasen al régimen luso las medidas de presión infligidas a España, si bien, como hemos avanzado, tras finalizar la *Batalla* con España, Portugal decidiría —en junio de 1944— el fin de las exportaciones de wólfam. Digamos, por otra parte, que la ocupación Aliada de buena parte del territorio francés durante la segunda mitad de 1944 haría prácticamente inviable la llegada de wolframio desde la Península Ibérica a Alemania.

En España la *Batalla del Wolframio* implicó la adopción por Estados Unidos y Gran Bretaña de medidas como el corte del suministro de petróleo y sus derivados, lo que tuvo serias consecuencias sobre la actividad económica y sobre la población en general. Sin embargo, cantidades importantes de mineral continuaron fluyendo a Alemania, sorteando la prohibición provisional adoptada nominalmente por el Gobierno español. Lo hicieron clandestinamente, bajo la protección del ministro Carceller, que contaba con el apoyo de Franco y se realizó de espaldas al ministro de Exteriores, general Gómez Jordana. Este último se mostró siempre más abierto a cesiones a los aliados —consciente como era del cambio de tendencia de la Guerra Mundial— que el jefe del Estado, Carceller y los ministros militares y falangistas, y se produjeron, por la cuestión de la *Batalla del Wolframio*, fuertes e insólitas tensiones dentro del Consejo de Ministros e incluso la dimisión —no aceptada por Franco— de Jordana.

Pero también existieron fuertes tensiones entre Churchill y Roosevelt en relación con el wólfam español, intentando el primero finalizar la *Batalla* cuanto antes a base de cesiones conjuntas al estar su país necesitado de las otras expor-

taciones españolas, frente al maximalismo y la intransigencia del presidente de Estados Unidos. Es más, Londres amenazaría en algún momento a Washington con descolgarse de la *Batalla*, reanudando unilateralmente el suministro de petróleo a Franco, lo que provocó finalmente una mayor transigencia de su *partner* transatlántico.

Y aun dentro de la propia Administración estadounidense se producirían tensiones en relación con el asunto, incluso llegó a dimitir el embajador en Madrid, Hayes, por discrepancias con la dureza de los suyos; una dimisión que no le fue aceptada por el presidente.

Al final, el 1 de mayo de 1944, se llegaría a un acuerdo. Un pacto que, si bien no implicaba el corte total de las exportaciones del mineral español a Alemania, sí una enorme reducción —se permitiría el envío de 20 toneladas en mayo, 20 en junio y 40 después—, así como la adopción de medidas contra el contrabando del mineral. Y aun otras, de entre las que destacaban la retirada de la Legión Azul, la expulsión de agentes nazis del país y el cierre del Consulado alemán de Tánger³. Posteriormente, con la casi imposibilidad de hacer llegar el wólfram a Alemania por la citada ocupación aliada del territorio francés, fue desapareciendo el comercio del wólfram con este país. Lo que, sumado al cese de las adquisiciones aliadas, provocaría el fin de la *fiebre del oro*.

III. WOLFRAMIO Y GALICIA EN LA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Hablar de wolframio durante la Segunda Guerra Mundial en España implica hacerlo sobre todo de Galicia, ya que los yacimientos de este mineral —situados en las provincias de A Coruña (con un 37 por ciento del total español), Ourense (con un 18) y Pontevedra (con un 14)— representaron el 69 por ciento de la producción española en el período 1940-1954, aunque también se explotaron los de Salamanca (con un 12 por ciento), León (3 por ciento), Extremadura (13 por ciento), Córdoba (2 por ciento) y Asturias (1 por ciento). Ello no significa que el subsuelo gallego esté repleto de wólfram, sino que tan solo aparece en seis

³ Vid. Acuerdo de 1º de mayo de 1944 sobre exportación de wolframio, Jefatura del Estado, Legajo 3, Expediente 5, Archivo de la Presidencia del Gobierno.

de sus comarcas (Valdeorras, Xallas, Trasdeza, Bergantiños, Lobios y Barbanza) (Cabana 2017: 2).

Hasta la Guerra Civil la minería del wólfram gallego —en tanto que hermana menor de la estañífera— estuvo bien en manos británicas y nucleada alrededor de la compañía San Finx Tin Co en Carbia —desde 1944 denominada Vila de Cruces— (Pontevedra) y en Lousame (A Coruña); bien en manos francesas, con la Sociéte des Étaíns de Silleda (Pontevedra) (Rodríguez Pérez 1985: 56; Carmona 2003: 266). Sin embargo, ya durante la contienda, en 1938, comenzó la plena introducción en el negocio de la Alemania nazi, constituyendo sociedades dedicadas a la explotación del mineral como la Santa Tecla (A Coruña) y Montes de Galicia (Ourense) —que explotaría los importantes yacimientos de Casaio (así como otros en Salamanca y Badajoz). Para ello se utilizaron testaferros españoles ya que debían sortear las restricciones a la proporción de propiedad extranjera en compañías mineras contenidas en la ley franquista de 1938, que la limitaba al 40 por ciento (Carmona 2003: 268), aunque en algunos momentos y por presión germana se autorizarían excepciones (García Pérez 1994: 73)⁴. Destacaría, entre los hombres de paja españoles, José María Martínez Ortega, conde de Argillo, futuro consuegro de Franco. Y, tal y como ocurría en Portugal, también en el caso español la sociedad propietaria del conjunto de intereses económicos nazis en el país, incluyendo los relacionados con el wólfram, sería el *holding* germano SOFINDUS, cuyo director era Bernhardt, asimismo director de la Sociedad Hispano-Marroquí de Transportes Ltda. (HISMA), la compañía-tapadera que primero amparó las relaciones comerciales entre el bando franquista y la Alemania nazi. Dentro de SOFINDUS las inversiones mineras se agruparon en una subsidiaria de HISMA denominada Montaña S. A. (García Pérez 1994: 75). El transporte del wólfram desde Galicia a Alemania durante la Guerra Civil se realizaría por mar, pero a partir de la derrota de Francia en la Guerra Mundial pasaría a realizarse básicamente por vía terrestre, con Irún (Carmona / Nadal 2005: 253) como base de salida fundamental, aunque no única (Canfranc y otras).

La explotación del wolframio en Galicia se acabó realizando de seis maneras diferentes, en una intersección de prácticas legales e ilegales que convenía a todos

⁴ Como a raíz de la Batalla del Ebro (julio-noviembre de 1938), cuando presionaron con el suministro de armamento y munición a Franco.

los participantes, en su interés por burlar en lo posible la intervención estatal que representaba, desde su creación en 1941, el Consejo Ordenador de Minerales Especiales de Interés Militar (COMEIN). Intervención que obligaba a declarar las producciones, obligaba al mineral a circular con guías o permisos de circulación, fijaba los precios de tasa —aunque estos se dejaron libres— y gravaba la producción primero y la exportación después con las citadas 100 000 pesetas por tonelada.

En primer lugar, estaba la explotación que realizaban las compañías mineras de sus yacimientos o de los que arrendaban, con frecuencia con fuertes inversiones en la construcción de pozos y galerías, así como lavaderos, separadoras, etc. Fueron las empresas alemanas de Montaña-SOFINDUS —Montes de Galicia, SOMAR, Minas Reunidas y Santa Tecla—, con explotaciones en Viladecervos, Vilanova, Casaio y Monte Neme—; las españolas —Industrias Gallegas, propiedad del Banco Pastor, que había recibido del Estado español la concesión de explotación de la inglesa San Finx tras ser nacionalizada en 1941; y la Compañía Minera Santa Comba, de Ildefonso Fierro—; y francesas —Sociedad de Estaños de Silleda—, con explotaciones en Carbia / Vila de Cruces (Fontao), Santa Comba / Varilongo y San Finx (Carmona / Nadal 2005: 253). La excepción en cuanto a métodos rudimentarios de explotación y a cielo abierto fue Santa Comba (Carmona / Nadal 2005: 256). Algunas de estas compañías complementaban su personal con presos, de batallones de trabajadores —llamados *destacamentos penales*— formados por presos políticos, todo ello en aplicación de la Ley de Redención de Penas por el Trabajo de 7 de octubre de 1938, que instituía la reducción de las condenas en función de las jornadas trabajadas. Conocemos los destacamentos actuantes en Valdeborrás de Casaio —con un total de 463 penados en los 19 meses en que funcionó (García Tato 2016: 95)— y en Fontao (Vila de Cruces / Carbia) —con un total de 554 reclusos durante 24 meses— (Rodríguez Galdo / Losada Álvarez 2002: 235).

En segundo lugar, estaba el trabajo que se efectuaba en multitud de pequeñas explotaciones, muchas veces de una sola mina, dirigida por concesionarios individuales, con pocos operarios trabajando, volúmenes de producción pequeños y sin casi instalaciones. Fueron explotaciones donde muy mayoritariamente se trabajaba a cielo abierto, surgidas al calor de los altos precios alcanzados a partir de 1942 y que cerraron su actividad tras el fin de la escalada, en 1944. Los

operarios registrados en los dos tipos de explotación citados hasta ahora podían agrupar en 1943 a 9680 en 90 minas, lo que es buena muestra de la expansión del segundo tipo.

La tercera forma de explotación resulta más singular y la constituyó el tradicional *aventureo*, que existía en Galicia ya desde el siglo XIX y que realizaban grupos de personas individuales que trabajaban a destajo en yacimientos a cielo abierto. Un trabajo de *aventureiros* ahora redefinido como labores clandestinas de producción complementarias de las legales en la medida en que su producción se vendía bajo mano a compañías o personas registradas (Rodríguez Pérez 1985: 65). De hecho, eran con frecuencia las propias empresas las que autorizaban a estos trabajadores con el objetivo de obtener su producción y evitar la obligatoria declaración a las autoridades.

Otra forma de explotación era la de los trabajadores que, de manera individual o en grupo, trabajaban en una especie de aparcería/arrendamiento, entregando una parte de la producción, o una cantidad de dinero, al concesionario para poder laborar. Otra, la de los llamados «recuperadores», que pagaban para poder recoger los desechos con menor contenido metálico de las producciones de las empresas (Carmona / Nadal 2005: 255). Y, por último, estaban los campesinos que buscaban mineral de baja ley en zonas de aluvión donde no había concesiones, o cerca de donde las había. Estos últimos tipos de trabajo no aparecen en las estadísticas, lo que impide establecer el número total de trabajadores que se dedicaron a la minería del wolframio en Galicia en los años de la *fiebre*. El máximo de los registrados legalmente fue de 21 747 en 1943 (Carmona / Nadal 2005: 257), pero fueron muchos más.

Las formas irregulares de trabajo favorecieron el mercado negro —denominado en España por entonces *estraperlo*—, así como el contrabando —el comercio con el exterior ilegal. Ambos se nutrieron de todas las formas de explotación de la minería del wólfam citadas. El objetivo de los vendedores eran las empresas o intermediarios de redes —que incluían funcionarios sobornados y, como hemos visto en el caso del wólfam destinado a Alemania, de un ministro— y el objetivo hacer llegar el mineral no declarado a las UKCC y USCC o a la compradora alemana Minerales de España. Fue un tráfico a su vez estimulado por estas, que movió descomunales cantidades de dinero y también dio lugar a múltiples incidentes, enfrentamientos y robos, todo ello en medio de las actuaciones de los

servicios de espionaje aliados (Grandío Seoane 2017: 106) y nazis así como del maquis, con actuaciones a favor de los aliados de la IV Agrupación Guerrillera de Galicia, comandada por Manuel Ponte (Rolland 2006: 41-42; Fernández Fernández / Castro Franco / Revilla Casado / Rodríguez Gutiérrez 2012: 281 y ss.). El mercado negro se nutrió igualmente, en menores cantidades por supuesto, de ocultaciones de mineral extraído por los trabajadores de las minas, robos en almacenes u otras prácticas (Rodríguez Pérez 1985: 64-66). Hubo también casos de destrucciones de casas o graneros para recuperar mineral de los materiales utilizados para construirlos, con gran provecho para sus propietarios (Carmona / Nadal 2005: 254).

Más específicamente en cuanto al contrabando entre Galicia y Portugal, se ha destacado su duplicidad en algunos casos con el pase de disidentes políticos antifranquistas al país vecino, así como su carácter también de estrategia de supervivencia en el marco de una resistencia cotidiana frente a la dictadura. Igualmente se ha destacado la amputación, en la memoria del contrabando y del estraperlo del wólfram por parte de los sectores más humildes, de todo lo relacionado con la Guerra Mundial y los contendientes en la misma en favor del papel que el dinero de su venta supuso a la hora de mejorar o sobrellevar unas condiciones de vida extremadamente difíciles (Cabana 2017: 12 y *passim*).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ARMFIELD, Blanche Britt (1947): *Preclusive Operations in the Neutral Countries in World War II*, Prepared as one of the Foreign Economic Administration historical studies and typed by the USCC, N.d. FEA Records, National Archives and Records Administration (College Park, Maryland).
- AVELÁS NUNES, João Paulo (2010): *O Estado Novo e o Volfrâmio (1933-1947)*, Coimbra, Imprensa da Universidade de Coimbra.
- BINGYAN, Cai (2009): *The Search for Allies: Chinese Alliance Behavior from 1930 to the End of WWII*, Hawai'i Pacific University.
- CABANA IGLESIA, Ana (2017): «Casi todo era negro: resistencias y puntos de fuga en torno al tráfico ilegal de mineral (Galicia, 1939-1945)», *Cahiers de civilisation espagnole contemporaine*, 18 (<https://doi.org/10.4000/ceec.6511>).
- CARMONA BADÍA, Joám (2003): «La minería española del wolframio, 1936-1954: los años de la fiebre», en Glicerio Sánchez Recio / Julio Tascón Fernández (eds.), *Los empresarios de Franco. Política y economía en España, 1936-1957*, Barcelona, Crítica / Publicaciones de la Universidad de Alicante, 261-280.
- CARMONA BADÍA, Xoán / Jordi NADAL OLLER (2005): *El empeño industrial de Galicia. 250 años de historia, 1750-2000*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- CHEN, Hao (2015): *Negotiating for Alliance. Republican China's Relations with National Socialist Germany and the United States, 1937-1941*, PhD Diss, McGill University, Montreal.
- CONS, Paula (2017): documental *La Batalla Desconocida*.
- DENTON, Chad (2013): «More Valuable than Gold: Korean Tungsten and the Japanese War Economy, 1910 to 1945», *Seoul Journal of Korean Studies*, 26:2, 361-395.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Eliseo / Diego CASTRO FRANCO / Javier REVILLA CASADO / Alejandro RODRÍGUEZ GUTIÉRREZ (2012): «¡Oro negro!: la lucha por el wolframio ibérico», en Emilio Grandío Seoane / Javier Rodríguez González (eds.), *War Zone. La Segunda Guerra Mundial en el Noroeste de la Península Ibérica*, Madrid, Eneida, 243-324.
- GARCÍA PÉREZ, Rafael (1994): *Franquismo y Tercer Reich. Las relaciones económicas hispano-alemanas durante la Segunda Guerra Mundial*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales.
- GARCÍA TATO, Isidro (2016): *El destacamento penal de las minas de wolfram de Valdeborrás de Casaio (Carballada de Valdeorras)*, Santiago de Compostela, CSIC.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (2017): *A Balancing Act. British Intelligence in Spain during the Second World War*, Brighton, Sussex Academic Press.
- LEITZ, Christian (1996): *Economic relations between Nazi Germany and Franco's Spain 1936-1945*, Oxford, Clarendon Press.
- LI, K.C. / Wang CHUNG YU (1956): *Tungsten*, New York, Reinhold Publishing Co.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2015): «Falangismo, Nacionalsocialismo y el mito de Hitler en España (1931-1945)», *Revista de Estudios Políticos (nueva época)*, Julio-septiembre, 13-43.
- PELLÓN, Inés / Ramón GAGO (1994): *Historia de las cátedras de Química y Mineralogía de Bergara a finales del siglo XVIII*, Bergara, Ayuntamiento de Bergara.
- RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé / Abel LOSADA ÁLVAREZ (2002): *El poblado minero de Fontao. El wolframio en la historia empresarial y urbanística de Galicia*, Pontevedra, Instituto Galego da Vivenda e Solo.

- RODRÍGUEZ PÉREZ, José Alberto (1985): «A minaría do volfrámio en Galiza (1887-1960). Umha primeira aproximación», *Agália*, monográfico n.º 2, 49-70.
- ROLLAND, Eduardo (2006): *Galicia en guerra. Espías, batallas, submarinos e volframio: do desfile da Wehrmacht en Vigo á fuxida dos criminais nazis*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- RUIZ MORALES, José Miguel (1946): *La economía del bloque hispano-portugués*, Madrid, Instituto de Estudios Políticos.
- TELO, António José (1991): *Portugal na Segunda Guerra Mundial (1941-1945)*, Lisboa, Editorial Vega.
- THOMAS, Joan Maria (2010): *La batalla del wolframio. Estados Unidos y España de Pearl Harbor a la Guerra Fría (1941-1947)*, Madrid, Cátedra.
- THOMAS, Joan Maria (2011): *Roosevelt, Franco, and the End of the Second World War*, New York, Palgrave-Macmillan.
- THOMAS, Joan Maria (2017): «Tungsten in the Second World War. China, Japan, Germany, the Allies and Iberia», *Comillas Journal of International Relations*, 10, 65-90.
- THOMAS, Joan Maria (2020): «La Alemania nazi y el fascismo español durante la Guerra Civil», *Cuadernos de Historia de España*, Universidad de Buenos Aires, 87, 37-54.
- ZILI, Xiao (2007): «Japan Looted China's Tungsten and how Nationalist Government Responded in Wartime», *The Journal of Studies of China's Resistance Against Japan*, 1, 140-143.

ARCHIVOS

Jefatura del Estado. Archivo de la Presidencia del Gobierno, en Archivo General de la Administración.
 National Archives and Records Administration NARA-2, College Park, Maryland.
 Rare Books&Manuscripts Library. Columbia University, New York.

SECCIÓN II
GALICIA E OS ALIADOS

ALIADOS Á FORZA. AS REDES DA VITORIA. O VATICANO E OS ESTADOS UNIDOS NA GALICIA DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

José Ramón Rodríguez Lago
Universidade de Vigo

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.005](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.005)

NA FISTERRA DE EUROPA

Mentres os exércitos do III Reich iniciaban a ocupación da católica Polonia e a xefatura de prensa do réxime franquista censuraba a publicación da carta pastoral do cardeal primado, «Leccións da guerra e deberes da paz», o 8 de setembro de 1939, o español Joaquín Ruiz Jiménez foi elixido en Nova York novo presidente mundial de Pax Romana (Rodríguez Lago 2016, 2017). Tal e como recolleu na súa crónica o correspondente do *The New York Times*, o máximo dirixente do internacionalismo católico declarou entón no auditorio do Manhattan College que as actividades da organización deberían estenderse agora «por todos os recunchos do mundo, para preparar o período de reconstrución que seguirá á fin das hostilidades en Europa»¹.

Estudar as redes que o Vaticano e os Estados Unidos teceron naqueles anos nun daqueles recunchos do mundo permite constatar o papel que Galicia tivo nun marco de extrema incerteza. Só unhas semanas máis tarde do sucedido en Nova York, o embaixador norteamericano en España, Alexander Weddell, veneraba as reliquias do Apóstolo na catedral de Santiago de Compostela². Para os norteamericanos, máis aló da riqueza das minas do volframio (Thomas 2010), o noroeste peninsular contaba con outras dúas claves para o desenvolvemento das operacións bélicas: a súa situación ante o corredor atlántico e a súa fronteira cun posible aliado como a ditadura de Salazar. Para o Vaticano, a Fisterra do vello continente vírase libre da destrución que arrasara as institucións eclesiásticas nunha boa parte de España, pero dispoñía ademais dun capital simbólico transnacional, cun culto xacobeo que tan útil resultara para erixir o relato dunha Europa cristiá e unha América hispánica³.

Pola súa extensión, capacidade e asentamento en Galicia, as redes vaticana e norteamericana foron sempre moi desiguais. Tamén evolucionaron durante a guerra de maneira dispar e diferiron nos seus intereses e na súa visión do mundo. Con todo, en función dun inimigo común —o nazismo— e a pesar das mutuas

¹ «New Ties Sought to Latin America», *The New York Times*, 9 de setembro de 1939.

² «Ayer visitó la ciudad el embajador de Estados Unidos en España», *El Correo Gallego*, 26 de setembro de 1939, p. 2.

³ Pío XI aprobara na Guerra Civil a prórroga do Ano Santo Xacobeo de 1937 estendido a 1938 (Rodríguez Lago 2010: 208-209).

resistencia, veríanse forzadas a cooperar —tamén en Galicia— para alcanzar a vitoria. De calquera modo, as súas redes de información, cooperación e propaganda moveríanse sempre en función da evolución da fronte militar, única capacitada para ditar as liñas de forza. Nun réxime pretendidamente totalitario e filonazi como o dos primeiros anos do franquismo, deberían actuar tamén con suma discreción ou na máis estrita clandestinidade (Grandío Seoane / Rodríguez Lago 2016). Este capítulo suma ás fontes consultadas en España as xeradas polo Departamento de Estado e os servizos de intelixencia norteamericanos, consultadas nos National Archives II de College Park, Maryland (NARA), os Spanish Papers do embaixador Hayes depositados nos arquivos da Universidade de Columbia, Nova York (CUA), e os fondos da National Catholic Welfare Conference (NCWC) na Universidade Católica de América, Washington D.C. (ACU). Tras a recente apertura aos historiadores dos fondos relacionados co pontificado de Pío XII, unha próxima investigación no Arquivo Apostólico Vaticano redundará en beneficio do coñecemento dunha temática para a que me atrevo agora a sinalar algunhas claves e hipóteses.

ENTRE O TEMOR E A CAUTELA (SETEMBRO DE 1939 A XUÑO DE 1940)

Como unha proba máis do achegamento entre o Vaticano e os Estados Unidos⁴, o XVIII Congreso Mundial de Pax Romana realizouse entre Nova York e Washington contando con pleno apoio de Pío XII e da súa man dereita, o cardeal Giuseppe Pizzardo. A designación de Ruiz Jiménez como presidente culminou con éxito a campaña orquestrada para fortalecer as redes transatlánticas entre ambas as beiras. En maio dese mesmo ano, Ruiz Jiménez e o galego Maximino Romero Lema contaran co apoio do Goberno⁵ para participar no II Congreso da

⁴ En novembro de 1936, Eugenio Pacelli como secretario de Estado do Vaticano e o presidente F. D. Roosevelt mantiveron unha primeira reunión en Hyde Park, Nova York, e acordaron estreitar a relación entre ambas as administracións. Á mediación de Joseph Kennedy como embaixador en Londres e do cardeal Spellman, engadírase en febreiro de 1940 a designación de Myron Taylor como representante oficioso ante a Santa Sé (Pollard 2014: 310-312).

⁵ Carta de aprobación do financiamento pola vicepresidencia do Goberno, 24 de abril de 1939. Archivo Ruiz-Giménez: Pax Romana, 1931/1946, caixa 409-06.

Confederación Iberoamericana de Estudiantes Católicos realizada en Lima, onde esgrimiran unha alegación en favor dun catolicismo integral⁶; en xuño, o cardeal primado, Isidro Gomá, tratara de manter o apoio dos católicos norteamericanos, que tanta axuda prestaran durante a guerra⁷; entre xullo e agosto, o nuncio en Madrid, Gaetano Cicognani, percorrera España xunto ao seu irmán, o delegado apostólico en Washington, Amleto Cicognani. A súa entrevista conxunta co vicepresidente e ministro de Asuntos Exteriores, Francisco Gómez Jordana⁸, parecía garantir que os intereses católicos poderían verse a salvo das tentacións pagás. Avezados diplomáticos norteamericanos como Hoover ou Hugh Gibson criticaban a equiparación do réxime co fascismo: «A idea de que se trate dun réxime fascista resúltame simplemente cómica [...]. Se iso é fascismo, trátase dunha nova e sorprendente modalidade»⁹. O Vaticano e a Administración norteamericana traballaban nunha perspectiva que asociaba o marco español máis con América Latina que con Europa. Con todo, o fulminante progreso dos exércitos do III Reich no continente dinamitaría moi pronto tal estratexia e afectaría moi notablemente a traxectoria das redes vaticana e norteamericana, tamén en Galicia.

Á altura de setembro de 1939 a Igrexa católica contaba en Galicia cunha presenza hexemónica, que se manifestaba en todas e cada unha das localidades e permitía á Santa Sé dispoñer dun volume de información e dunha poderosa canle de propaganda e acción. Os proxectos reformistas auspiciados para España pola Santa Sé e polo episcopado norteamericano víronse pronto paralizados. Os resultados obtidos no Congreso Mundial de Pax Romana foron silenciados en España e Ruiz Jiménez desapareceu da escena pública durante tres anos. A Santa Sé optaría por dar tempo ao tempo mantendo nos seus cargos aqueles clérigos que manexaran

⁶ «La Hispanidad triunfa sobre el neo-cristianismo francés en el Congreso de los Estudiantes católicos de Lima», *El Correo Gallego*, 13 de agosto de 1939, p. 5.

⁷ Carta de Michael Williams ao secretario xeral da National Catholic Welfare Conference, Michael J. Ready, 4 de xuño de 1939. Cartas do cardeal Gomá a Ready, 9 de xuño e 19 de agosto de 1939. ACU: NCWC, International Affairs, caixa 50.

⁸ Francisco Gómez Jordana recibirá en 1926 o título de conde outorgado polo rei Afonso XIII. Contando coa máxima confianza de Franco, exerceu como presidente da Xunta Técnica do goberno dos sublevados dende xuño de 1937, como vicepresidente e ministro de Exteriores dende xaneiro de 1938 e como presidente do Consello de Estado dende agosto de 1939. En setembro de 1942 volveu facerse cargo do Ministerio de Exteriores ata o seu falecemento en agosto de 1944.

⁹ «Talk with Hugh Gibson», 10 de setembro de 1939. ACU: NCWC, International Affairs, caixa 51.

as cinco dioceses galegas nos convulsos anos da Guerra Civil. Na arquidiocese de Santiago, o arcebispo Tomás Muniz Pablos seguiu delegando as tarefas máis incómodas no seu vigairo xeral, Fernando Peña Vicente, a quen os informes de Falanxe tiñan por «inimigo acérrimo» (Documentos 1993: 116)¹⁰. En Tui, o arcebispo de Valladolid, Antonio García García, continuou exercendo como administrador apostólico da diocese, contando co labor desenvolvido polo seu vigairo xeral, Lorenzo Miguélez Domínguez¹¹. A pesar da longa e grave enfermidade do bispo de Ourense, Florencio Cerviño González —incapacitado para gobernar—, e a pesar do torrente de denuncias presentadas contra o vigairo xeral, Diego Bugallo Pita, este seguiu manexando ao seu antollo aquela diocese (Rodríguez 2010: 40). En Lugo, o prelado Rafael Balanzá Navarro administraba a diocese, arroupado polo seu vigairo, Ramón Sindín Barreiro, e o chanceler Miguel Novoa Fuente. En Mondoñedo, o bispo Benjamín Arriba y Castro loitaba por manter o clero e a militancia segrar distantes dos cánticos de serea do nacionalsocialismo. Aos prelados das dioceses galegas sumábase ademais a influencia moi notable de Leopoldo Eijo Garay, bispo de Madrid e veraneante recorrente no seu Vigo natal, que, a pesar das denuncias cursadas contra el ante a curia romana (Rodríguez 2012), se vería amparado polas redes establecidas con Falanxe e o clero castrense.

En novembro de 1939 os boletíns episcopais¹² recolleron a denuncia publicada o 15 de outubro no boletín da arquidiocese de Toledo sobre a censura imposta á pastoral do cardeal primado en agosto (Dionisio 2009). En xaneiro de 1939 a sinatura do convenio cultural hispano-alemán preocupou no Vaticano e en Washington. Os progresos dos principios pagáns, amparados agora polo nacionalsocialismo (Steigmann-Gall 2007), esixían mobilizar a militancia católica. En virtude das novas bases de reorganización da Acción Católica, aprobadas en maio de 1939, o bispo de Mondoñedo foi o primeiro en publicar unha pastoral que promovía a

¹⁰ Procedente da diocese de Salamanca chegara á arquidiocese de Santiago en 1925 como secretario de cámara do arcebispo Julián de Diego García Alcolea. Exerceu como vigairo xeral da arquidiocese entre 1933 e 1957.

¹¹ Procedente da diocese de Astorga, en 1914 obtivo a praza de cóengo doutoral na catedral de Tui. Exerceu como vigairo xeral dende 1928. En maio de 1941 foi nomeado profesor da Universidad Pontificia de Salamanca e o novo vigairo xeral de Tui pasou a ser Jesús A. Varela.

¹² Muniz y Pablos, Tomás: «Razón de este número», *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago* (BOAS), 10 de novembro de 1939, pp. 231-214.

súa expansión na súa diocese¹³. En marzo de 1940 constituíuse a Xunta Técnica da Acción Católica Española. Alberto Martín Artajo, secretario persoal de Ángel Herrera, presidente da Asociación Católica Nacional de Propagandistas, oficial letrado maior, secretario interino do Consello de Estado e delegado de Pax Romana no citado congreso de Nova York, asumiría agora a dirección da militancia católica. En Galicia, as xuntas constituídas en cada diocese foron presididas por: o director do Instituto de Bacharelato, Luis Peña Mantecón, en Santiago; o enxeñeiro de Obras Públicas, Maximino Casares Ortiz, en Ourense; os notarios José María de la Fuente Bermúdez e Felicísimo Rodríguez Estalot, en Mondoñedo e Lugo; o empresario Eduardo Fariña Dalamau, na Coruña¹⁴, e os avogados Ildefonso Vaquero Fortes¹⁵ e Adolfo Gregorio Espino, en Tui e Vigo¹⁶. Unha nómina de figuras notables que debería facer fronte aos arrebatos falanxistas por construír un sistema totalitario no que a Igrexa se vería sometida aos ditados do Estado.

Se a Santa Sé, a pesar de contar en Galicia cunha estrutura forte e estable, se mostrou moi cauta á hora de tomar posicións fronte ao ascenso dos postulados nazis, a debilidade das redes norteamericanas asentadas por entón en España —tamén en Galicia— provocou que estas atravesasen circunstancias extraordinariamente adversas (Thomas 2007). Dende xuño de 1939, Alexander W. Weddell viña exercendo como embaixador en Madrid (Halstead 1974). En decembro transmitiu ao secretario de Estado, Cordell Hull, a conveniencia de atender as tensións existentes entre o réxime franquista e unha Santa Sé moi preocupada polo proceso de nazificación encabezado polo ministro de Gobernación, Ramón Serrano Suñer: «Tal impulso podería provocar un elemento de división no Goberno. Unha alianza no futuro do Exército, a Nobreza, a Igrexa e os tradicionalistas, contra o poder dos falanxistas, polo menos en materia eclesiástica, é concibible,

¹³ Benjamín Arriba y Castro: «Exhortación pastoral con algunhas disposicións sobre Acción Católica», 15 de setembro de 1939, *Boletín Eclesiástico del Obispado de Mondoñedo* (BEOM), pp. 161-168; «Exhortación Pastoral con motivo de las Nuevas Bases para la Acción Católica Española», 25 de xaneiro de 1941, BEOM, pp. 1-13.

¹⁴ Vicecónsul de honra de México na Coruña; consignatario da Compañía Xeral Transatlántica Francesa. Dende 1931, tesoureiro da Asociación Patronal da Coruña e presidente da Xunta de Obras do Porto. Dende febreiro de 1938, vicepresidente da Deputación Provincial.

¹⁵ Fillo do antigo presidente de Audiencia Provincial de Pontevedra, que falecera en novembro de 1939.

¹⁶ Alcalde de Vigo entre decembro de 1923 e xaneiro de 1927.

aínda que pouco probable»¹⁷. Do mesmo xeito que sucedera en América Latina durante as décadas previas (Rodríguez Lago 2020a/b; Martínez 2014; Espinosa 1976), os norteamericanos comezaron a valorar os réditos dunha posible cooperación coas institucións católicas.

A representación diplomática dos Estados Unidos sumaba entón, á embaixada en Madrid, o consulado xeral en Barcelona e oito oficinas consulares¹⁸. O consulado de Vigo contaba cunha estratéxica localización no terceiro piso do edificio Galoya, sede do Banco Hispano-Americano, en plena Porta do Sol. Os seus empregados debían velar polos intereses norteamericanos de Galicia e a provincia de Zamora, pero contaban daquela con moitos menos recursos que os axentes consulares de Alemaña (Giráldez 2014), Gran Bretaña, Francia ou Italia, asentados na cidade olívica. Exercía inicialmente como cónsul Thomas Campbell Wasson¹⁹, que pronto sería substituído por Clare Hayes Timberlake²⁰. Os norteamericanos sumaban ás súas redes diplomáticas formais as establecidas na esfera empresarial, técnica e cultural, sen excluír as propiciadas no ámbito relixioso. Nos meses seguintes resultarían decisivas para protexer os seus intereses as accións desenvolvidas polo American Friends Service Committee (Forbes 1943) en colaboración coa Cruz Vermella Internacional e as redes establecidas entre as axencias do episcopado norteamericano e os católicos españois, como a do sacerdote galego, xornalista e mestre de xornalistas Manuel Graña, quen dende 1921 exercía como correspondente do Catholic News Service (Rodríguez Lago 2018 e 2019).

RESISTIR A TENTACIÓN (XUÑO DE 1940 A ABRIL DE 1942)

As tropas do III Reich tomaron París o 14 de xuño de 1940. En setembro dese mesmo ano a aviación alemá comezou a bombardear as cidades británicas. Parecía

¹⁷ «Relations of Church and State in Spain under the Franco Government». Informe do embaixador A. W. Weddell ao secretario de Estado, 1 de decembro de 1939. NARA: Department of State, RG.59, caixa 6.455.

¹⁸ Bilbao, Málaga, San Sebastián, Sevilla, Valencia, Las Palmas, Tenerife e Vigo. En 1944 engadíronse as oficinas consulares de Ceuta e Melilla.

¹⁹ Abandonou Vigo tras ser nomeado cónsul en Dakar, na África francesa, pronto baixo a administración de Vichy. En 1948 foi nomeado cónsul xeral dos Estados Unidos en Israel.

²⁰ Nomeado xefe da División para Asuntos Africanos, exercería posteriormente de cónsul xeral en Bombai, Hamburgo e Bonn.

abrirse unha nova era no vello continente e o 17 de outubro Ramón Serrano Suñer foi designado por Franco novo ministro de Asuntos Exteriores. En tales circunstancias, a Santa Sé resistiuse a proclamar discursos ou exercer accións que puidesen alporizar o crecido inimigo. Tampouco se atreveu a designar bispos que debesen pasar pola aprobación previa de Falanxe, que pronto elaborou un extenso catálogo de posibles candidatos atendendo ás súas posicións políticas. Mentres os partidarios do fascismo clerical (Pollard 2014: 155-158) debían garantir que Falanxe non se vise tentada polo paganismo nazi (Febo 2012), tradicionalistas e posibilistas debían resistir á espera de tempos mellores. Os católicos, denominados despectivamente como «romanos», comezaron agora a ser tachados de «aliadófilos», e os socios da ACN de Propagandistas convertéronse en obxecto de toda sospeita e concentraron a súa actividade na promoción da Acción Católica: «Pedindo traballo para os traballadores, pediu a colaboración de todos para facer o maior ben posible ás clases necesitadas [...]. Falando do amor ao próximo e do deber que todos temos que perdoar [...]. Sobre a mellora social e persoal [...] ser católico da mañá á noite [...] con xenerosidade e caridade»²¹.

Os diplomáticos norteamericanos contaban entón con moitas dificultades para exercer o seu labor. A consigna era resistir. Un experto en tales lides chegou en agosto de 1940 ata Vigo para exercer como novo cónsul. George John Haering²² fora dende setembro de 1937 cónsul xeral en Varsovia e permanecera na capital polaca ata marzo de 1940. Expulsado polos dirixentes nazis, pasara uns meses en Berlín como asesor da embaixada norteamericana na capital do III Reich e recalaba agora en Vigo para reforzar un operativo diplomático extremadamente feble. En xuño, a Administración Roosevelt concedera o cargo de vicecónsul na cidade a Delano Mackelvey²³, pero este non contaría ata decembro co exequátur do réxime franquista, remiso entón a favorecer os norteamericanos. Os dirixentes do Catholic News Service constataban como o seu correspondente en España renegaba agora dos seus colegas e se convertía en propagandista do totali-

²¹ «Clausura de las Jornadas de Acción Católica en Vigo», *El Correo Gallego*, 27 de maio de 1941, p. 3.

²² Desenvolveu previamente a súa carreira diplomática en Kobe (Xapón, 1924), Rangum (Birmania, 1929), Glasgow (Escocia, 1932), Pernambuco (Brasil, 1933) e Amberes (Bélxica, 1937). *Register of Department of State (1942)*, Washington D.C., Department of State.

²³ «Exequatur a los cónsules de la Argentina y EE. UU. en Pontevedra y Vigo», *El Pueblo Gallego*, 17 de decembro de 1940, p. 2.

tarismo²⁴. O episcopado norteamericano confesaba tamén a súa frustración ante o desprezo sufrido polos seus delegados na embaixada española en Washington²⁵.

As crecentes dificultades da embaixada norteamericana en Madrid inclinaron finalmente ao Departamento de Estado a trasladar a España algúns dos seus máis avezados diplomáticos en América Latina. En maio de 1941, Willard Leon Beaulac, que se formou entre os xesuítas da Universidade de Georgetown, fíxose cargo do consulado xeral de España. Na súa carreira diplomática previa realizara misións en México, Chile, Perú, Cuba, Haití, Nicaragua, O Salvador ou Guatemala. En 1934 fora designado subdirector da Sección de Relacións con América Latina, dirixida por Sumner Welles. En 1937, tras o nomeamento deste último como subsecretario de Estado, actuou como conselleiro da embaixada na Habana. Chegaba agora a España coa misión de tender pontes co réxime de Franco (Beaulac 1964). Outras axencias norteamericanas reforzaron tamén a súa presenza na península. Nas mesmas datas chegou a Lisboa, como novo director operativo do American Friends Service Committee, Philip Arthur Conard, que dende 1907 actuara entre Bos Aires e Montevideo como delegado da Young Men's Christian Association (YMCA). Agora debería facerse cargo da operación de socorro dos refuxiados europeos que atravesaban os Pireneos fuxindo do III Reich. Como os delegados norteamericanos relataban, e pese a que unha alta porcentaxe de tales refuxiados era católica, os católicos españois non cooperaban por entón en tales operacións²⁶.

Os británicos xa primaran previamente as redes establecidas coa xerarquía eclesiástica, especialmente co bispo de Madrid, Leopoldo Eijo Garay. En xuño de 1941 o embaixador Samuel Hoare e o director do British Council en Madrid, Walter Starkie, fixeran gala dos réditos obtidos pola diplomacia cultural nos festexos celebrados pola restauración da catedral de San Isidro, financiada coas contribucións achegadas por británicos²⁷. Nesas mesmas datas, as demandas persistentes do réxime para auspiciar un novo concordato —algo que tardaría doce

²⁴ Cartas de Frank A. Hall a Graña e Ready, 1 de xullo de 1940; carta de Frank A. Hall a Graña, 11 de novembro de 1941. ACU: NCWC, General Secretary, caixa 102.

²⁵ Carta de Ready a Francis J. Walsh, 23 de outubro de 1940; carta de Frank A. Hall a Ready, 18 de decembro de 1941. ACU: NCWC, General Secretary, caixa 102.

²⁶ «Refugees Work in Portugal», Philip Arthur Conard, 16 de novembro de 1941. *American Friends Service Committee*. Dispoñible en <https://www.afsc.org/document/portugal-refugee-work-letter-1941> (consultado o 28/06/2021).

²⁷ «Apuntes sobre la guerra», *Noticias Católicas*, 7 de xuño de 1941.

anos máis— provocaron que a Santa Sé admitise polo menos —a pesar das súas moitas resistencias iniciais— un acordo que permitía a Franco dispoñer do dereito de presentación de bispos, tradicionalmente desempeñado polos monarcas. As organizacións católicas debían limitar entón as súas accións á esfera estritamente relixiosa, enmarcada pola celebración de Santas Misións nas cidades, vilas e aldeas, a reorganización catequética ou a promoción da obra misioneira, legado do Imperio hispánico²⁸.

A extrema preocupación da Administración Roosevelt polo panorama observado en Europa fomentou unha estratexia que debería contar coa cooperación dos católicos. A Oficina de Coordinación de Información (COI), dependente directamente da Casa Branca, estivo dirixida dende os seus inicios por William Donovan, un católico formado na Universidade de Columbia, condecorado como heroe na Primeira Guerra Mundial e membro do Partido Republicano, que se encargaría agora de coordinar a información que pronto resultaría decisiva na fronte bélica. En novembro de 1941, Haering trasladouse xa a Madrid para exercer como asesor da embaixada; e Leon Leroy Cowles quedou ao cargo do consulado de Vigo²⁹, que pronto recibiría a visita de Waller Booth, primeiro axente da COI en España. Cowles estaba á fronte da delegación diplomática cando, o 11 de decembro, o Senado e a Cámara de Representantes dos Estados Unidos decidiron unanimesmente declarar a guerra a Alemaña. Wedell cesou como embaixador o 7 de febreiro de 1942 e Beaulac quedou entón ao mando do operativo diplomático como encargado de negocios, contando coa colaboración de Haering.

Foi nesas datas cando os dirixentes de Falanxe en Galicia comezaron a mostrar a súa preocupación polos conflitos mantidos coa militancia e os dirixentes católicos. O incidente xurdido entre o reitor da Universidade de Santiago, Carlos Ruiz del Castillo, e o dirixente de Falanxe, Luis Legaz Lacambra, foi o máis soado de todos eles³⁰ e remataría co cesamento do primeiro e a designación do segundo como

²⁸ «La Cruzada Misional de estudiantes», BOAS, 30 de xuño de 1941, pp. 81-83; «III Semana Sacerdotal con el carácter de Asamblea Catequística Diocesana», BOAS, setembro de 1941, pp. 136-139.

²⁹ Viña de exercer como vicecónsul en Barcelona dende xaneiro de 1940. En xullo de 1950 converteuse en cónsul xeral dos Estados Unidos en España.

³⁰ «Informe sobre incidentes en la Universidad de Santiago con el Rector Ruiz del Castillo», 19 de febreiro de 1942. Archivo General de la Administración (AGA): Presidencia, Secretaría General del Movimiento, caixa 89.

novo reitor. Na Coruña, o propagandista Maximino Santurio pronunciaba entón unha conferencia que incidía na tese do colaboracionismo co Estado Leviatán:

Atopámonos hoxe fronte a un sistema estatificador de proporcións cada vez maiores. Ante este avance da marea absorcionista, cal pode ser nosa posición? [...]. É inútil tentar cambiar de signo nunha época que avanza, é unha actitude suicida vivir de costas a fenómenos inevitables [...]. Ningunha posición máis equivocada que a de quedar extra muros da fortaleza esperando que as súas pedras se derruben. Puidese ocorrer que, namentres, outras xentes, e non amigas, conseguisen habitala³¹.

En Vigo, Falanxe advertía sobre o crecente clima de oposición entre algúns propagandistas,

cuxa bandeira levan aqueles que vangloriándose de ser católicos (anglófilos capitalistas) porque van a misa de doce; de orde, porque non escandalizan na rúa nin no mercado; ou patriotas, porque aos dous meses de iniciado o Movemento fixéronse gardas cívicos ou contribuíron con algún diñeiro [...]. Temen que a revolución nacional-sindicalista chegue a ser verdade, como lles produce pánico o feito de que o Nacional-socialismo alemán o evidenciou xa³².

En Pontevedra, o editorial de *Spes*, revista das Xuventudes Católicas, condenaba os postulados nazis:

Política sectaria dun ateísmo militante [...]. Andrómena dunha ateocracia, cuxo Deus é un Mito, chamado a facer a guerra a toda manifestación do espírito [...]. Movemento arrelixioso e demoledor [...]. Xente que se chama cristiá pero que, queimando incenso en honra da deusa liberdade (léase falta de freo para uns e conseguintemente menoscabo para outros), admiten un labor disimuladamente funesto, contemporizando con Cristo e as argucias do Anticristo³³.

³¹ Santurio, Maximino: «Los límites de la potestad legislativa», conferencia pronunciada no Círculo de Estudo do Centro de Propagandistas da Coruña, *ACN de Propagandistas*, 283, febreiro de 1942, p. 7.

³² «Vigo, aspectos políticos», informe da Dirección Xeral de Seguridade, marzo de 1942 (Documentos 1993: 323-329).

³³ *Spes. Revista de Acción Católica*, ano IX, nº 88, abril de 1942, p. 1.

A Dirección Xeral de Seguridade insistía en fixar a súa atención no perigo que supuñan as organizacións da Acción Católica: «Parece que os que queren amosar algunha insignia que non sexa da Falanxe estean alí retidos [...]. Un marcado carácter antinazi nótase claramente nas entidades da Acción Católica [...]. A simpatía mutua entre os países das democracias e unha gran parte dos compoñentes é manifesta»³⁴.

Mentres se sucedían os incidentes entre católicos e falanxistas, a Administración Roosevelt movía as súas cartas. En marzo de 1942, Sumner Welles propúxolle ao cardeal e arcebispo de Nova York, Francis J. Spellman, a designación como novo embaixador en España do prestixioso historiador da Universidade de Columbia Carlton J. H. Hayes, un converso ao catolicismo que mantiña unha estreita amizade co reitor desta e cos dirixentes das diferentes comunidades relixiosas dos Estados Unidos. O Departamento de Estado solicitara xa previamente contar cos seus servizos para liderar a diplomacia cultural desenvolvida en América Latina. Agora, Welles, Spellman e o propio Roosevelt convenceríano da necesidade de desenvolver a súa misión en España, exercendo como correa de transmisión entre os intereses católicos e norteamericanos. A tarefa tiña como obxectivo prioritario o distanciamento de Franco respecto ao Eixe, valéndose da comunicación establecida ente Madrid e Lisboa, onde o cardeal patriarca, Manuel Cerejeira, o xefe do Estado Novo, Antonio Oliveira de Salazar, e o norteamericano George F. Kenann exercerían como intermediarios. A acción na esfera cultural e relixiosa contribuiría tamén a alimentar tal estratexia (Thomas 2016).

O «EIXE IBÉRICO» E A DIPLOMACIA CULTURAL E RELIXIOSA (MAIO DE 1942 A XUÑO DE 1944)

Coa Guerra Civil a piques de rematar, en marzo de 1939 os gobernos de Franco e de Salazar asinaron un tratado de amizade denominado Pacto Ibérico e reforzado en febreiro de 1942. Para o Vaticano e para a Administración norteamericana, España debía seguir a posición do Estado Novo, apostando por un maior distanciamento do Eixe fascista. Reforzar as redes entre Lisboa e Madrid contando coa

³⁴ Informe da Dirección Xeral de Seguridade, 22 de maio de 1942 (Documentos 1993: 503-507).

cooperación dos católicos resultaría decisivo nesa estratexia. Antes da súa viaxe, Hayes recibiu informes das organizacións centradas na axuda aos refuxiados ou das Igrexas protestantes asentadas en España (Louzao 2014). Antes de tomar posesión da embaixada de Madrid pasou por Lisboa, onde se entrevistou co cardeal Cerejeira e con Salazar, dos que obtivo unha impresión moi favorable³⁵. As redes hispánicas e a constitución dun *Eixe ibérico* deberían supoñer un freo ao nazismo, permitindo o refuxio e a vía de saída dun continxente de refuxiados europeos cada vez máis voluminoso, que atravesaba os Pireneos en busca do pasaporte á América soñada. Era necesario facer que Madrid, guiado pola Santa Sé e polo exemplo de Lisboa, mirase máis a Washington e menos a Berlín:

Hai unha extrema necesidade de estender a política de «boa veciñanza» en España. España (con Portugal) non só é a porta de entrada a todo o Mediterráneo, senón que é a principal porta cultural cara a América Latina [...]. Hai unha relación cultural e histórica entre España e as Américas (incluídos os Estados Unidos) que pode e debe ser explotada como prudente e beneficiosa³⁶.

Pero Hayes non chegou só, aínda que non fose consciente diso. Nesas mesmas datas e de maneira encuberta, novos axentes da COI chegaron a España utilizando como tapadeira a empresa Standard Oil Company of New York (Socony) e utilizando a fronteira portuguesa para o intercambio de información (Messenger 2005). O operativo dirixido entón por Francis X. Dei Luccia estendía as súas redes de información entre Vigo e Lisboa. Roosevelt decretaría ademais a transformación da COI na Oficina de Servizos Estratéxicos (OSS) e dotaríaa agora con maiores recursos. Xa en Madrid, Hayes reuniuse primeiramente co embaixador de Portugal e presentou as súas credenciais o 9 de xuño, cando a prensa narraba unha nova derrota dos británicos no Mediterráneo. O novo embaixador depositou toda a súa confianza en Beaulac, o seu agregado militar William Hohenthal e o antigo cónsul en Vigo, Haering, designado primeiro secretario. En setembro, a substitución de Serrano Suñer por Jordana foi o mellor dos sinais. Tras a

³⁵ Carta de Carlton Hayes a Nicholas Murray Butler, reitor da Universidade de Columbia, Madrid, 2 de xuño de 1942. CUA: Carlton Hayes, Spanish Papers, caixa 5.

³⁶ «Memorandum on the organization of a Cultural Relations Program with Spain», 13 de agosto de 1942. CUA: Carlton Hayes, Spanish Papers, caixa 1.

ocupación do norte de África polas tropas comandadas polo xeneral Patton e as entrevistas cursadas por Myron Taylor con Jordana e Franco, o 21 de decembro os gobernos de Franco e Salazar emitiron un novo comunicado que confirmaba a conformación dun Eixe ibérico.

A derrota do exército alemán en Stalingrado augurou a previsible vitoria das Nacións Unidas, pero alimentou ao tempo o medo fronte a un novo e poderoso inimigo. O cardeal Spellman visitou Madrid, Sevilla e Barcelona en febreiro de 1943 e deixou constancia da boa disposición dos dirixentes do réxime para entenderse cos norteamericanos. Hayes acadou financiamento da Fundación Carnegie para que o fillo de Jordana puidese estudar nos Estados Unidos e para que Ignacio María Lojendio, catedrático de Dereito Político pola Universidad de Sevilla (Lojendio 1942), realizase unha xira de tres meses nas principais universidades facendo propaganda das bondades do réxime³⁷. A esposa do embaixador, Evelyn Carroll, mentres tanto coordinou o socorro aos refuxiados, contando coas organizacións confesionais que prestaban apoio á causa e, agora si, cos católicos españois, entregados aos labores de cooperación alentados pola embaixada norteamericana³⁸.

Tamén a Santa Sé inclinou definitivamente a balanza a favor dos aliados. En abril de 1943 Ruiz Jiménez entrevistouse no Vaticano co cardeal Pizzardo, quen o animou para reactivar as redes auspiciadas por Pax Romana³⁹. En Galicia, a Acción Católica comezou a mostrarse moito máis ambiciosa. A Xunta Diocesana de Santiago estaba presidida por Juan Barcia Eliecegui, tenente coronel de Sanidade Militar dende 1927 e director do Hospital Militar instalado en San Caetano durante a Guerra Civil⁴⁰, que dirixía agora, *manu militari*, unha organización que mostraba grandes progresos⁴¹: a publicación do *Boletín Diocesano de Acción*

³⁷ Cartas de Lojendio a Hayes, 9 de abril e 21 de xuño de 1944. CUA: Carlton Hayes, Spanish Papers, caixa 5.

³⁸ Carta de Evelyn Carroll Hayes a Ready, 3 de maio de 1943. ACU: NCWC, International Affairs, caixa 50.

³⁹ Carta de Pizzardo a Ruiz Jiménez, 29 de abril de 1943. ACU: NCWC, General Secretary, Pax Romana, caixa 77.

⁴⁰ O seu fillo, Juan José Barcia Goyanes, catedrático de Anatomía na Universidad de Valencia dende 1939, fora nomeado en outubro de 1938 presidente da comisión xestora da Deputación da Coruña.

⁴¹ «Decreto sobre nueva demarcación arciprestal» e «Decreto aprobando el Estatuto Diocesano de los arciprestes», *Boletín Oficial Eclesiástico del Obispado de Lugo*, 8 de xuño de 1942, pp. 173-202.

*Católica*⁴², a construción dunha ambiciosa Casa de Exercicios Espirituais⁴³, a constitución do Instituto Relixioso de Cultura Superior⁴⁴, a posta en marcha dos primeiros centros de apostolado obreiro⁴⁵ e a organización de grandes campañas en favor do Seminario⁴⁶. A arquidiocese converteuse en modelo de referencia en España⁴⁷ e o Ano Santo Xacobeo de 1943 converteuna en escenario privilexiado para a batalla da propaganda. As mocidades da Acción Católica e de Falanxe competiron por render honras ante a tumba do Apóstolo. As primeiras cunha peregrinación rexional de Galicia e outra nacional promovida polo arcebispo de Valladolid e administrador apostólico de Tui⁴⁸, e contando coa presenza do cardeal primado Enrique Plá i Deniel, quen entoou un decidido discurso en defensa da organización:

É necesaria a Acción Católica de maneira especialísima en España [...]. Nos tempos actuais pódese comprobar igualmente como a persecución relixiosa se inicia contra Acción Católica [...]. Fiel á súa misión histórica, volva ser España vangarda de cristiandade [...] recobrando o seu glorioso imperialismo espiritual, para ben do mundo, hoxe tan atormentado ao afastarse de Cristo⁴⁹.

Uns días máis tarde, unha magna peregrinación de FET e das JONS chegou á cidade, arroupada pola presenza de Franco e o ministro-secretario xeral, José Luis Arrese, quen presentou un relato alternativo ao avalado polo primado:

⁴² *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de outubro de 1943, 9, p. 6; e 15 de decembro de 1943, 11, p. 15.

⁴³ «Las obras de la casa de Ejercicios anuncian la realización de la empresa de mayor relieve de la A.C. diocesana», *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de febreiro de 1944, 13, pp. 11-13.

⁴⁴ «Se verificó solemnemente la apertura de curso en el Instituto Diocesano de Cultura Religiosa Superior», *ibidem*, pp. 14-15.

⁴⁵ «Constitución definitiva del Centro de Mujeres Obreras de Santiago. Es el primero de la diócesis, y acaso, el primero de España en esta rama», *ibidem*, 15 de xuño de 1944, 18, p. 9.

⁴⁶ *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 1 de maio de 1944, 16, pp. 19-24.

⁴⁷ «La labor realizada por la A.C. Diocesana ha causado sorpresa y admiración en la reunión de consiliarios de Juntas Diocesanas de toda España», *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de maio de 1944, 17, pp. 9-10.

⁴⁸ «Del pasado Año Santo. Estadística de las peregrinaciones jacobeanas del año 1943», BOAS, xaneiro de 1944, pp. 11-16.

⁴⁹ Un extenso informe do acontecido en *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de agosto de 1943, 7, pp. 9-20.

Esta mocidade non é piadosa de maneira vergoñenta [...]. Non procura pasar desapercibida en busca de facerse perdoar polos espíritos que aínda consideran a relixión como algo de conventos ou imberbes [...]. Esta mocidade entendeu a vida tal e como ti a predicaches [...] a militar e a relixiosa é a maneira auténtica de entender a España [...]. Metade monxes e metade soldados⁵⁰.

Neses mesmos días, os axentes da OSS Jack Degoglia e Jack Pratt aloxáronse na residencia do cónsul Cowles en Vigo e informaron do paso de Franco pola cidade. Ao seu regreso a Madrid, comprobaron o alcance das operacións de contraespionaxe franquista, que acabaron coa detención de varios dos seus colegas e espertaron a ira de Hayes e Beaulac, que sentían traizoada a súa confianza. Pratt, que dirixira ata entón o operativo, cruzaría apresuradamente a fronteira portuguesa para informar en Lisboa da sorte dos seus compañeiros de misión⁵¹, e a Xunta de Xefes do Estado Maior debería negociar un novo acordo coa embaixada para rebaixar tensións entre os axentes diplomáticos e os encargados das operacións de espionaxe e contraespionaxe.

Revistas das organizacións católicas como *Spes* emitían novas condenas sobre «[o]s exacerbados racismos, máis ou menos desfigurados dun e outro hemisferio, e as relixións nacionais, así como toda idea circunscrita a posicións xeográficas ou étnicas. A unidade moral do xénero humano sae mal parada con tanto nacionalismo político e relixioso»⁵². O bispo de Mondoñedo afanábase na organización dunhas Xornadas Nacionais de Acción Católica e a próxima celebración do Día do Papa serviría para intensificar a propaganda a favor da Santa Sé e a emerxencia dos membros do Opus Dei⁵³, pero sería unha vez máis no círculo de propagandistas da Coruña onde se denunciarían con maior insistencia os postulados totalitarios⁵⁴: o director de *El Ideal Gallego*, Santiago Lozano, afirmaba: «Os dous

⁵⁰ «FET y de las JONS se postra ante el sepulcro del Apóstol Santiago», *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de setembro de 1943, 8, pp. 14-19.

⁵¹ Informe do axente Jack Pratt sobre a misión desenvolvida pola OSS en España entre o 22 de maio de 1942 e o 15 de setembro de 1943. NARA: OSS. RG.226, caixa 359.

⁵² *Spes. Revista de Acción Católica*, outubro de 1943, 106, p. 1.

⁵³ Conferencia no Salón Teatro do catedrático de Dereito, Amadeo Fuenmayor, sobre «El Estado Vaticano», 11 de marzo de 1944. *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de marzo de 1944, 14, p. 15.

⁵⁴ As estatísticas da organización constatan a importancia outorgada ao xornal *El Ideal Gallego* e o centro da Coruña entre os máis activos de España. Madrid rexistraba 173 militantes, Valencia 32, Barcelona 28 e

erros hoxe máis xeneralizados son o marxismo e o panteísmo de Estado»⁵⁵; Fermín Zelada lanzaba as súas críticas contra o positivismo, o racismo e o estatismo, pois «ningún destes sistemas [...] poden refacer a orde política e social, porque en ningún se albisca [...] renacemento dos valores espirituais»⁵⁶; e o sacerdote Enrique Santos Bugallo pronunciaba unha alegación en favor da liberdade sindical:

A actual aparente tranquilidade da masa obreira non é senón unha posición de espera nas ansias de xustiza do proletariado [...]. Un dos males que actualmente contribúen ao afastamento da clase obreira é a burocratización da vida sindical [...]. Nun feito probado ata a saciedade que os propios obreiros queren ser electores dos seus representantes e que estes sexan precisamente da súa profesión⁵⁷.

En definitiva, en vésperas da operación militar aliada que iniciaría a liberación de Francia, os principais dirixentes católicos, tamén en Galicia, expresaban xa en voz alta os seus desacordos fronte ás doutrinas estendidas por Falanxe.

CONSTRUÍR O FUTURO (XUÑO DE 1944 A DECEMBRO DE 1945)

O éxito do desembarco aliado en Normandía provocou un xiro decisivo na traectoria de ambas as redes. O traslado das operacións militares e de intelixencia á Francia liberada esixiu contar cos recursos antes despregados en España. Galicia perdeu así o valor estratéxico co que contara previamente. Pola contra, a previsible derrota do III Reich clarificou a posición vaticana, que —agora si— comezou

Bilbao 26. A Coruña contaba con 20 dos 35 militantes de Galicia (8 en Ourense, 4 en Vigo e 1 en Ordes, Santiago de Compostela e Redondela).

⁵⁵ Lozano, Santiago: «El proceso de secularización de la vida pública: sus estragos en el orden social y político», conferencia pronunciada no Centro de Propagandistas da Coruña, *ACN de Propagandistas*, 331, maio de 1944, p. 10.

⁵⁶ Zelada, Fermín de: «Errores modernos en el orden político: Positivism jurídico. Racismo. Estatismo», conferencia pronunciada en el Centro de Propagandistas da Coruña, *ACN de Propagandistas*, 331, maio de 1944, p. 10.

⁵⁷ Santos Bugallo, Enrique: «Orden y tranquilidad. La evolución social. El falso orden social. Una audaz reforma», conferencia pronunciada no Centro de Propagandistas da Coruña, *ACN de Propagandistas*, 334, xuño de 1944, p. 8.

a mover ficha para designar novos bispos caracterizados polo seu distanciamento das posicións falanxistas. O galego Arriba y Castro, que se mantivo firme fronte ás arrotadas falanxistas e fora o máximo promotor da Acción Católica e do control do clero na diocese de Mondoñedo⁵⁸, foi designado agora bispo dunha diocese tan sumamente complexa como a de Oviedo. Co tempo sería nomeado arcebispo de Tarragona e cardeal. Na diocese de Tui a Santa Sé optou por designar a José López Ortiz, estreitamente relacionado coas elites intelectuais aglutinadas arredor do CSIC e dun Opus Dei que iniciaba a súa particular historia en Galicia da súa man (Colomer 2018) e dos novos catedráticos de Dereito na Universidade de Santiago como Amadeo Fuenmayor, Álvaro D'Ors e Laureano López Rodó. En Ourense, ascendeu ao bispado un partidario das teses integristas do cardeal Segura como Francisco Blanco Nájera, recoñecido por algúns conflitos previos con Falanxe na diocese de Córdoba: «Hai quen asegura que é pouco cordial coa organización» (Documentos 1993:70). A enfermidade do arcebispo de Santiago aconsellou ademais a designación dun novo bispo auxiliar, José Souto Vizoso, que tampouco manifestaba especial aprecio polas organizacións falanxistas: «Acepta con reservas ao Partido [...]. Moi retraído en cuestións políticas» (Documentos 1993: 130). En xullo tivo lugar en Santiago a primeira Asemblea Diocesana de Homes de Acción Católica⁵⁹.

A medida que a ameaza nazi parecía superada, quedaba pendente resolver a tensión entre tradicionalistas e posibilistas, en función dos froitos que poderían xerminar tras a vitoria aliada. En outubro de 1944 celebrouse con toda solemnidade a festa de proclamación de Cristo Rei⁶⁰, mentres as apelacións para intensificar o apostolado obreiro se fixeron recorrentes⁶¹. En novembro tivo lugar en Caldas de Reis unha Semana Sacerdotal, presidida polo consiliario nacional Zacarías de Vizcarra, dedicada en exclusiva á expansión da Acción Católica⁶².

⁵⁸ Arriba y Castro, Benjamín: *Conclusiones de la Asamblea de Arciprestes*, 15 de outubro de 1944, BEOM, pp. 233-240.

⁵⁹ *Boletín Diocesano de Acción Católica*, agosto de 1944, ano III, 20, pp. 6-7.

⁶⁰ «Ritual para la promesa que harán todas las Ramas de AC en la festividad de Cristo Rey», *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de outubro de 1944, p. 6.

⁶¹ Escudeiro Salgueiro, Pío: «Hay que transformar el ambiente obrero», *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de outubro de 1944, p. 9.

⁶² «Grandioso Acto de Propaganda», *Boletín Diocesano de Acción Católica*, 15 de decembro de 1944, 24, pp. 12-13.

As conclusións permitían agoirar o crecemento da organización nos próximos anos⁶³. En decembro foi ordenado na catedral de Santiago o propagandista Maximino Romero de Lema⁶⁴, persoa de máxima confianza de Herrera, Ruiz Jiménez e Martín Artajo, encargado agora de coordinar as mocidades católicas de Galicia.

Para os delegados da embaixada e os servizos de intelixencia norteamericanos, centrados en cooperar na liberación da Europa ocupada, os problemas suscitados pola ditadura en España parecían limitados fronte aos retos da posguerra. Cunha boa parte de Europa liberada polo exército soviético, un novo inimigo totalitario albiscábase xa no horizonte e as redes establecidas cos católicos para derrotar o nazismo poderían resultar agora valiosas para loitar fronte ao comunismo. Así o transmitían Hayes e Beaulac⁶⁵, pero tamén os informes dos dirixentes da OSS que debatían entón o sentido da súa posible desaparición en España ou a súa posible supervivencia en función das novas misións encomendadas: «Un coñecemento profundo das actividades desenvolvidas polos comunistas en España debería ser de grande interese para o Departamento de Estado [...]. Creo no deber dunha organización de intelixencia como a nosa de mirar cara adiante o máximo posible e anticipar os acontecementos futuros ténndoos ben cubertos antes de que ocorran»⁶⁶.

O réxime franquista procurou contar co apoio norteamericano neses meses finais da guerra. Haering encargouse de negociar o «Convenio relativo ao funcionamento de servizos internacionais do transporte aéreo» asinado o 2 de decem-

⁶³ A estatística mostra unhas cifras de 224 centros fundados pola Acción Católica en 118 parroquias: 33 centros de homes; 50 de mulleres; 64 da mocidade masculina; 77 da mocidade feminina. «Informe y conclusiones leídas y aprobadas en la IV Semana Sacerdotal Diocesana», BOAS, xaneiro de 1945, pp. 23-27.

⁶⁴ Tras exercer uns anos como consiliario da Acción Católica na arquidiocese de Santiago, regresaría a Madrid para ocuparse da subdirección do Instituto Social León XIII, e a Roma, como reitor da igrexa nacional de Santiago e Montserrat e director do Centro Español de Estudios Eclesiásticos cando Ruiz Jiménez era embaixador de España ante a Santa Sé. Fundador da Casa de Santiago para estudos bíblicos en Xerusalén e do Seminario para vocacións tardías en Salamanca. Secretario xeral da Obra de Cooperación Sacerdotal Hispanoamericana. Participou na revista *Cuadernos para el Diálogo*. Nomeado bispo auxiliar de Madrid en 1964.

⁶⁵ Beaulac, Willard: *Memorandum. Suggestions Regarding the Need of a Mechanism for the wider dissemination of Information Concerning the Conduct of our Foreign Relations*, 30 de xuño de 1944, pp. 1-7. CUA: Carlton Hayes, Spanish Papers, caixa 4. Hayes, Carlton: *Memorandum on The Spanish Situation with Special Reference to Relations between Spain and the United States*, 21 de febreiro de 1945, pp. 1-17. CUA: Carlton Hayes, Spanish Papers, caixa 5.

⁶⁶ Informe de Frank T. Ryan, director de operativos na Península Ibérica, a W. H. Shepardson, xefe dos servizos de intelixencia estratéxica da OSS, 19 de decembro de 1944. NARA II. College Park. OSS. RG.226.

bro de 1944 e cinco días antes de que se asinase en Chicago o Convenio sobre Aviación Civil Internacional, no que tamén participaron delegados da España de Franco⁶⁷. Antes de partir cara a América, Hayes tivo a oportunidade de visitar Galicia, pois o transatlántico Marqués de Comillas realizou unha parada técnica en Vigo entre o 19 e o 23 de xaneiro de 1945. Naqueles días, o embaixador foi agasallado con todo tipo de bendicións⁶⁸ e el e a súa familia trasladáronse a Santiago para rezar ante a tumba do Apóstolo⁶⁹. En marzo de 1945, o novo embaixador en Madrid, Norman Armour, presentou as súas credenciais ante Franco. O falecemento do presidente Roosevelt só unhas semanas máis tarde e a chegada á presidencia de Harry Truman aumentaron a incerteza ao redor da posición que tomarían as potencias vencedoras na posguerra (Güell 2009; Bowen 2016).

Os católicos posibilistas consideraron a posibilidade de aumentar a súa influencia no réxime ofrecendo os seus servizos: Martín Artajo foi designado en xullo novo ministro de Asuntos Exteriores; o bispo auxiliar de Madrid, Casimiro Morcillo, alentou unha maior cooperación cos católicos norteamericanos, e Ruiz Jiménez retomou unha intensa actividade internacional dende a presidencia de Pax Romana. En agosto, os dous últimos encabezaron a delegación española enviada ao congreso desta organización realizado en Londres e presidido polo arcebispo de Westminster, Bernard Griffin⁷⁰. Ángel Herrera e Gil Robles enfrontábanse pola liña que seguir respecto ao réxime franquista e as súas implicacións na política internacional. O sacerdote lideraba dende Santander a liña colaboracionista co réxime:

Non esquezas que Franco en España é hoxe a orde [...]. Unha saída violenta de Franco suporía a división do Exército [...]. As xentes máis ponderadas queren que a transmisión se vaia facendo polos seus pasos contados e sen sacudidas bruscas, sen bandazos [...].

⁶⁷ «Firma de un acuerdo aéreo con los Estados Unidos», *El Correo Gallego*, 3 de decembro de 1944, p. 1.

⁶⁸ «El ex embajador de EE. UU. en España, Sr. Hayes, fue cumplimentado por las autoridades de Vigo, a bordo del Marqués de Comillas», «Stettinius habla de la ejecución de los acuerdos hispano-norteamericanos» e «La Compañía Iberia adquiere tres aviones Douglas», *El Correo Gallego*, 20 de xaneiro de 1945, p. 1.

⁶⁹ «La estancia del ex-embajador de los Estados Unidos en Vigo», *El Pueblo Gallego*, 23 de xaneiro de 1945, p. 2.

⁷⁰ Informe do congreso no semanario católico británico *The Tablet*, 8 de setembro de 1945. Artigo traducido ao español en Archivo Histórico Universidad de Navarra (AHUNAV): 047/004/027/1-9.

A política do futuro é que a dereita dea un paso cara ao centro e intente atraer parte da esquerda na orde política, practicando unha política ampla, xenerosa e comprensiva⁷¹;

mentres o antigo dirixente da CEDA, dende o seu exilio no Portugal de Salazar, buscaba vías para unha inminente restauración democrática amparada polas potencias aliadas: «En Europa e en América o réxime español é obxecto de odios case que unánimes [...]. Aos ollos das xentes, a Acción Católica é hoxe un instrumento da política de Franco [...]. O réxime sostense por un conglomerado de terrores inconscientes e egoísmos criminais. ¿Podemos nós, como católicos, soste tamén este galpón?»⁷².

No discurso do Nadal de 1944, Pío XII parecía avalar o concepto de democracia cristiá, pero o bispo de Ourense, admirador do cardeal Segura, redactou dúas cartas pastorais que interpretaban tal termo en función dos parámetros integristas. Primeiro, en setembro, para expresarse con rotundidade en favor da monarquía tradicional:

Todos os bos españois desexamos sinceramente a chegada da total e definitiva estruturación do Estado [...] o noso sistema político desembocará un día na Monarquía Tradicional, co que a política española alcanzará a súa estabilidade definitiva [...]. Pero co ritmo prudente e sereno [...] non procedendo por saltos bruscos e atropeladamente, e, moito menos, a impulsos de imposicións estranxeiras ou de campañas ameazadoras, que só buscan na precipitación, a desorde e a revolta⁷³;

e, de novo, en decembro, para advertir sobre o perigo da democracia liberal dos protestantes: «Esta expresión creou moitas confusións [...]. Que espectáculo presenta un Estado democrático deixado ao arbitrio da masa! [...]. Non ha de identificarse, por tanto, como o fan os demagogos, descendentes de Rousseau, co sufraxio universal directo e indiscriminado [...] catastrófico [...] demagogia revolucionaria»⁷⁴. Fiel ao xogo de equilibrios, en novembro dese mesmo ano a

⁷¹ Carta de Ángel Herrera a Gil Robles, Santander, 11 de outubro de 1945. AHUNAV: 47/001/079/1-4.

⁷² Carta de Gil Robles a Ángel Herrera, Porto, 10 de novembro de 1945. AHUNAV: 47/001/080/1-5.

⁷³ *Carta Pastoral Hacia la Paz Anhelada*, 12 de setembro de 1945, *Boletín Oficial del Obispado de Orense* (BOOO), pp. 308-310.

⁷⁴ *Carta Pastoral por Dios, por España y por la verdad*, 4 de decembro de 1945, BOOO, pp. 453-478.

Santa Sé designou o galego Fernando Quiroga Palacios novo bispo de Mondoñedo. A súa formación na Universidade Gregoriana de Roma e a súa inquedaanza polo eido social e cultural contarían co beneplácito romano e o dos católicos norteamericanos e posibilitarían, co tempo, o seu ascenso ata a cúspide do episcopado⁷⁵.

Mentres tanto, o 8 de outubro de 1945 Ruiz Jiménez partira dende Vigo a Nova York no transatlántico Magallanes para iniciar unha intensa xira entre os Estados Unidos e Canadá. En Washington fora recibido polo delegado apostólico e polos dirixentes da NCWC e pronunciara unha conferencia na Universidade Católica de América. En Nova York entrevistárase co cardeal Spellman e fora homenaxeado no Manhattan College e nun acto organizado polo Club Newman na Universidade de Columbia, onde pronunciara unha conferencia sobre a posición de España ante as Nacións Unidas: «España quere cooperar á orde internacional baixo os principios cristiáns de acordo co debido respecto á personalidade de todos os pobos, en servizo da xustiza e da paz da comunidade humana». De maneira moi diferente ao sucedido seis anos antes, aquela segunda xira americana veríase propagada agora aos catro ventos⁷⁶. Tamén tería o seu epílogo en Galicia. O 21 de decembro a travesía de retorno rematara na Coruña, onde Ruiz Jiménez ofreceu as súas primeiras declaracións ante a prensa. Alí confirmou a celebración en España do próximo congreso mundial de Pax Romana: «Hai a intención de que as numerosas representacións que virán de América desembarquen en Vigo, e dende esta cidade vaian a Compostela, para que poidan homenaxear a tumba do apóstolo Santiago. Despois partirán cara á Coruña, dende onde partirán cara a Salamanca, El Escorial e finalmente Madrid»⁷⁷. Tamén pronunciou en Santiago de Compostela unha primeira conferencia sobre os seus proxectos de futuro: «España, na miña opinión, pode coope-

⁷⁵ Formado na Universidade Gregoriana de Roma, en xuño de 1949 foi nomeado arcebispo de Santiago. En 1951, tras a aprobación da Axuda Social Americana enviada a España polos católicos norteamericanos, exerceu como garante da súa boa administración nas dioceses e primeiro presidente da Comisión Episcopal de Caridade. En 1952 foi honrado como cardeal por Pío XII. En 1966 exerceu como primeiro presidente da Conferencia Episcopal Española (Rodríguez Lago 2014).

⁷⁶ «Ruiz Jiménez nos cuenta su viaje por América», *Signo. Semanario Nacional de la Juventud de Acción Católica*, 5 de xaneiro de 1946, pp. 1 e 7.

⁷⁷ «El Presidente Internacional de Pax Romana, Sr. Ruiz Jiménez, en Santiago», *El Correo Gallego*, 21 de decembro de 1945, p. 1.

rar cos Estados Unidos nunha gran tarefa no mundo da América hispana, como vangarda das concepcións católicas da vida fronte á penetración das doutrinas do materialismo comunista e do liberalismo protestante»⁷⁸. A convocatoria dunha peregrinación da mocidade católica para o Ano Santo Compostelán de 1948 presentábase como unha plataforma para desenvolver a misión hispánica dende Galicia para o mundo.

CONCLUSIÓNS

As redes tecidas entre a Santa Sé e os Estados Unidos no contexto da Segunda Guerra Mundial fronte a un inimigo común como o totalitarismo nazi tiveron a súa influencia na Fisterra do vello continente, situada estratexicamente ante o corredor atlántico e a fronteira portuguesa. O control das reservas de volframio e a xestión das rutas de refuxiados fuxidos da Europa ocupada polo III Reich contarían coa asistencia dos axentes diplomáticos e os servizos de intelixencia norteamericanos despregados no noroeste peninsular, pero tamén coa cooperación de militantes católicos e eclesiásticos que observaban con extrema preocupación a expansión imparable do nacionalsocialismo. Ambas as redes traballarían para frear o ascenso das doutrinas pagás en Falanxe e no réxime franquista, empregando unha diplomacia cultural e relixiosa que contribuiría a reforzar un eixe católico ibérico e transatlántico que atoparía unha nova versión ao servizo da loita contra o comunismo no contexto da Guerra Fría.

⁷⁸ «El presidente de Pax Romana habla a su regreso de América», *El Pueblo Gallego*, 22 de decembro de 1945, pp. 1 e 8.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BEAULAC, Willard Leon (1964): *Career diplomat. A career in the Foreign Service of the United States*, New York, Macmillan.
- BOWEN, Wayne H. (2016): «Con la mayor reticencia: Harry Truman, Francisco Franco y la alianza España-Estados Unidos», en Joan Maria Thomàs (coord.), *Estados Unidos, Alemania, Gran Bretaña, Japón y sus relaciones con España entre la guerra y la postguerra (1939-1953)*, Madrid, Universidad Pontificia Comillas, 63-101.
- COLOMER PELLICER, Francisca (2018): «Ramona Sanjurjo Arranz y los inicios del Opus Dei en Vigo», *Studia et Documenta*, 12, 303-315.
- DIONISIO VIVAS, Miguel Ángel (2009): «La prohibición de la carta pastoral “Lecciones de la guerra y deberes de la paz” y los conflictos entre la Iglesia y el Gobierno español en el otoño de 1939», *Toletana*, 20, 81-108. *DOCUMENTOS inéditos para la historia del Generalísimo Franco* (1993), Tomo III, Madrid, Fundación Francisco Franco.
- ESPINOSA, J. Manuel (1976): *Inter-American Beginnings of US Cultural Diplomacy, 1936-1948*, Washington D.C., Department of State.
- FEBO, Giuliana di (2012): *Ritos de guerra y de victoria en la España franquista*, Valencia, Universidad de Valencia.
- FORBES, John van Gelder (1943): *Recent relief programs of the American Friends in Spain and France: in Spain, 1937-1939*, New York, Russell Sage Foundation.
- GIRÁLDEZ LOMBA, Antonio (2014): *Vigo y su colonia alemana durante la Segunda Guerra Mundial*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio / José Ramón RODRÍGUEZ LAGO (2016): «1943: Franco Vs. Naciones Unidas. La guerra silenciosa de los servicios de inteligencia norteamericanos y británicos en España», *Diacronie. Studi di Storia Contemporânea*, 28, 4 (<https://doi.org/10.4000/diacronie.4780>).
- GÜELL AMPUERO, Casilda (2009): *Las potencias internacionales ante la dictadura española (1944-1950)*, Girona, Aresta.
- HALSTEAD, Charler R. (1974): *Diligent diplomat: Alexander W. Weddell as American ambassador to Spain 1939-1942*, Virginia, Magazine of History and Biography.
- LOJENDIO IRURE, Ignacio María (1942): *Régimen político del Estado español*, Barcelona, Bosch.
- LOUZAO VILLAR, Joseba (2014): «Las minorías protestantes en España durante la II Guerra Mundial: una historia de supervivencias», en Antonio Manuel Moral Roncal / F. J. González Martín (eds.), *España y la II Guerra Mundial. Otras visiones del conflicto*, Universidad de Alcalá, 97-111.
- MARTÍNEZ, Anne M. (2014): *Catholic Borderlands. Mapping Catholicism onto American Empire, 1905-1935*, Lincoln, University of Nebraska.
- MESSINGER, David A. (2005): «Against the Grain’: Special Operations Executive in Spain, 1941-45», *Intelligence and National Security*, 20:1, 173-190.
- POLLARD, John (2014): *The Papacy in the Age of Totalitarianism, 1914-1958*, Oxford, Oxford University Press.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2010): *Cruzados o herejes: la religión, la Iglesia y los católicos en la Galicia de la Guerra Civil*, A Lama (Pontevedra), Nigra Trea.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2012): «La batalla eclesial por Madrid (1923-1936). Los conflictos entre Eijo Garay y Federico Tedeschini», *Hispania Sacra*, 64 (Extra), 205-222.

- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2014a): «Entre la Cruzada y el Concordato: la Iglesia católica en la Galicia de Franco (1936-1953)», en Julio Prada Rodríguez (dir.), *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia*, Madrid, Biblioteca Nueva, 127-144.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2014b): «Fernando Quiroga Palacios (1900-1971). O galego do Concilio», en Jesús de Juana López / Julio Prada Rodríguez / Domingo Rodríguez Teijeiro / Segundo L. Pérez López (coords.), *Galegos de Ourense*, vol. 2, Ourense, Deputación Provincial, 199-218.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2016): «Las redes católicas entre España y los Estados Unidos de América (1919-1939)», en Juan Carlos Mercado (ed.), *Historical Links between Spain and North America*, Alcalá de Henares, Instituto Franklin, 75-83.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2017): «Las redes católicas entre España y Estados Unidos de América (1939-1957)», en Julio Cañero (ed.), *North America and Spain: transversal perspectives*, New York, Escibana Books, 228-241.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2018): «En español y desde Washington D.C. para Latinoamérica y España. El origen de la Agencia Noticias Católicas (1941-1946)», en Carlos Aguasaco, *Vínculos históricos entre Norteamérica y España*, Alcalá de Henares, Instituto Franklin, 121-130.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2019): «“American Connection”: Manuel Graña y su relación con el Catholic News Service (1919-1944)», en Julio Prada Rodríguez / Domingo Rodríguez Teijeiro (eds.), *Indivisa manent. Estudos en homenaxe a Jesús de Juana*, Vigo, Galaxia, 303-335.
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2020a): «La mirada americana. Estados Unidos y el factor católico en la España de la Segunda República», *Diacronie. Studi di Storia Contemporanea*, 41 (http://www.studistorici.com/2020/03/29/rodriguez-lago_numero_41/).
- RODRÍGUEZ LAGO, José Ramón (2020b): «Cambio de guardia: del patronato hispánico a la Pax Americana (1889-1903)», *Almanack*, 26, 1-33.
- STEIGMANN-GALL, Richard (2007): *El Reich sagrado. Concepciones nazis sobre el cristianismo*, Madrid, Akal.
- THOMÁS, Joan Maria (2007): *Roosevelt y Franco. De la guerra civil española a Pearl Harbor*, Barcelona, EDHASA.
- THOMÁS, Joan Maria (2010): *La Batalla del Wolframio. Estados Unidos y España de Pearl Harbor a la Guerra Fría (1941-1947)*, Madrid, Cátedra.
- THOMÁS, Joan Maria (2016): «Catolicismo, antitotalitarismo y franquismo durante la Segunda Guerra Mundial y la inmediata postguerra: Carlton J.H. Hayes y España», en J. M^a Thomas (coord.) *Estados Unidos, Alemania, Gran Bretaña, Japón y sus relaciones con España entre la guerra y la postguerra (1939-1953)*, Madrid, Universidad Pontificia de Comillas, 63-101.

UNHA GUERRA NUNCA DECLARADA. OS SERVIZOS BRITÁNICOS EN GALICIA DURANTE A II GUERRA MUNDIAL

Emilio Grandío Seoane

HISPONA, Universidade de
Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.006](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.006)

España non foi «neutral» nos anos da Segunda Guerra Mundial. E, contrariamente ao que se dicía oficialmente, tampouco era «non-belixerante». Só hai que pasar as páxinas dos xornais da época e observar os titulares de 1939 en diante para velo. Está aí. A ditadura de Franco orientouse nunha decidida estratexia cara aos seus obxectivos de grandeza. E tíñaos diante mesmo. A postura durante os anos do conflito mundial foi de apoio ao Eixe. Sobran testemuñas e documentación sobre iso, máis alá da imaxe dos seus aparatos de información. Negalo é poñer unha venda nos ollos. Outra cousa é que, preto de rematar a guerra, o franquismo fose quen de virar cara aos seus intereses a opinión que sobre España tiñan aqueles que venceran o fascismo. Un novo mundo chegaba e a utilidade de Franco para o desenvolvemento do dique fronte á expansión do socialismo soviético pola Europa meridional fíxose valer. Unha ditadura útil, e non só pola súa situación xeográfica, senón tamén para amañar certas fendas na construción dos novos tempos. Fendas que non se percibiron no seu momento pero que pola información que nos chega existiron sen dúbida.

E Galicia estaba neste territorio. Con todo, a relevancia do territorio galego no rumbo da Segunda Guerra Mundial non vén expresa ata anos máis recentes, cando novas investigacións saen á luz. Mais foi unha auténtica mágoa perder as testemuñas das xeracións que viviron as bandeiras e os berros; como se achegaban e sobrevoaban polo territorio avións de combate; como se escoitaban os combates a poucas millas da costa para saír nos barcos á procura dos superviventes; como alemáns en uniforme paseaban polas cidades, vilas e aldeas galegas; como nas zonas costeiras se instalaban, en pouco tempo, milleiros de soldados de leva en campamentos improvisados; como as zonas de explotación do volframio fervían de xente e de control militar... Se exceptuamos o contexto marcado pola cruel represión en que nos atopamos dende o verán de 1936 —o cal, certo é, é moito exceptuar—, o que viviron a principios da década dos 40 foi o máis preto que estiveron os galegos dun conflito de trincheiras mantido no tempo. Mais polo relato que tivemos deste pasado semella que a guerra non pasara por aquí...

As viraxes radicais nestes anos non foron exclusivas do franquismo. Tampouco Gran Bretaña, Estado cuxos servizos de información son analizados nestas liñas que tedes diante, tivo sempre unha única actitude decidida en contra do fascismo. Especialmente do alemán, non tanto do italiano, xa que as semellanzas e con-

verxencias cos primeiros eran máis das que se poidan supor. De feito, os cinco anos de enfrontamento armado entre alemáns e británicos foron no século XX máis a excepción que a rutina. E o mesmo pasou no trato á ditadura do xeneral Franco, xa que o sistema se consolida máis adiante ao abandonar esa sensación de provisionalidade.

Os sistemas de información nazi desenvólvense moito antes que os británicos en territorio español e galego. Xa dende as primeiras novas reproducidas nos xornais no mes de agosto de 1936, observamos a súa notable presenza e apoio á sublevación. Mesmo xa se atopaban dende os anos finais da República, o que non é motivo destas liñas.

A presenza dos servizos de información británicos durante a Segunda Guerra Mundial pode dividirse en cinco fases:

1) A primeira dende 1935 ata 1940 aproximadamente, na cal observaremos a adaptación do Foreign Office dende os anos finais da República da Fronte Popular ata a toma de poder do primeiro ministro Winston Churchill, que muda a perspectiva sobre a actividade dos servizos de información en Europa. Polo medio atravesaremos o período da Guerra Civil, na que os británicos tiveron un papel determinante especialmente na toma en consideración do Pacto de Non Intervención e a ausencia de actividades en defensa da democracia republicana.

2) A segunda cobre aproximadamente os anos dende 1941 ata o verán de 1943, cando se desenvolven estes servizos, tanto na súa vertente de información e contrainformación como de preparación de sabotaxes e posibilidades de intervención directa.

3) A terceira desenvólvese baixo a presión americana sobre Gran Bretaña no tema España. Isto provoca que, a partir do verán de 1943, a presión interna sobre Franco se acelere coa Carta dos Procuradores e os rumores da participación de varios xenerais da ditadura nun posible golpe de Estado que quite a Franco do poder. Nese contexto, cos combates navais e aviacións sobrevoando Galicia, ten lugar a entrevista de Franco co embaixador británico Samuel Hoare no pazo de Meirás a mediados de agosto de 1943. A presión das Nacións Unidas atópase ben presente. Tras o encontro en Sada, a marcha do embaixador sen unha resposta clara de Franco continúa dende Londres cunha ausencia non xustificada no retorno do embaixador en setembro.

4) A cuarta iníciase tras a volta do embaixador Hoare retornado a principios de outubro, horas despois da data do rumor difundido dunha invasión aliada da Península por Portugal ou polo norte galego. A relación entre Gran Bretaña e España vira cara a momentos ben tensos, pero dende finais de 1943 semella que moitas redes aliadas creadas nos anos anteriores se desmantelan. España deixa de ser un obxectivo prioritario para a intelixencia británica —que non aliada— dende o verán de 1944.

5) Finalizamos cunha derradeira fase en que se acomete a reconfiguración dos servizos de información cara á Guerra Fría. Un novo mundo, unha nova sociedade que debe ter nos seus servizos de información un obxectivo prioritario na prevención de riscos fronte aos totalitarismos de distinto signo. España, *a priori*, queda á marxe. Pero non é tan así, xa que segue sendo necesaria para aspectos do remate da Segunda Guerra Mundial. A ditadura franquista adáptase, aparece o pragmatismo do réxime, que prioriza a supervivencia do sistema de poder antes que os proxectos de futuro. A praxe antes que a teoría, perfectamente modulable a través do exhaustivo e asfixiante control da información por parte do réxime. Nova sociedade, novos servizos de información orientados a novas realidades.

1. A POSICIÓN BRITÁNICA SOBRE ESPAÑA (1935-1940). A TRANSCENDENCIA ESTRATÉXICA DE GALICIA

Dende principios do século XX, o Almirantado británico contaba con servizos de información repartidos por todo o territorio español. Aquelas motivacións eran tanto pola cuestión estratéxica do territorio en que se atopaban como pola especialización económica dos seus investimentos. Por exemplo, en febreiro de 1917, contaban con estacións en Madrid e boa parte da costa española: Sevilla, Bilbao, Vigo e Barcelona. No caso de Vigo era notorio o feito da existencia do «Cable Inglés», servizo de comunicación que conectaba directamente coas illas (Viñas 2021: 210). Por certo, situado ao lado do «Cable Alemán» (Giráldez 2014).

A marcha do embaixador británico Grahame en 1935 virará totalmente a posición británica respecto da República española. As mensaxes de Grahame —que xa levaba dende a ditadura de Primo de Rivera nese posto— cara ao Foreign Office presentaban unha democracia española con problemas, como moitas do seu con-

texto de mediados dos anos trinta, mesmo con dúas tentativas de subverter o réxime en 1932 e 1934 (Viñas 2021: 27-31). A chegada do novo embaixador Chilton mudou radicalmente a posición do Foreign Office sobre España con base nas informacións transmitidas. Chilton tivo dende a súa chegada ao cargo, meses antes da vitoria electoral da esquerda en febreiro de 1936, unha clara actitude de transmitir unha imaxe negativa do que estaba a acontecer na República. Este cambio de persoa na delegación británica en España vén a probar tamén que dende Whitehall se percibía, mesmo antes das eleccións, que algo podía cambiar en España, mesmo ameazando á República (Grandío 2013).

Nestes meses, boa parte dos servizos consulares británicos (Sevilla, Madrid, Vigo...) envían informes negativos, rozando a alarma social, sobre o que está a ocorrer nas rúas españolas. O cónsul en Vigo, Oxley, transmítelle a Chilton, a finais de maio e principios de xuño de 1936, unha serie de plans organizados por sectores comunistas e uxeitistas, inspirados dende a Unión Soviética, para provocar unha revolución. Este relato é difundido por moitos medios de comunicación, que se fan eco da nova, pero o singular é como o mesmo cónsul británico tensa unha situación de alarma contra daquela República —contexto en que se atopaban boa parte dos dirixentes das dereitas españolas—. Máis transcendente aínda é como non hai resposta aparente dende o Foreign Office (Viñas 2021: 209-216).

O mesmo Oxley comenta o 20 de xullo de 1936: «Situation here very serious»¹. Considera a situación nas horas en que é tomada a cidade olívica polos sublevados realmente dramática. A realidade é que o enfrontamento entre militares e unha resistencia minimamente organizada se produciu polo centro da cidade galega. Un segundo telegrama, procedente da Mariña británica do día seguinte, obrigaba mesmo a pensar nunha intervención da frota da Súa Maxestade británica para a defensa de cidadáns e intereses británicos². Segundo o texto, a defensa da República non se atopa en ningún lado.

Isto non provoca ningún cambio na actitude das delegacións británicas no territorio español ante a sublevación. Moi ao contrario, os informes negativos

¹ Remitido ás 21:05 horas do 20 de xullo de 1936, «Situation in Vigo», National Archives, Foreign Office 371/20523.

² A comunicación indicaba ademais unha desproporción evidente. Segundo o Informe enviado en «Naval Code» («Código Naval») e recibido ás 14:42 do 21 de xullo de 1936, eran 600 persoas armadas na guarnición olívica fronte á estimación de 20 000 comunistas, NA, FO 371/20523.

dos consulados sobre o que ocorre nas rúas das zonas controladas inicialmente polos sublevados modéranse notablemente (Tetuán, Sevilla, Vigo), mentres que as noticias dos territorios que quedaran baixo control republicano seguen chamando á alarma (Moradiellos 2012: 153). O relevante é que hai un aviso de crear de xeito intencionado unha sensación de pánico pouco real, nun lugar ben afastado de Madrid e dos centros de decisión da República, que vén auspiciado dende o centro mesmo da diplomacia británica.

O noroeste da Península Ibérica non foi durante estes anos un destino secundario nin moito menos. Galicia foi unha zona da máxima importancia estratéxica para ambos os bandos por diversas razóns:

1) Dende as nosas costas uns e outros observaban o paso de barcos de toda bandeira polo océano Atlántico en ruta cara ao canal da Mancha, Francia, Gran Bretaña ou cara ao sur, en dirección a Portugal, Xibraltar, o Mediterráneo ou portos africanos.

2) Os portos da Coruña e Vigo eran punto de chegada e partida de barcos e tripulacións, igualmente de ambos os bandos, que tiñan América como orixe e destino. Pero tamén eran un lugar de refuxio na pouco doada travesía do Atlántico por aquel tramo.

3) Unha terceira razón, non menos relevante como xa temos sobradamente constatado, é que, do mesmo xeito que Portugal, Galicia foi epicentro da «guerra do volframio», mineral imprescindible para a industria bélica alemá e aliada (Martín de Pozuelo / Ellakuría 2008: 184).

4) E unha cuarta, necesaria dende esta perspectiva concreta: é un lugar sempre vencellado dende o inicio da guerra a unha posible invasión aeronaval, ben por parte do Eixe ou dos aliados. Por todo iso, converterase nun dos centros neurálxicos dos servizos de intelixencia.

O control das illas Canarias e Azores era indispensable estratéxicamente para os británicos (Alpert 2002: 460; García Cabrera 2019). Na estratexia militar do conflito, o que representaba a «autoestrada marítima do Atlántico» era fundamental para o dominio marítimo. Unha nota do Almirantado ao Gabinete de Guerra británico informaba da estratexia marítima que había que seguir no caso de guerra con España. Había que manter Xibraltar pola obvia conservación do control do Estreito e «na medida en que a base naval poida ser utilizada». No suposto de ter que deixar Xibraltar, a frota desprazaríase unha parte cara a Gran

Bretaña, outra a Freetown e outra aos Azores. Son os tempos de Dunquerque. Dende estas posicións de retirada estratéxica, a idea dunha inminente resposta á perda de territorio peninsular sería accións militares contra os portos de Cádiz, Vigo e Ferrol, na súa condición de enclaves-refuxio de barcos e submarinos alemáns³.

Nestes primeiros meses de 1940, os servizos diplomáticos británicos do noroeste da península, especialmente aqueles situados nas zonas portuarias, procuran e demandan maior comunicación co exterior. A presenza das forzas alemás que chegaban a Francia, o illamento que provocaba a situación dos británicos na Península e a persistente ameaza de deriva cara ao Eixe do réxime franquista obrigaban a formular certas medidas. Un informe enviado ao Foreign Office en febreiro de 1940 relatava os esforzos destes anos na creación das redes de intelixencia en Galicia. Tomando como centro Vigo, informábase de maneira continua do tráfico portuario —mesmo a chegada de submarinos alemáns ao porto— e duns precarios servizos de información que acadaba o aparato consular. Por exemplo, citábase que o vicecónsul da Coruña, Henry Guyatt, e o seu fillo realizaban traballos de observación coa súa motocicleta por toda a costa galega (Grandío 2021: 49).

O que se percibe na evolución do réxime de Franco fai incrementar os sinais de alarma para os británicos. Nun informe sobre a xuntanza mantida o 4 de maio de 1940 entre representantes do Estado Maior da Luftwaffe e do Ministerio do Aire en Berlín indicábase o seguinte: «Os españois permitiron que varios avións de recoñecemento meteorolóxico voen con bandeira española e a estación de radio da Coruña estivo traballando para a Luftwaffe» (Wingeate 2010: 26-27). A presenza alemá facíase cada vez máis patente na Península. Incluso un coronel español que escribía dende Vigo indicaba que se atopaba ben incómodo coa banda de «nazi gansters» —textualmente— en Vigo, xa que «eran capaces de dirixir este país cara a un movemento fatal»⁴.

³ «Naval policy in the event of war with Spain», National Archives, CAB/66/10/8. Tamén en Pastor 1990: 231-232.

⁴ Informe con data do 29 de maio de 1940, NA, FO 371/24507.

2. A CREACIÓN DA REDE: INFORMACIÓN E SABOTAXE (1941-VERÁN 1943)

Nestes primeiros anos da guerra, Gran Bretaña, aínda sen a entrada de Estados Unidos no conflito, atópase soa diante dun continente europeo copado polo Eixe e os seus Estados satélites, cada vez máis afianzados nas posicións totalitarias. A reconstrución iníciase dende a chegada á xefatura do Goberno de Churchill en maio de 1940. Unha das primeiras cuestións que considera prioritarias é consolidar os servizos de información dentro do continente, circunstancia bastante descoidada polo servizo británico de intelixencia nos anos trinta. Créase un Servizo de Operacións Especiais (SOE) para esta tarefa, activado cunha intención a medio camiño entre o conflito bélico e a observación pacífica.

Respecto das actividades destes servizos en Galicia, teríamos dúas grandes actuacións destas redes:

Por unha banda, a necesidade de información. A creación de informes internos de aparato descritivo de boa calidade para Londres converteuse nunha constante, especialmente nestas primeiras datas. Como exemplo podemos citar un informe sobre Vigo realizado a finais de outubro de 1940, no que se indicaban os problemas da carestía da comida. Salientaba neste informe o claro contraste co acaparamento de conservas e outros produtos producidos en Galicia que se realizaba, e que ían destinados a Italia, á Francia de Vichy e mesmo a «axentes alemáns que en todas as partes de Galicia están a comprar comida a altos prezos». Este negocio beneficiaba aos axentes económicos da cidade, mentres a sociedade no seu conxunto tiña serias complicacións para acceder a produtos básicos como azucre, fariña, aceite de oliva, queixo ou manteiga. Os anos da fame. Con todo, informábase de que a construción era próspera dende que se consolidara a seguridade no capital investidor. O café e o tabaco eran «case imposibles de atopar». Como o petróleo, «extremadamente escaso, mesmo no mercado negro». Ata dende o consulado de Vigo se dicía que a Garda Civil se atopaba insatisfeita co seu salario⁵.

Por outra banda, incentivouse a creación de redes con posibilidade de realizar sabotaxes contra o réxime. Ata hai ben pouco tempo, estes movementos

⁵ NA, FO 371/24508.

tan directos contra o réxime de Franco non se atopaban tan expresos, mais na investigación recentemente realizada nos arquivos británicos e sobre os grupos da resistencia fronte ao franquismo nestes anos aparécenos unha nova realidade, que denota unha maior intervención dos países aliados na orixe primeira da guerrilla en Galicia. Aquela primeira guerrilla tiña variada cor política, con regulamentos en que se atopaba a procura dun obxectivo político ben marcado de retorno á democracia republicana e a integración dos numerosos vectores políticos e ideolóxicos integrantes.

Por estas datas comezan tamén movementos máis intensos de procura de contactos coa clandestinidade política. O propio servizo secreto franquista observa a difusión de follas da Alianza Democrática Española a través dunha rede que xa no 1940 se estende por todo o Estado. A rede desta estrutura foi o embrión da posteriormente denominada Rede Ponzán (Téllez 1996, Ponzán 1996)⁶. O seu vínculo común: a oposición á ditadura. Algunhas apreciacións desta causa indican que mesmo era aconsellable este perfil: «Utilizaban ás persoas que por carecer de medios de vida se vían obrigadas a aceptar esta misión case ignorantes do servizo que prestaban»⁷. Se unha persoa se relacionaba con estes servizos, conseguir o diñeiro non era o máis complicado. Á marxe dun soldo, vencellado á calidade e cantidade da información que se achegase (valorábase especialmente o traballo en centros oficiais), custeábonselles todas as viaxes. O seu radio de acción foi notable en pouco tempo. Nesta rede foron detidas persoas en Madrid, Xerez da Fronteira, Valencia, Barcelona, Logroño, Zaragoza, Cádiz, Sevilla, Huesca, Vigo e A Coruña.

Esta primeira interacción con potenciais opositores ao réxime será observada negativamente polo embaixador Hoare, quen se mostra remiso a aproveitar estas redes por parte dos servizos de intelixencia propios. Cara ao exterior esta decisión de non apoiarse moito na oposición interna procedía non tanto da falta de confianza na súa capacidade e formación, senón da constatable infiltración que nestas redes tiñan os servizos franquistas. Non obstante, cara ao interior, había algo máis que limitaba o apoio á oposición interior.

⁶ Baseada na relación persoal de Francisco Ponzán, anos antes mestre en Olveira (Dumbría), co tamén mestre Vicente Rodríguez, de Mazaricos, Arquivo do Tribunal Militar Territorial N.º IV, Causa 624/40, p. 73.

⁷ Do 26 de xullo de 1940, *ibidem*, p. 39.

Loxicamente, os plans de infiltración en España do SOE establecíanse dende Londres: Andalucía e Xibraltar eran lugares de orientación prioritaria, pero tamén Navarra ou mesmo Galicia, por razóns distintas. Navarra pola proposta carlista maioritaria, sempre inestable co ditador Franco, e Galicia sobre todo polo número de resistentes agrupados e illados nas súas montañas.

Boa parte dos elixidos por Gran Bretaña para infiltrarse dentro destas estruturas clandestinas eran homes xa experimentados na loita en España. Curiosamente, a súa experiencia previa non fora apoiar os sectores republicanos durante os anos da Guerra Civil, senón todo o contrario. Boa parte destes homes traballaron nos anos da guerra a favor do exército de Franco e nalgúns casos foron mesmo condecorados ao remate da guerra. A súa loita, daquela e agora, era pola defensa da coroa británica e en pouco máis dun par de anos achegaron os seus coñecementos militares a un e outro lado da trincheira.

Segundo unha inicial planificación desta primeira estrutura, España dividíase en dez áreas e en tres grandes sectores. Un destes últimos comprendía toda a zona norte de España ata as montañas de Gredos e tiña a súa base en Porto (onde as compañías viñateiras británicas se utilizarían como base de comunicación)⁸. Aquí atopamos referencias vencelladas á localización da guerrilla e as súas bases, ademais de información dos mesmos servizos de información da ditadura. A relación de Galicia con Porto vai ser estreita neste ámbito. Porto serve como saída, pero tamén como punto de relación evidente con Lisboa. A realidade é que a Federación de Guerrillas León-Galicia ten bases de saída e puntos de seguridade establecidos dende os primeiros anos en Porto.

Ao longo de 1941 consolídase a colaboración da resistencia cos aliados. Como a incipiente creación da Rede Ponzán, que vimos nas páxinas anteriores, comezan a aparecer rutas de «fuxida». Non casualmente, estas redes de refuxiados europeos a través de España tiñan o seu punto de fuxida no norte da Península. O noroeste convértese no punto de saída de estruturas controladas pola embaixada británica, onde tiña un especial papel a muller do embaixador Hoare, *lady* Maud. Entre os papeis privados de Hoare atópanse varias referencias á súa intervención nestas rutas. Pero tamén sirva como exemplo a dirixida polo médico de Madrid Martínez

⁸ Esta rede de apoio dende Porto coñeceríase como a Red Shell, e atopábase dirixida polo delegado desta empresa e vicecónsul británico Cecil Rogerson (Flunser 2013: 128).

Alonso, en ruta por lugares como León (Hotel Oliden), La Bañeza, Vigo e Tui, ata saír finalmente polo embarcadoiro da Portela (Vigo) (Martínez de Vicente 2003). Tamén poderíamos falar do caso tan lembrado das irmás Touza e de máis redes de axuda que funcionaron durante estes anos preto destas vías de saída.

Todas estas accións e estruturas non concilian moito con esa imaxe de Hoare dunha diplomacia «á defensiva». De feito, era lóxico que formalmente cara ao exterior a tivese, xa que existe, dende a chegada do embaixador Hoare cando menos, un pacto preestablecido nunca asinado de non exceder as «liñas vermellas» co franquismo. É dicir, que non realizasen accións que axudasen a botar abaixo a ditadura. A posición inicial de debilidade de Gran Bretaña no contexto europeo ata a chegada directa de EE. UU. así parecía aconsellalo. Pero unha cousa era o relato e outra a acción, como podemos observar polos seus propios papeis.

Dende principios de 1942, a boa parte dos informadores utilizados nos primeiros intres de xeito urxente, como Martínez Alonso, recoméndaselles saír de España. Ademais de estar xa localizados polos outros servizos de información, non tiñan moito sentido dentro dunha nova estratexia, moito máis militar —xa con reforzo de EE. UU.—, das Nacións Unidas. De feito, a estrutura dos servizos de intelixencia británicos reforzouse aínda máis co acordo asinado cos servizos americanos —OSS— en xuño de 1942, que limitaba a actividade americana ao norte da África francesa e ao Marrocos español (Messenger 2014: 48). Os británicos intensificaron as súas accións no territorio español. Os servizos de investigación franquistas detectaron no mes de xuño de 1942 a realización, por parte de responsables diplomáticos británicos, de esbozos de zonas urbanas e recintos militares da zona costeira sur de Pontevedra, como Cangas, Arcade ou Vigo⁹.

O que amosa boa parte da documentación consultada é que os movementos británicos eran ben coñecidos polos servizos de intelixencia españois. Por exemplo, xa en maio de 1941, o Servizo de Información da Dirección Xeral de Seguridade (DGS) redacta un informe sobre a necesidade de contar con maiores medios para contrarrestar o enorme despregamento británico en Galicia («persoal en cantidade e idoneidade, medios de locomoción, diñeiro abundante...»). No informe da DGS indicábase que a intelixencia británica se «presume que funciona nesta rexión con actividade redobrada e que as súas compoñentes se atopan entre

⁹ Do 11 de xuño de 1942, Arquivo do Tribunal Militar Territorial N.º IV, Causa 274/42.

os súbditos ingleses aquí radicados, en íntima colaboración con elementos españois afíns —dereitistas, anglófilos e roxos—, recrutados entre os descontentos de boa posición social e os restos, que, en gran cantidade, quedan da Fronte Popular». Citábanse nel determinadas personalidades —o xa coñecido cónsul Guyatt (e os seus fillos), que realizaba «todos os meses» unha visita de «inspección dos seus súbditos» co percorrido «A Coruña-Ferrol e A Coruña-Vilagarcía»—; altos empregados do Anglo-South American Bank; súbditos británicos —unha muller, Rosemary Magellan Douglas, que se matricula durante un tempo na Universidade compostelá e que se despraza entre esta cidade, A Coruña e Vigo—, e algún civil español. Pero, segundo a DGS, esta rede era a punta do iceberg: «Sería necesaria unha actuación de grande envergadura, pola que se chegasen a fiscalizar as súas contas, o diñeiro que gastan, que é moito, e a clase de relacións que cultivan nas altas esferas da sociedade coruñesa, para todo o cal se precisaría un labor de longo alcance»¹⁰.

Poucos meses máis tarde informábase así sobre a influencia británica en Ferrol:

Nalgúns establecementos públicos, ponse e escóitase a Radio Londres e a de Boston, pero, dada a situación actual de España, de non-belixerante, descoñécese se deben tolerarse ou prohibirse estas audicións. A propaganda que as potencias en contra do Eixe, e por conseguinte en contra de España, fan por medio da radio serve de pasto a elementos perturbadores e desafectos ao Réxime para sementar o confusionismo... Con certa periodicidade, recíbense na comisaría, e con cuño para as autoridades, sobres procedentes da embaixada de Estados Unidos, con propaganda sobre as forzas que loitan en contra do Eixe, a cal é destruída¹¹.

E as rías continuaban a ser un foco de actividade alemá. Vigo e Ferrol —a base militar da Graña— contaban de xeito ben evidente con soldados alemáns procedentes dos seus barcos e submarinos, ata o punto de transmitirles a orde de impedirles baixar máis que o indispensable. Os portos galegos eran refuxio, reparación e base de subministración de combustible. Nalgúns casos con implicación da mesma CAMPSA de xeito directo; como unha testemuña relatou o 20 de

¹⁰ Do 12 de xaneiro de 1941, Arquivo da Fundación Nacional Francisco Franco, N.º 27189.

¹¹ Datado o 6 de febreiro de 1942, Arquivo da Fundación Francisco Franco, N.º 27149.

xaneiro de 1943, o petroleiro Campomanes abastecía un submarino alemán (Ros 2002: 112 e 114). Ou mesmo podemos lembrar o petroleiro alemán afundido nestes meses na bocana da mesma ría de Ortigueira.

Había constancia desta actividade tamén en Ferrol, Cádiz, Tenerife ou As Palmas (Ros 2002: 109). A protesta diplomática sobre este tema tivo certo efecto ante a ameaza británica de restrinxir os dereitos de navegación aos buques españois. A partir de decembro de 1941, «interrómpe» oficialmente a subministración de combustible aos barcos alemáns. Aínda así, as dúas últimas operacións recoñecidas polo Estado franquista con submarinos alemáns realizáronse en Ferrol nos meses de maio e setembro de 1942, e coa xustificación de reparación de «avarías mecánicas» (Wingeate 2010: 161).

E non era só a actividade militar ou de reparación, xa que o transporte do volframio era case inevitable realizalo a través dos portos. Nomeadamente no porto da Coruña funcionou unha gran cantidade de intermediarios especializados neste tráfico, mais tamén constatamos que se realizaban abastecementos en Muros, Noia, Corcubión ou Ribeira.

3. O PUNTO DE INFLEXIÓN SOBRE A DITADURA: MEIRÁS E A AMEAZA DE INVASIÓN ALIADA (VERÁN-OUTONO DE 1943)

Toda esta actividade propiciou o interese pola zona noroeste da Península. Semellaba que nestes meses o foco do rumbo da guerra priorizaba este territorio. En maio de 1942, un documento do embaixador italiano en Madrid, remitido ao Foreign Office co cuño de «most secret», indicaba o rumor do posible desembarco de tropas inglesas nunha zona denominada «Cantabria», que agora sabemos que pode estar ben relacionada coa rede británica de información que cubría toda a costa cantábrica¹². A vixilancia aérea alemá nesa zona intensificouse. O embaixador alemán e Serrano Suñer expresaban que todo era un rumor falso. Non sabemos se como causa ou consecuencia, o certo é que estas novas se combinaron no tempo coa vontade de construción de defensas antiaéreas de costa entre

¹² NA, HW 1/598.

Vigo e Ferrol e a disposición de sistemas defensivos nos aeródromos no norte de España¹³.

Dende os primeiros momentos de 1943, o interese británico sobre a Península oríentase a liquidar os problemas da guerra naval do Atlántico. O Estado franquista non parecía ter demasiado en conta as advertencias británicas respecto do apoio que lles seguía prestando aos barcos alemáns.

A idea dunha invasión inglesa polo norte costeiro da Península continuou practicamente ata o final da Segunda Guerra Mundial. No interrogatorio realizado tras o remate da guerra ao mesmo xefe da KO Spanien, Rohrscheidt, este relatou que Hamilton-Stokes —un dos máis altos responsables da intelixencia británica en España— planificara directamente esta invasión aeronaval¹⁴. Fronte a esta posibilidade, como se indica nun informe alemán de novembro de 1942, a Franco só lle quedaba unha alternativa: «En opinión do ministro español de Exteriores, a posibilidade de iniciar unha segunda fronte por medio dun desembarco de tropas anglo-norteamericanas na Península Ibérica tamén resulta perfectamente plausible. No caso de que iso ocorrese, o ministro espera ser auxiliado por Alemaña. Na súa opinión, a dita axuda debería comezar inmediatamente, coa entrega de armas confiscadas ao inimigo» (Wingeate 2010: 191).

Na primavera de 1943, a presión sobre a ditadura intensificouse. A Carta dos Procuradores e os rumores dun golpe de Estado co obxectivo de quitar a Franco do poder representa un dos momentos de maior tensión sobre o futuro da ditadura franquista. Non é o inimigo externo, senón os representantes do réxime na Cámara —Carta dos Procuradores— ou os mesmos compañeiros de armas da sublevación os que lle indican que debe deixar o poder. Cara a quen? A opción alternativa para os británicos sempre fora a restauración da monarquía, mesmo cun xeneral que transitase cara a un referendo sobre a forma de goberno. Semella que son os americanos os que máis promoven estes movementos pero poñendo por diante a maior relación e experiencia sobre o terreo dos británicos cos españois.

O contexto destes meses hai que entendelo como o dunha presión que medra cara a un conflito directo: avións británicos sobrevoando a raia portuguesa e deixando bombas sen carga en Xubia (Ferrol); submarinos alemáns afundidos

¹³ Do 26 de maio de 1942, NA, FO 371/30935.

¹⁴ NA KV 3/273.

recollidos polos pesqueiros galegos; desprazamento de tropas e prácticas militares en territorio galego...¹⁵

Durante a realización da Conferencia de Quebec, onde é ben coñecido que Roosevelt e Churchill abordan de xeito preferente que facer co futuro de España, o embaixador Hoare solicita antes de marchar cara a Londres unha reunión de urxencia con Franco no seu retiro estival en Meirás. O 20 de agosto de 1943 ten lugar esta reunión de dúas horas na que Franco escoita a presión dos aliados sobre a súa predisposición cara aos nazis con temas como a División Azul, a preferencia de Alemaña en materias de información ou nos portos, o comercio do volframio... Franco escoita na poltrona do seu despacho. A sorpresa de Hoare é evidente ante a inexistencia de reacción aparente do Caudillo. Hoare marcha cara a Londres sen ter referencia ningunha da decisión que tomará Franco.

Nos seguintes días de calma tensa, os aliados seguen a pensar que os movementos de Franco son escasos. Ou inexistentes. Na campaña de información e contrainformación destas datas a presión continúa. A principios do mes de outubro envíase a Londres unha listaxe exhaustiva de lugares posibles de aterraxe para un suposto de intervención directa dos aliados no noroeste español. A cantidade de lugares escollidos e detallados na zona noroeste da Península reafirma de xeito nítido cal era a zona sinalada dende había meses. Inclúense descrições de Guitiriz, La Virgen del Camino (León), Zamora, Vigo-Peinador, Vigo-Estuario, A Coruña, Ferrol, Lugo-As Rozas, Santiago, Valdoviño...¹⁶. O 8 de outubro é o día dun rumor moi difundido nestas datas de invasión polo norte da Península e polo Texo.

4. AS CARTAS ENRIBA DA MESA. A BATALLA DOS SERVIZOS DE INFORMACIÓN: OUTONO 1943-VERÁN 1944

Hoare retorna de Londres o 9 de outubro, o día despois desta data de invasión. A presión obriga a Franco a colocar as cartas enriba da mesa. O ministro Vigón failles a delegados da embaixada británica certas alusións ao coñecemento

¹⁵ Como exemplo dalgunha destas localizacións, véxase o artigo de Xosé María Lema sobre o campamento de Baio: <https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/campamento-militar-baio-cando-galiza-puido-ser-normandia/20210510185649121232.html> [última consulta: abril, 2021].

¹⁶ NA, AIR 40/1253.

de que os británicos incumpriran o pactado naqueles primeiros meses sobre a «non-belixerancia»: acúsaos de exceder as liñas vermellas preestablecidas. Non podían indicar o contrario cando representantes da ditadura sacan á luz as redes que teñen pouco que ver con estratexias diplomáticas, senón que claramente indican un coñecemento do terreo e mesmo un estudo pormenorizado da oposición interna.

Ás 9 da mañá do 20 de novembro de 1943, forzas da Garda Civil entran nunha pensión no número 34 do paseo da Condese de Sagasta en León. Nun dos seus cuartos atopan unha persoa que tenta responder cun revólver a entrada das forzas e morre de inmediato¹⁷. Con el cae a maior documentación que sobre unha rede de intelixencia se conserva ata a actualidade entre os arquivos militares. O morto é Lorenzo Sanmiguel. Co nome falso de Juan Martínez, entre 1942 e 1943 realiza numerosas viaxes polo norte de España como comercial da sucursal dunha compañía de transportes de Santander, a Vasco Riojana. As súas relacións cobren toda a zona setentrional da Península: A Coruña, Ferrol, Asturias, León, Santander e Bilbao. Cada quince días achégase á Coruña a deixar información no bar Minerva. De Juan Martínez, ou Lorenzo Sanmiguel Martínez, tras a súa morte, indícase que hai cargos concretos de «ser xefe da Zona Norte e asuntos de espionaxe»¹⁸.

Tras o rexistro do cuarto, e segundo o informe da Garda Civil, atopáronse na estancia varias pistolas, unha metraladora, un puñal e incluso dinamita. Un auténtico arsenal. E non só iso: numerosa documentación que permite, entre outras fontes, reconstruír o intenso funcionamento desta rede e as súas actividades, incluídos «partes quincenais de diferentes provincias que empezan na Coruña e terminan en León [...] nos que se conteñen datos reveladores das súas actividades de espionaxe»¹⁹. Localízase información de todo tipo: movemento de barcos, fotografías, información de tropas, de armas, de comercio de volframio, mapas de costa, planos de instalacións militares... Xa hai anos citaba un autor o material atopado naquela requisa:

¹⁷ Arquivo do Tribunal Militar Territorial N.º IV, León, Diligencias Previas 741/43, p. 1.

¹⁸ Arquivo do Tribunal Militar Territorial N.º IV, Asturias, Causa 558/43, p. 38.

¹⁹ *Ibidem*, pp. 39-40.

Entre os efectos ocupados, había propaganda extremista, planos de maquinaria, fotografías de portos, do aeródromo de La Virgen del Camino, cartas, notas diversas, planos de fortificacións, diarios de produción de máquinas e talleres, estatística de obreiros, movemento de buques, distribución de material de guerra, situación das forzas da Garda Civil e do Exército, informes políticos, ou informes referentes ás partidas de fuxidos en León e Asturias. (Aguado 1975: 128)

A súa relación coa embaixada británica atópase expresa dende o primeiro intre na redacción do informe e nos contidos da documentación atopada, onde hai numerosa propaganda dos aliados. A relación de Lorenzo Sanmiguel coa embaixada británica e mesmo coa de EE. UU. é un feito. Non por iso aparece este tema.

É ben interesante observar a súa organización como prototipo daquelas que non foron sacadas á luz. Os métodos con que chegaba a establecer os contactos necesarios para recoller esta información eran diversos: dende antigos amigos da infancia e mocidade ata técnicos especializados, pasando por mulleres coas que establecía relacións de amizade máis ou menos duradeiras. Todos eles eran designados cunha letra, unha especie de cupón que lles daba o mesmo Sanmiguel para a súa identificación. Recibían importantes compensacións económicas polo seu servizo: cada unha das informacións pagábase en cantidades que oscilaban, segundo a súa transcendencia, entre 100 e 3000 pesetas. A rede chega ata as 80 persoas, pero no caso dos trinta primeiros que foron detidos de xeito case inmediato, a súa localización xeográfica expresa claramente a importancia da rede: había informadores en La Felguera, Santander, Astorga, La Virgen del Camino, Trubia, Reinosa, Bilbao, Guarnizo, Xixón, Avilés, Siero, Ribadesella, León, Ferrol e A Coruña. Fora traballada minuciosamente durante tempo cun notable apoio financeiro e loxístico da embaixada inglesa. Que coñezamos, ata este momento era a principal subministradora de información para os aliados sobre as posibilidades de intervención militar directa en territorio español.

Unha rede de preto de cen informantes para os británicos cubría todo o norte de España, a rede de Lorenzo Sanmiguel. O traballo de captación nesta rede ten dous obxectivos: un político, xa que boa parte dos seus contactos son familiares de represaliados e aos que se lles daba esperanza dun futuro cambio político; e outro económico, con cantidades ben importantes de diñeiro a cambio de infor-

mación. Os seus xeitos de actuar son mencionados no relato da causa militar aberta por un dos implicados para a zona da Coruña e Ferrol:

Que o referido Lorenzo lle ofreceu colocación no comercio indicado, que o seu soldo serían quince pesetas diarias, e o seu labor era estar na expresada tenda e facer algunha viaxe a Galicia a levar uns sobres a unhas persoas que el lle presentaría, e que lle aboaría a viaxe mais vinte pesetas de gastos particulares. Que, efectivamente, o día dous de outubro, acompañado do expresado Lorenzo saíu para A Coruña e Ferrol; que na primeira praza lle presentou a dous individuos cuxos nomes non coñece, dicíndolle que eran eles os que tiña que ver no bar Minerva, que despois andaron polo peirao e oíu como o expresado Lorenzo lles aconsellaba que tomasen nota da entrada e saída de barcos, con expresión de carga e descarga, procedencia, nacionalidade e punto de destino, e así mesmo que tomasen detalle dos canóns que había na praza e anotasen o número de ferrollo; que viu tamén como o Lorenzo lles entregou diñeiro, sen que poida precisar que cantidade. Que dende A Coruña se trasladaron a Ferrol, onde lle presentou a César Quiñones, e oíu como lle recomendou que tomase toda clase de datos de interese, e dándolle César un escrito con información e comunicándolle que pasaran avións, o Lorenzo insistiulle en que anotase todo; que tamén viu como lle entregou diñeiro, pero ignora a cantidade²⁰.

Todo isto enviábase á embaixada británica a través de valixa transportada en automóbil. Pero o que se observa na documentación interceptada dende o mes de agosto ata o falecemento de Sanmiguel en novembro deste 1943 —os momentos de maior presión cara a Franco— é que se establece de xeito bidireccional. É dicir, que non é só a recepción de informes dende a rede cos seus pagos, senón que, en ocasións, os informes revelan demandas concretas e ben precisas de información dos británicos. Por citar un exemplo: «En canto aos informes dos barcos nos portos da Coruña, Xixón e Santander, quere Vde. avisar aos axentes de que teñen que poñer os detalles seguintes, se é posible?: nome do barco, detalles das mercadorías, porto de orixe, peso das mercadorías, porto de destino e data de chegada do barco»²¹.

²⁰ *Ibidem*, p. 704.

²¹ Datado o 30 de setembro de 1943, *ibidem*, p. 479.

Ou tamén dende os servizos británicos se solicitaban confirmacións sobre outras informacións, como a referida a unhas amplas manobras de carácter anti-invasión na Coruña entre o 30 de xuño e o 3 de xullo de 1943, nas que participaron unidades de Marín, Ferrol e A Coruña: «Durante este período, dende as 9 da mañá ata as 13, os canóns antiaéreos e de costa dispararon proxectís activos contra brancos remolcados entre o monte San Pedro e a península de Suevos [...]. O comandante Basterreche díxolle que a puntería con proxectís activos resultara excelente, polo cal hai que dar moitos eloxios aos instrutores alemáns que ensinaban aos equipos dos canóns costa»²².

Con case total seguridade, quen destapou esta rede foi Walter Giese, responsable especial do servizo secreto alemán para esta zona noroeste dende o verán de 1943. Giese, que xa estivera implicado nos traballos de intelixencia en Bilbao —onde a Rede Sanmiguel tiña importantes ramificacións— e no envío de axentes a América, desprazouse cara a Galicia porque os seus superiores entendían a zona como vital para o destino de Franco. No interrogatorio posterior á guerra que lle realizaron os servizos americanos, Giese destacou a actividade dos dous principais portos —Vigo e A Coruña—, así como a transcendencia estratéxica do cabo Fisterra («tiñamos un axente permanente situado no faro do cabo Fisterra») (Martín de Pozuelo / Ellakuría 2008: 112).

Giese instalouse na Coruña, onde residiu de xullo a novembro de 1943, precisamente nas datas do incremento da presión diplomática británica e da «limpeza» desta rede. A partir das inscricións dos hoteis locais, a estrutura de Giese acadaba listaxes de persoas vencelladas con Gran Bretaña ou Estados Unidos que se atopaban de paso por Galicia. Estes informes eran enviados e centralizados no servizo de espionaxe alemán en Madrid. A recepción da información difundíuse por toda a armazón alemá peninsular e, se saía de Galicia, Giese avisaba aos axentes cara a que rexión ía. No mes de decembro de 1943, xusto despois da caída da Rede Sanmiguel, Giese foi ascendido a xefe da espionaxe e da contraespionaxe en Galicia. Ademais, semella relevante a coincidencia entre a actividade principal de Giese e a que realizaba a estrutura da Rede Sanmiguel: «A súa misión foi a de establecer unha nova rede de información sobre o movemento de barcos ao longo da costa noroeste de España, contactar con axentes alemáns a bordo dos buques que via-

²² *Ibidem*, p. 480.

xaban dende América a Vigo e A Coruña, e poñer axentes a bordo dos pesqueiros que operaban fóra dos portos galegos» (Martín de Pozuelo / Ellakuría 2008: 113).

Segundo a documentación británica, a razón pola que Giese é enviado a Galicia dende Bilbao é porque naquel verán de 1943 rompeu «o círculo da espionaxe británica en Bilbao»²³. De feito, a repartición de áreas da intelixencia nazi na Península Ibérica coincide coa da rede británica Sanmiguel: zona norte, con toda a liña de costa cantábrica dende Galicia ata a fronteira francesa²⁴. Servizos alemán e británico coa mesma división territorial fronte a fronte.

A estrutura da información británica no norte peninsular sufriu un serio golpe. Era a hora de *resetear* o dispoñible. A principios de decembro de 1943, o Foreign Office recibe un informe cunha listaxe con variadas anotacións que leva o título de «Consulados e diversos contactos». Nesta listaxe cítanse as redes de información máis seguras nesas datas. Realmente semellaba o retorno á situación duns anos antes, cando só se podía confiar para a posta en marcha de redes de sabotaxe e información no persoal de confianza. A maioría dos contactos que vemos nesta listaxe conformaban xa aquela primeira rede. Por cidades, a rede cubría os consulados de San Sebastián, Bilbao, Santander, Xixón, A Coruña, Vigo, Sevilla, Huelva, Cádiz, Xerez, La Línea, Alxeciras, Málaga, Linares, Almería, Cartaxena, Alacant, Valencia e Barcelona. Resultan curiosas algunhas referencias, como a da Coruña, de quen indica que non se atopan moi satisfeitos, pero si do seu fillo, «a quen pensamos utilizar nalgún momento. Sen esperanzas». Respecto aos contactos de nacionalidade non británica, Vigo e Bilbao son as zonas onde existe un maior número deles. A maioría son recrutados dentro de compañías inglesas xa existentes —por exemplo no Cable Inglés de Vigo— ou como choferes dos distintos consulados. Só no caso do contacto do Bierzo, Alexander Easton, se comenta a súa relación directa co «grupo de resistencia en Ponferrada». Na maioría dos casos son definidos como comprometidos contra os alemáns e Falanxe. Unicamente o definido como «Axente T» se presenta como destacado membro da Falanxe, con bos contactos, intermediario por medio do membro dos servizos españois de información Salvador Gómez-Bearé. Ás veces tamén se insiren as contías dos seus pagos, que van

²³ NA, KV 3/271.

²⁴ NA, KV 3/272.

dende as 3000 pesetas ao mes deste último membro de Falanxe ata as 300 polo mesmo período para o ben coñecido chofer Riós de Vigo.

Os servizos intensificaron a vixilancia en determinadas zonas de España, especialmente sobre a difícil cuestión do tráfico de volframio, que continúa existindo nesa cara dupla entre o tráfico oficial —agora máis decantado cara aos aliados— e o clandestino —cara á Alemaña nazi—. A principios de marzo de 1944, envíase un informe dende A Coruña aos servizos de intelixencia estadounidenses explicando a estrutura de vixilancia que se montara en Galicia, especialmente nas súas costas, sobre este tema. A información perfila unha costa galega absolutamente controlada no seu tráfico marítimo. Só na costa sur da provincia da Coruña había doce persoas que tiñan a finalidade de subministrar información entre os portos de Vilagarcía e Malpica. Outras quince están espaxadas polo golfo Ártabro, entre A Coruña e Ferrol. Mesmo se informaba de que no prazo de seis semanas se podía establecer unha boa estrutura de vixilancia ao sur de Vilagarcía, na provincia costeira de Pontevedra²⁵. Dúas conclusións sobre isto: unha, a dun territorio totalmente vixiado e do que se recibían moreas de información; outra, a persistencia do traballo ante a desconfianza xerada polo que podería facer a ditadura. Un obxectivo tan crucial para o rumbo da guerra como a posesión e tráfico deste mineral non podía ser desbotado.

5. AS PORTAS DE SAÍDA DO CONFLITO. CONCLUSIÓN

O franquismo foi virando progresivamente dende a primavera de 1944 cara aos aliados. Pero España seguiu sendo útil para determinadas actividades que deberían ser levadas con «discreción». Os aliados agora precisaban, baixo a égida de EE. UU., reconstruír unha sociedade devastada mental e economicamente tras o desastre. A desnazificación era un elemento indispensable para construír a nova sociedade democrática da Europa do benestar. Implementáronse notables esforzos para iso, desenvolvendo unha cultura «antifascista» case considerada o núcleo do relato da nova democracia en Europa. España, a ditadura franquista, converteuse nun aliado útil. Sen entrar nunca moi a fondo na natureza do seu

²⁵ NA II, Maryland, Box 25.

régime e, dende logo, cuestionando pouco tempo o indubidable apoio prestado ao Eixe durante estes anos, serviu para acoller, agachar ou facer de ponte de saída para moitos daqueles que participaron e colaboraran co III Reich, alemáns ou non. As mesmas rutas pola Península que servían para sacar a refuxio seguro aos perseguidos polos nazis servirían para fuxir estes. Galicia continuou a ser, sen ruído, un lugar referencial durante anos pola súa capacidade de fronteira marítima ou terrestre con Portugal. Como referencia pódese dicir que só en 1948, e nun único informe dirixido ao Foreign Office, se pedía a repatriación de seis centenas de alemáns que se atopaban agardando unha saída, moitos deles localizados en Galicia.

O mundo dos servizos de información é un mundo complexo. Ademais, o que se coñece é unha minoría, pola mesma definición de discreción e segredismo na utilización destes informes. Resulta case seguro que os materiais cos que construímos este relato, suficientes de por si en número e importancia, sexan unha mínima parte do total da información xerada nestes anos. Cando un se mergulla nestes arquivos e sistemas de información pouco ten que ver coas ideas preconcebidas que poidamos ter do material filmico ou escrito na posguerra. Todo foi creado sen dúbida para xerar un novo mundo que tivese de xeito preventivo a maior vacinación posible ante o totalitarismo.

Galicia era un lugar referencial no rumbo da guerra en Europa, nomeadamente entre os anos 1940 e 1944, por variados motivos xa expostos. Pero dende o verán de 1944, España deixa de ser un obxectivo estratéxico de primeira orde. E non só por cuestións territoriais, xa que a localización estratéxica da Península seguía a ser a mesma, senón tamén porque a ditadura de Franco establecía novos contactos ou mantiña os vellos tanto con EE. UU. como con Gran Bretaña. Deixouse o destino daquela ditadura que colaborara de xeito estreito co Eixe para unha segunda fase, xa que o obxectivo prioritario para as Nacións Unidas era derrotar o fascismo e facerlles asumir aos seus dirixentes a responsabilidade dos feitos, pero tamén o era construír un mundo novo que previse no posible a repetición do drama. Nel era necesario ter outras opcións: o franquismo xogou no novo mundo bipolar esa baza que os servizos de información aliados consolidaron.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGUADO SÁNCHEZ, Francisco (1975): *El Maquis en España*, Madrid, Editorial San Martín.
- ALPERT, Michael (2002): «Operaciones secretas inglesas en España durante la Segunda Guerra Mundial», *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie V, Historia Contemporánea, 15, 455-472.
- FLUNSER PIMENTEL, Irene (2013): *Espiões em Portugal durante a II Guerra Mundial*, Lisboa, A Esfera dos Livros.
- GARCÍA CABRERA, Marta (2019): «Operation Warden: British sabotage planning in the Canary Islands during the Second World War», *Intelligence and National Security*, October, 35, 252-268.
- GIRÁLDEZ LOMBA, Antonio (2014): *Vigo y su colonia alemana durante la Segunda Guerra Mundial*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (2013): «Rumores a gritos: ruido de sables contra el Frente Popular (febrero-mayo 1936)», *Hispania Nova: Revista de Historia Contemporánea*, Madrid, 11, 573-602.
- GRANDÍO SEOANE, Emilio (2021): *Hora Zero. La inteligencia británica en España durante la Segunda Guerra Mundial*, Madrid, Cátedra.
- MARTÍN DE POZUELO, Eduardo / ELLAKURÍA, Iñaki (2008): *La guerra ignorada. Los espías españoles que combatieron a los nazis*, Barcelona, Debate.
- MARTÍNEZ DE VICENTE, Patricia (2003): *Embassy y la inteligencia de Mambrú*, Madrid, Velecio.
- MESSINGER, David A. (2014): *Hunting Nazis in Franco's Spain*, Baton Rouge, Louisiana State University.
- MORADIELLOS, Enrique (2012): *La guerra de España. Estudios y controversias*, Barcelona, RBA.
- PASTOR PETIT, Domingo (1990): *Espionaje: la Segunda Guerra Mundial y España*, Barcelona, Plaza y Janés.
- PONZÁN VIDAL, Pilar (1996): *Lucha y muerte por la libertad, 1936-1945. Memorias de nueve años de guerra*, Barcelona, Tot.
- ROS AGUDO, Manuel (2002): *La guerra secreta de Franco (1939-1945)*, Barcelona, Crítica.
- TÉLLEZ SOLÁ, Antonio (1996): *La red de evasión del grupo Ponzán. Anarquistas en la guerra secreta contra el franquismo y el nazismo (1936-1944)*, Barcelona, Virus.
- VIÑAS, Ángel (2021): *El gran error de la República. Entre el ruido de sables y la ineficacia del Gobierno*, Barcelona, Crítica.
- WINGEATE PIKE, David (2010): *Franco y el Eje Roma-Berlín-Tokio*, Madrid, Alianza.

AUGUSTO ASSÍA NA «BATALLA DE INGLATERRA»

Ramón Villares

Catedrático emérito da Universidade
de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/etragsgm.2022.007](https://doi.org/10.17075/etragsgm.2022.007)

Augusto Assía é o pseudónimo empregado por Felipe Fernández Armesto para asinar as súas crónicas e artigos de prensa durante máis de sesenta anos. A inmensa maioría deles foi publicada en *La Vanguardia*, un xornal fundado en 1881 pola familia Godó, na cidade de Barcelona. Nesta cabeceira foi onde naceu o nome literario adoptado por Fernández Armesto, coa súa primeira crónica enviada desde Berlín no mes de xullo de 1929, asinada cun nome extraído dunha obra literaria de Pío Baroja. Desde aquela data, comezou a historia particular do que Armesto chamaría «una asociación única dentro del periodismo español», isto é, a unión entre un medio de comunicación, unha familia que dirixía a empresa e un xornalista que escribiu milleiros de artigos de tema internacional ao longo de seis décadas. Durante catro desas seis décadas, aquelas crónicas foron escritas ao pé de obra desde diversos lugares do mundo e, máis concretamente, desde Berlín, Londres (en dúas etapas), Nova York e Bonn. El nunca foi un cronista de guerra, senón un analista que, desde lugares centrais da historia do século XX, pretendía facer intelixibles para os seus lectores os acontecementos vividos. Isto converteu a Augusto Assía no «príncipe» dos correspondentes españois, nun século en que a globalización da información experimentou un constante incremento.

Dado que este encontro está dedicado a analizar a relación coa Segunda Guerra Mundial, alén da posición estratéxica que puido representar o noroeste peninsular para os dous bloques bélicos, tamén abre a posibilidade de prestar atención a figuras galegas que pasaron en Inglaterra a contenda bélica. Algunhas fixérono na condición de exiliados políticos, entre os que se pode citar a Santiago Casares Quiroga ou a Salvador de Madariaga, cun protagonismo moi limitado. Outros tiveron maior relevancia, como Fernández Armesto, que, sendo xornalista de orixe galega, contou a Guerra Mundial nun xornal que se editaba en Barcelona. Armesto era xa, naquela altura, un xornalista de ampla experiencia, forxada en Galicia coas súas páxinas de temática universitaria en *El Pueblo Gallego* de Vigo ata 1929 e, despois, co seu ingreso en *La Vanguardia*, primeiro no Berlín da fase final da República de Weimar e de ascenso do nazismo e, desde 1933 a 1936, como xornalista no Londres que, alén de ser capital do Reino Unido, estaba a substituír a París ou Berlín como verdadeira cidade transnacional europea, capital dun extenso imperio e con estreitas relacións coa potencia emerxente, os Estados Unidos de América.

A actividade de Assía durante os anos da Guerra Mundial foi intensa e, sobre todo, permanente, como único correspondente de *La Vanguardia* que permaneceu toda a guerra no mesmo lugar. Por esta razón, vou reducir o período cronolóxico analizado aos primeiros anos da contenda, aqueles que se coñecen como a «batalla de Inglaterra», na que realmente fixo de engra na que petaban os pesados martelos dos bombardeos nazis. O método seguido vai ser o de contrastar a evolución da contenda coa orientación dos artigos escritos por Assía, deixando fóra da nosa ollada non só a segunda fase da guerra, senón tamén varios trazos biográficos daquel rapaz nacido na Mezquita, estudante universitario en Compostela e, desde 1928, lector da Universidade de Berlín e, ao pouco tempo, correspondente internacional. A súa biografía tivo varias fases e non pequenas zonas de ambigüidade, que o levaron a varias derivas ideolóxicas, desde un vago galeguismo a unha breve militancia comunista, para virar de novo cara a unha posición liberal que, durante a Guerra Civil española, xira en franca adhesión ao bando franquista. Despois de chegar a Londres por segunda vez, iría de novo virando cara a unha tenaz anglofilia que lle permitiu dotarse dunha identidade específica no contexto político español de entusiasta xermanofilia, polo menos ata que foi evidente que as potencias do Eixe perderían a guerra.

DE BARCELONA A LONDRES

Antes de se instalar en Londres por segunda vez, Assía desenvolve o seu traballo de analista internacional nas páxinas de *La Vanguardia* desde a redacción en Barcelona, tratando de lograr a cuadratura do círculo: que os rumbos cara á paz en Europa, xa anunciados pola vitoria militar de Franco, eran coincidentes cos que defendían Alemaña e Italia e que, ademais, as democracias occidentais estaban erradas na súa estratexia de entendemento co réxime soviético. Daqueles meses pasados en Barcelona, hai varios artigos de Assía que marcan algunhas liñas de interese, ao falar decote das bondades da política de «pacificación» proposta desde a reunión de Múnic en setembro de 1938. A palabra «paz» era daquela moi socorrida, ata o punto de que diversas visitas diplomáticas de líderes europeos, xeralmente do bloque nazi-feixista, son consideradas como xestións en favor da paz, como subliña o artigo de Assía «Fiebre viajera alrededor de Europa». Como contribución á

paz de Europa é interpretada a ocupación de Checoslovaquia por parte de Hitler, «sin pegar un solo tiro», engadindo unha mención ao tratado de Versalles, que «durante veinte años constituyó uno de los más graves y continuos peligros contra la paz» (LV, 16.3.1939). Esta era tamén a opinión da redacción de *La Vanguardia*, que, baixo o título de «Nota de actualidad», estaba ao coidado de Santiago Nadal. Nesta sección remáchase a interpretación poucos días máis tarde, ao insistir en que a desaparición de Checoslovaquia era xusta, en tanto creación artificial dos «estadistas demoliberales» nos tratados de paz da primeira contenda mundial (LV, 18.3.1939). En coherencia con esta interpretación está o enfoque que Augusto Assía fai dos pactos entre Alemaña e Italia, «un gran instrumento de paz» (LV, 23.5.1939), e, sobre todo, do pacto Ribbentrop-Mólotov, de agosto de 1939, que deixou pampa á opinión pública occidental pero que, en cambio, a prensa española saudaría con grande entusiasmo, tanto en Madrid como en Barcelona.

Para o experto de *La Vanguardia*, aquel acordo xermano-soviético supoñía a rotura da fronte política das democracias, que levaban tratando de asinar un acordo coa URSS durante catro meses e que agora, coma se fosen «muñecos del circo», quedaron totalmente noqueadas (LV, 23.8.1939). O prognóstico é claro, pero equivocado: da «paz forzada» estábase transitando cara a unha «paz tratada», tendendo deste modo un cordón sanitario ás tentativas bélicas en Europa, que, como é sabido, tardaron unha semana en desencadearse. As culpas foron cargadas sobre Polonia ao proceder á mobilización xeral, que, deste modo, creou unha «bóla de neve» que comezou a rodar ás poucas horas de que os lectores lesen este artigo en *La Vanguardia* (LV, 31.8.1939). O resto é o principio dunha guerra que ninguén sabía como evolucionaría pero que, desde a perspectiva do réxime franquista, estaba en concordancia coa política do Caudillo, de «paz» e de cruzada «antibolchevique». O propio xeneral Franco estaba tan persuadido pola ilusión da paz que, no mesmo día que Polonia estaba a ser invadida por Alemaña, asegurou nunha entrevista mantida co embaixador portugués Pedro Theotónio Pereira que, para a súa sorpresa, non habería guerra (Preston 1994: 423).

